DILIXENCIA.- Que se estende, de acordo co artigo 109 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, e art. 35.2 do ROM, para facer constar que a Xunta de Goberno Local que, de acordo co disposto no artigo 11.1 do Regulamento Orgánico Municipal, debería terse celebrado no día da data, non foi convocada pola alcaldía ao non existir asuntos a incluír na orde do día.

Teo, 2 de xaneiro de 2015

Vº e prace

A secretaria xeral, O alcalde acctal

Virginia Fraga Díaz Rafael C. Sisto Edreira

CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ACTA 1/15

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

-19 DE XANEIRO DE 2015 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 14:05 horas do día 19 de xaneiro de 2015, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do Sr. alcalde, D. Martiño Noriega Sánchez, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente:

D. Martiño Noriega Sánchez

Concelleiros/as:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

D.ª María do Carme Hermida Gulías

D. Angel Manuel Rey-Alvite Martínez

D.ª Maria Carmen Álvarez Garea

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

Arquitecto: D. Manuel Pueyo Varela

Secretaria acctal.: D.ª Mª Pilar Sueiro Castro, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1. **APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 01/12/14 E DO 15/12/2014**
2. **LICENZAS URBANÍSTICAS**
3. **CONTRATACIÓN: DEVOLUCIÓN GARANTÍA DEFINITIVA Á EMPRESA PEDRA SALGADA, S.L.**
4. **PROPOSTAS DA ALCALDÍA**
5. **ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o Sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 01/12/14 E DO 15/12/201

Acta da sesión ordinaria do día 1 de decembro de 2014

O Sr. alcalde pregúntalle aos/ás Sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 1 de decembro de 2014.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión ordinaria de 15 de decembro de 2014

O Sr. alcalde pregúntalle aos/ás Sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 15 de decembro de 2014.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

A) LICENZAS URBANÍSTICAS-PRIMEIRA OCUPACIÓN.

2.1.- Escrito presentado por **D. RICARDO SEOANE BALEATO,** en data 24.09.2014, con rexistro de entrada no Concello núm. 8.537, no que solicita licenza de primeira ocupación.

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 09.01.2015, o informe xurídico de Secretaría de data 15.01.2015, e demais documentos obrantes no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12 respectivamente)), acorda:

Primeiro.- Conceder a **RICARDO SEOANE BALEATO**, a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN (**expte O-431-01/2015**), para unha vivenda unifamiliar, situada en Feros, nº 75, parroquia de Cacheiras, segundo obras executadas en base á licenza municipal núm. 252/12 de data 05.11.2012.
A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Segundo.-Aprobar as seguintes liquidacións:
-Taxa pola expedición de licenza urbanística-primeira ocupación: 90,00 €.

3.- CONTRATACIÓN: DEVOLUCIÓN GARANTÍA DEFINITIVA Á EMPRESA PEDRA SALGADA, S.L.

Dáse conta, aos membros da Xunta de Goberno Local, da proposta da alcaldía de 13/01/2015 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada en data 03/12/2014 por D. José Angel González Cajaraville en representación da empresa PEDRA SALGADA SL, instando á devolución da garantía definitiva do contrato de servizos de mantemento de zonas axardiñadas asinado en data 14/10/2010.

Visto o informe do concelleiro de área de data 13/01/2015.

Visto o informe favorable á devolución formulado pola intervención municipal de data 13/01/2015.

Considerando o disposto no artigo 90 da Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público.

Propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

***Primeiro.**- Autorizar a cancelación da garantía definitiva por importe de 19.831,40,€, e, constituida para ó contrato de servizos de mantemento de zonas verdes asinado en data 14/10/2010 e proceder á súa devolución á empresa PEDRASALGADA SL.*

***Segundo**.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e de 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12, respectivamente), acorda:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía definitiva por importe de 19.831,40,€, e, constituida para ó contrato de servizos de mantemento de zonas verdes asinado en data 14/10/2010 e proceder á súa devolución á empresa PEDRASALGADA SL.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais."

4.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e quince minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde — A secretaria acctal.

Martiño Noriega Sánchez — Mª Pilar Sueiro Castro

CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ACTA 2/15

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

-2 DE FEBREIRO DE 2015 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 14:05 horas do día 2 de febreiro de 2015, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do Sr. alcalde, D. Martiño Noriega Sánchez, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente:

D. Martiño Noriega Sánchez

Concelleiros/as:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

D.ª María do Carme Hermida Gulías

D. Angel Manuel Rey-Alvite Martínez

D.ª Maria Carmen Álvarez Garea

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

Secretaria acctal.: D.ª Mª Pilar Sueiro Castro, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1. **APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 19/01/15**
2. **PROPOSTA DA ALCADÍA DE DEVOLUCIÓN DE AVAL URBANÍSTICO CONSTITUÍDO POR D. FERNANDO FREIRE VÁZQUEZ**
3. **PROPOSTAS DA ALCALDÍA**
4. **ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o Sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 19/01/15

Acta da sesión ordinaria do día 19 de xaneiro de 2015

O Sr. alcalde pregúntalle aos/ás Sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 19 de xaneiro de 2015.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- PROPOSTA DA ALCADÍA DE DEVOLUCIÓN DE AVAL URBANÍSTICO CONSTITUÍDO POR D. FERNANDO FREIRE VÁZQUEZ

Dáse conta, aos membros da Xunta de Goberno Local, da proposta da alcaldía de 23/01/2015 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a instancia presentada en data 10/11/2014 por D. Fernando Freire Vázquez, de devolución de garantía depositada para responder das obras de construcción dunha vivenda unifamiliar en Fixó-Calo.

Visto o informe do técnico municipal, de data 22/01/2015, segundo o cal as obras se atopan en correcto estado.

Visto o informe da intervención municipal, emitido en data 23/01/2015, favorable á devolución,

***PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos::*

***Primeiro**.- Autorizar a cancelación da garantía definitiva constituida por D. Fernando Freire Vázquez correspondente ás obras de construcción dunha vivenda unifamiliar en Fixó-Calo, por importe de **1.103,00 €,** devolvéndoselle a citada fianza ó interesado.*

***Segundo**.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e de 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12, respectivamente), acorda:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía definitiva constituída por D. Fernando Freire Vázquez correspondente ás obras de construción dunha vivenda unifamiliar en Fixó-Calo, por importe de 1.103,00 €, devolvéndoselle a citada fianza ó interesado.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

3.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e dez minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde — A secretaria acctal.

Martiño Noriega Sánchez — Mª Pilar Sueiro Castro

CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ACTA 3/15

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

-16 DE FEBREIRO DE 2015 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 14:05 horas do día 16 de febreiro de 2015, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do Sr. alcalde, D. Martiño Noriega Sánchez, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente:

D. Martiño Noriega Sánchez

Concelleiros/as:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

D. Angel Manuel Rey-Alvite Martínez

D.ª Maria Carmen Álvarez Garea

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

Non asisten, previa excusa:

D.ª María do Carme Hermida Gulías

Arquitecto: D. Manuel Pueyo Varela

Secretario: D. Fco. Javier Castiñeira Izquierdo, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 02/02/15

2. LICENZAS URBANÍSTICAS

3. PROPOSTAS DA ALCALDÍA

4. ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o Sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 02/02/15

O sr. alcalde pregunta aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 2 de febreiro de 2015.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos incorporados aos mesmos.

Vistos os informes xurídicos emitidos ao efecto e considerando que o marco legal vixente non esixe estar en posesión dunha determinada titulación académica ou profesional para informar os expedientes de solicitude de licenza e que a labor dos técnicos municipais na emisión de informes sobre licenzas urbanísticas de calquera tipo, non supón en ningún caso unha valoración sobre a calidade técnica dos proxectos ou das súas prescricións, senón so unha comprobación formal, unha interpretación dos planos e condicións, así como o seu contraste cos instrumentos urbanísticos aos que teña que axustarse.

De acordo co exposto a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12 respectivamente)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outorganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. A D. CARLOS LAVANDEIRA SERRAMITO, licenza para construción dunha vivenda unifamiliar e un garaxe en construcción auxiliar, a emprazar no polígono 503 e parcela 2046, Ref. Catastral:15083B503020460000SH, "Veiga de Requián", parroquia de Cacheiras, segundo proxecto redactado polo arquitecto Alfredo Garrote Pazos.

Expediente núm: **1/15**.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Alfredo Garrote Pazos, visado no Colexio Oficial de Arquitectos con data 15.07.2014 e documentación complementaria visada en datas 24.11.2014 e 22.01.2015.

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza, non podendo

interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31 do PXOM e 197 da LOUGA). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por un novo prazo non superior a seis meses, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcadía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.

- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles desperfectos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.

- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os desperfectos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos limiten o campo visual para contemplalas belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

b) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

c) Queda prohibida a publicidade estática que, polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: N-2 SOLO DE EXTENSIÓN DE NÚCLEO RURAL.
-Tipoloxía edificatoria: EDIFICACIÓN ILLADA.
-Usos: VIVENDA UNIFAMILIAR
-Arquitecto director das obras: Marta Maneiro González.
-Arquitecto técnico director: José Conde Martínez.
-Coordinador de seguridade e saúde: José Conde Martínez.
-Edificabilidade: 0,1665 m^2/m^2
-Altura máxima: PB (3,5 m)
-.Posición da edificación:
Ocupación máxima: 16,50 %
Recuamento á aliñación: >3,00 metros
Recuamento a lindeiros: 3 metros
Pendente máxima de cuberta: 6º
Altura do cumio: Non procede
Aproveitamento baixo cuberta: Non procede
Prazas de aparcamento: 2 prazas en garaxe
Edificacións auxiliares: -Uso garaxe
-Posición: Adosada a lindes laterais
-Ocupación máxima do conxunto das construcións auxiliares: 53 metros
-Presuposto: 88.900,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 1.778,00 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 93,12 €.

-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 1.991,12 euros.

2.2. A D. MIGUEL ÁNGEL ROMERO SÁEZ, licenza para construción dunha vivenda unifamiliar a emprazar na parcela nº 46, polígono 507, Ref. Catastral: 15083B507000460000SB, "Veiga de Castres", parroquia de Oza, segundo proxecto redactado polo arquitecto Javier Rodulfo Lafuente.

Expediente núm: **2/15**.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Javier Rodulfo Lafuente, visado no Colexio Oficial de Arquitectos con data 22.09.2014 e documentación complementaria visada en datas 14.11.2014, 22.01.2015 e 09.02.2015.

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31 do PXOM e 197 da LOUGA). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por un novo prazo non superior a seis meses, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcadía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.

- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles desperfectos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.

- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os desperfectos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos limiten o campo visual para contemplalas belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

b) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

c) Queda prohibida a publicidade estática que, polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: N-2 SOLO DE EXTENSIÓN DE NÚCLEO RURAL.
-Tipoloxía edificatoria: EDIFICACIÓN ILLADA.

-Usos: VIVENDA UNIFAMILIAR
-Arquitecto director das obras: Javier Rodulfo Lafuente.
-Arquitecto técnico director: Alexandre Marcos Rodríguez.
-Coordinador de seguridade e saúde: Alexandre Marcos Rodríguez.
-Edificabilidade: 0,106 m^2/m^2 (sc=141,10 m^2)
-Altura máxima: PB (3,55 m)
-.Posición da edificación:
Ocupación máxima: 10,65 % (sc=141,10 m^2)
Recuamento á aliñación: >3,00 metros
Recuamento a lindeiros: >3 metros
Pendente máxima de cuberta: 25º
Altura do cumio: <4 metros
Aproveitamento baixo cuberta: Non procede
Prazas de aparcamento: Espazo suficiente en parcela
-Presuposto: 67.157,29 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 1.343,15 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 1.523,15 euros.

2.3. A GAS GALICIA SDG, S.A., e no seu nome e representación a D. ANDRÉS MONTERO DOPICO, licenza para ampliación de rede con dúas acometidas de gas natural, na rúa Irmáns Liste Forján 6 - 16.

Expediente núm: **3/15.**

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Construirase de acordo coa memoria presentada o 28.10.2014 (rex. entrada nº 9.795), coas características técnicas descritas; sección de zanxa, materiais, etc.

-A separación da condución con outras instalacións será como mínimo de 0,20 m. en cruces e 0,40 m. en paralelo para a Media Presión A e de 0,10 m. en cruces e 0,40 en paralelo para Media Presión B e Baixa Presión.

-Repoñerá tódolos servizos afectados así como o pavimento e beirarrúas en idénticas condicións que o existente.

-Figura no expediente aval bancario presentado o 25.11.2014 (rex. entrada nº 10.848) como garante á reposición dos bens municipais afectados por importe de 600,00 €.

-Figura no expediente informe vinculante favorable do titular da estrada N-550 (rex. entrada nº 850 de data 06.02.2015).

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza (Art. 31 do PXOM), non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo

prazo non superior a seis meses (art. 31.1 do PXOM), logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

-Dará cumprimento das normas xerais que indica o capitulo II do PXOM e da ordenanza específica para este tipo de solo. Solo urbano consolidado e do informe da Demarcación de Estradas do Estado (Ministerio de Fomento).

-Dará cumprimento estrito das medidas de seguridade e saúde en execución de obras que indica a normativa actualmente vixente.

-Presuposto: 10.572,72 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 211,45 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.
Total: 271,45 euros.

A) LICENZAS URBANÍSTICAS-PRIMEIRA OCUPACIÓN.
2.4.- Escrito presentado por **FERNANDO FREIRE VÁZQUEZ,** en data 10.11.2014, con rexistro de entrada no Concello núm. 10.303, no que solicita licenza de primeira ocupación.

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 22.01.2015, o informe xurídico de Secretaría de data 11.02.2015, e demais documentos obrantes no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12 respectivamente)), acorda:

Primeiro.- Conceder a **FERNANDO FREIRE VÁZQUEZ,** a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN (**expte O-432-02/2015**), para unha vivenda unifamiliar, emprazada en Fixó, nº 75, parroquia de Calo, segundo obras executadas en base á licenza municipal núm. 68/08 de data 17.03.2008.
A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Segundo.-Aprobar as seguintes liquidacións:

-Taxa pola expedición de licenza urbanística-primeira ocupación: 90,00 €.
-Diferenza entre o presuposto inicial e o presuposto final: 52,00 €.

2.5.- Escrito presentado por **CARLA FREIRE CHÁVEZ,** en representación de **TENTE CONSTRUCCIONES MODULARES S.L.,** en data 27.01.2015, con rexistro de entrada no Concello núm. 579, no que solicita licenza de primeira ocupación.

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 13.02.2015, o informe xurídico de Secretaría de data 11.02.2015, e demais documentos obrantes no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12 respectivamente)), acorda:

Primeiro.- Conceder a **CARLA FREIRE CHÁVEZ,** en representación de **TENTE CONSTRUCCIONES MODULARES S.L.,** a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN (**expte O-433-03/2015**), para unha vivenda unifamiliar, emprazada na parcela 4, A Igrexa, nº 29, parroquia de Luou, segundo obras executadas en base á licenza municipal núm. 254/13 de data 02.12.2013 (concedida para construción de dúas vivendas unifamiliares adosadas).
A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Segundo.-Aprobar as seguintes liquidacións:
-Taxa pola expedición de licenza urbanística-primeira ocupación: 90,00 €.

B) LICENZAS URBANÍSTICAS-PRÓRROGA.

2.6.- Dada conta do escrito asinado por **MATILDE MUNÍN MUNÍN e JUAN MANUEL PUGA LOSADA**, de data 23.10.2014, con rexistro de entrada no Concello núm. 9.543, no que solicitan prórroga da licenza urbanística con expediente núm. 227/11, que lle concedera a Xunta de Goberno Local en sesión de data 17 de outubro de 2011, para construción dunha vivenda unifamiliar na parcela nº 312-E, A Torre, parroquia de Cacheiras.

Visto o informe do estado actual das obras emitido polo arquitecto técnico municipal en data 05.02.2015, o informe xurídico de Secretaría de data 12.02.2015 e demais documentos obrantes no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12 respectivamente)) acorda:

Primeiro.- Conceder a MATILDE MUNÍN MUNÍN e JUAN MANUEL PUGA LOSADA, (**expte. P-1/2015**), a prórroga solicitada por un novo prazo non superior a tres anos, en base ao artigo 31 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Teo e o artigo 197 da Lei 9/2002, sobre ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, xunto coas posteriores modificacións coa Lei 15/2004, 2/2010, 8/2012 e 9/2013.

Segundo.- Que se notifique este acordo aos interesados para o seu coñecemento e efectos.

2.7.- Dada conta do escrito asinado por **MANUEL ARTURO GARCÍA MOURE**, de data 16.12.2014, con rexistro de entrada no Concello núm. 11.410, no que solicitan prórroga da licenza urbanística con expediente núm. 2/12, que lle concedera a Xunta de Goberno Local en sesión de data 2 de xaneiro de 2012, para construción dunha vivenda unifamiliar en Mouromorto, parroquia de Calo (Ref. Catastral: 15083B50800982A).

Visto o informe do estado actual das obras emitido polo arquitecto técnico municipal en data 05.02.2015, o informe xurídico de Secretaría de data 12.02.2015 e demais documentos obrantes no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12 respectivamente)) acorda:

Primeiro.- Conceder a MANUEL ARTURO GARCÍA MOURE, (**expte. P-2/2015**), a prórroga solicitada por un novo prazo non superior a tres anos, en base ao artigo 31 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Teo e o artigo 197 da Lei 9/2002, sobre ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, xunto coas posteriores modificacións coa Lei 15/2004, 2/2010, 8/2012 e 9/2013.

Segundo.- Que se notifique este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

2. PROPOSTAS DA ALCALDÍA

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

3. ROGOS E PREGUNTAS

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e vinte minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende acta, do que eu, secretario dou fe.

O alcalde — O secretario

Martiño Noriega Sánchez — Fco. Javier Castiñeira Izquierdo

CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ACTA 4/15

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

-2 DE MARZO DE 2015 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 14:00 horas do día 2 de marzo de 2015, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do Sr. alcalde, D. Martiño Noriega Sánchez, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente:

D. Martiño Noriega Sánchez

Concelleiros/as:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

D.ª María do Carme Hermida Gulías

D. Angel Manuel Rey-Alvite Martínez

D.ª Maria Carmen Álvarez Garea

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

Arquitecto: D. Manuel Pueyo Varela

Secretario: D. Fco. Javier Castiñeira Izquierdo, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1. **APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 16.02.15**
2. **LICENZAS URBANÍSTICAS**
3. **PROPOSTAS DA ALCALDÍA**
4. **ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o Sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 16.02.15

O Sr. alcalde pregúntalle aos/ás Sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 16 de febreiro de 2015.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos incorporados aos mesmos.

Vistos os informes xurídicos emitidos ao efecto e considerando que o marco legal vixente non esixe estar en posesión dunha determinada titulación académica ou profesional para informar os expedientes de solicitude de licenza e que a labor dos técnicos municipais na emisión de informes sobre licenzas urbanísticas de calquera tipo, non supón en ningún caso unha valoración sobre a calidade técnica dos proxectos ou das súas prescricións, senón so unha comprobación formal, unha interpretación dos planos e condicións, así como o seu contraste cos instrumentos urbanísticos aos que teña que axustarse.

De acordo co exposto a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12 respectivamente)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outorganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. A D. DIEGO CAJARAVILLE LOUREIRO, licenza para construción dunha vivenda unifamiliar illada, a emprazar en "Toxeira do Canto", núcleo de Rial do Mato, parroquia de Raris, Ref. Catastral:15083D510051560000MB, segundo proxecto redactado polo arquitecto Javier Rodulfo Lafuente.
Expediente núm: **4/15**.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Javier Rodulfo Lafuente, visado o proxecto de execución no Colexio Oficial de Arquitectos con data 19.03.2014 e documentación complementaria visada en datas 27.08.2014, 08.10.2014, 24.11.2014, 27.01.2015 e 25.02.2015.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza, non podendo

interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31 do PXOM e 197 da LOUGA). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por un novo prazo non superior a seis meses, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcadía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles desperfectos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os desperfectos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos limiten o campo visual para contemplalas belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

b) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

c) Queda prohibida a publicidade estática que, polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: N-2 SOLO DE EXTENSIÓN DE NÚCLEO RURAL.
-Tipoloxía edificatoria: EDIFICACIÓN ILLADA.
-Usos: VIVENDA UNIFAMILIAR
-Arquitecto director das obras: Javier Rodulfo Lafuente.
-Arquitecto técnico director: Alexandre Marcos Rodríguez.
-Coordinador de seguridade e saúde: Alexandre Marcos Rodríguez.
-Edificabilidade: 0,298 m^2/m^2 (sc=267,33 m^2)
-Altura máxima: SS+B+1 (6,78 m)
-.Posición da edificación:
Ocupación máxima: 16,03 % (so=143,84 m^2 obtida plano 01.01)
Recuamento á aliñación: >3,00 metros
Recuamento a lindeiros: >3 metros
Pendente máxima de cuberta: 21º
Altura do cumio: =4 m
Aproveitamento baixo cuberta: A planta 1 desenvólvese baixo o plano da cuberta
Prazas de aparcamento: 2 prazas
-Presuposto: 144.430,93 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 2.888,62 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 237,73 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 3.246,35 euros.

2.2. A D. BENITO PÉREZ ALONSO, en representación de **COMUNIDADE DE PROPIETARIOS RÚA CARBALLO, Nº 5, OS TILOS,** licenza para instalación de dous ascensores no edificio de vivendas sito na rúa Carballo, nº 5, Urbanización Os Tilos, parroquia de San Francisco de Asis, segundo proxecto redactado pola arquitecta Cruz Louzao Pernas.
Expediente núm: **5/15**.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado pola arquitecta Cruz Louzao Pernas, visado no Colexio Oficial de Arquitectos con data de 10.10.2014 e documentación complementaria visada o 26.12.2014 e 24.02.2015.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non pudendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión do prazo determinado, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, contratista e o técnico municipal designado.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcadía-Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles desperfectos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co

proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os desperfectos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico-artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos limiten o campo visual para contempla-las belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

b) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

c) Queda prohibida a publicidade estática que, polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

-Presuposto: 128.907,56 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 2.578,15 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

-. Cartel indicador: 120,00 €.

Total: 2.758,15 euros.

2.3. A D. XOÁN XOSÉ GARCÍA MURAS, en representación de **IRMÁNS GARCÍA MURAS,** licenza para segregación (dúas parcelas) da finca nº 126 do plano de concentración parcelaria da parroquia de Bamonde, situada en Tribaldes, segundo proxecto técnico redactado por Roberto Castro Rocamonde.

Expediente núm: **6/15**.

Superficie finca matriz: 22.355,00 m^2

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 06.11.2014 (rex. entrada nº 10.210), redactado por Roberto Castro Rocamonde, xunto coa documentación presentada o 28.10.2014 (rex. entrada nº 9.776), respectando as condicións da ordenanza de Solo rústico de protección de espazos naturais correspondente a Lei 9/2002 coas súas modificacións.

-Dará cumprimento das condicións que indica o artigo 206 da LOUGA, sobre compromiso de non edificar nas parcelas rústicas resultantes.

-As fincas matriz e resultantes son as seguintes, segundo datos do proxecto:

Finca 126-A:	10.629,00 m^2
Finca 126-matriz:	11.726,00 m^2

-Actualizará os datos catastrais das fincas resultantes.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 120,00 €.

2.4. A D. XOÁN XOSÉ GARCÍA MURAS, en representación de **IRMÁNS GARCÍA MURAS,** licenza para segregación (oito parcelas) da finca nº 137 do plano de concentración parcelaria da parroquia de Bamonde, situada en Tribaldes, segundo proxecto técnico redactado por Roberto Castro Rocamonde.
Expediente núm: **7/15**.

Superficie finca matriz: 11.845,00 m^2

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 05.12.2014 (rex. entrada nº 11.130), redactado por Roberto Castro Rocamonde, respectando as aliñacións e condicións da ordenanza de Solo de expansión de núcleo rural, solo de núcleo rural e solo rústico correspondente ao Plan Xeral do Concello de Teo e de acordo coa lexislación vixente.
-Respectaranse as vías públicas e servidumes existentes.
-As parcelas resultantes que indica o proxecto presentado son:

Finca 137 -matriz:	3.920,00 m^2 (superficie neta: 3.718,00 m^2)
Finca 137-1:	2.916,00 m^2 (finca rústica R-2)
Finca 137-2:	994,00 m^2 (superficie neta: 933,00 m^2)
Finca 137-3:	896,00 m^2 (superficie neta: 834,00 m^2)
Finca 137-4:	909,00 m^2 (superficie neta: 858,00 m^2)
Finca 137-5:	785,00 m^2 (superficie neta: 642,00 m^2)
Finca 137-6:	661,00 m^2 (superficie neta: 617,00 m^2)
Finca 137-7:	764,00 m^2 (superficie neta: 706,00 m^2)

-Actualizará os datos catastrais das fincas resultantes.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 480,00 €.

2.5. A D. MANUEL VÁZQUEZ REY, licenza para segregación (cinco parcelas) da finca nº 205 do plano de concentración parcelaria da parroquia de Bamonde, situada en Bamonde, segundo proxecto técnico redactado por Juan Manuel Reyes Salgado.
Expediente núm: **8/15**.

Superficie finca matriz: 2.750,00 m^2

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 12.12.2014 (rex. entrada nº 11.327), redactado por Juan Manuel Reyes Salgado, respectando as aliñacións e condicións da ordenanza de Solo de núcleo rural tradicional correspondente ao Plan Xeral do Concello de Teo e de acordo coa lexislación vixente.
-As parcelas resultantes que indica o proxecto presentado son:

Finca 205 -matriz:	524,00 m^2 (superficie neta: 480,00 m^2)
Finca 205-1:	567,00 m^2 (superficie neta: 480,00 m^2)
Finca 205-2:	587,00 m^2 (superficie neta: 565,00 m^2)
Finca 205-3:	536,00 m^2 (superficie neta: 518,00 m^2)
Finca 205-4:	536,00 m^2 (superficie neta: 518,00 m^2)

-Actualizará os datos catastrais das fincas resultantes.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 300,00 €.

2.6. A Dª. MERCEDES ROSALIA FANDIÑO PAZOS e a D. MARIO FANDIÑO PAZOS, licenza para segregación (cinco parcelas) da finca nº 668 do plano de concentración parcelaria da parroquia de Recesende, situada en Tarrio e agrupación de unha parte da finca nº 669, segundo proxecto técnico redactado por Brígida García Couto.
Expediente núm: **9/15**.

Superficie finca matriz: 8.470,00 m^2

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 16.12.2014 (rex. entrada nº 11.411), redactado por Brígida García Couto, respectando as aliñacións e condicións da ordenanza de Solo de expansión de núcleo rural correspondente ao Plan Xeral do Concello de Teo e de acordo coa lexislación vixente.
Agregarase a parcela resultante 668-A1 coa finca 669, formando unha única finca.
-Respectaranse as vía públicas.
-As parcelas resultantes que indica o proxecto presentado son:

Finca 668-A1:	544,10 m^2 (superficie neta: 511,10 m^2), para agregar á nº 669
Finca 668-A:	1.614,47 m^2 (superficie neta: 1.460,57 m^2)
Finca 668-B:	3.179,80 m^2 (superficie neta: 2.994,30 m^2)
Finca 668-C:	1.509,23 m^2 (superficie neta: 1.427,73 m^2)
Finca 668-D:	1.582,40 m^2 (superficie neta: 1.500,90 m^2)

-Actualizará os datos catastrais das fincas resultantes.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 300,00 €.

2.7. A GAS GALICIA SDG, S.A., e no seu nome e representación a D. ANDRÉS MONTERO DOPICO, licenza para obras de unha acometida directa sobre canalización existente de gas natural, en Concepción Arenal, nº 17, Parque Montouto.

Expediente núm: **10/15.**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Construirase de acordo coa memoria presentada o 30.12.2014 (rex. entrada nº 11.723), coas características técnicas descritas; sección de zanxa, materiais, etc.
-A separación da condución con outras instalacións será como mínimo de 0,20 m. en cruces e 0,40 m. en paralelo para a Media Presión A e de 0,10 m. en cruces e 0,40 en paralelo para Media Presión B e Baixa Presión.
-Repoñerá tódolos servizos afectados así como o pavimento e beirarrúas en idénticas condicións que o existente.
-Figura no expediente aval bancario presentado o 04.02.2015 (rex. entrada nº 780) como garante á reposición dos bens municipais afectados por importe de 100,00 €.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza (Art. 31 do PXOM), non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior a seis meses (art. 31.1 do PXOM), logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
-Dará cumprimento das normas xerais que indica o capitulo II do PXOM e da ordenanza específica para este tipo de solo. Solo urbano consolidado.
-Dará cumprimento estrito das medidas de seguridade e saúde en execución de obras que indica a normativa actualmente vixente.
-Presuposto: 320,40 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 6,41 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.
Total: 66,41 euros.

A) LICENZAS URBANÍSTICAS-TRÁMITE DE EXCEPCIONALIDADE
2.8.- Vista a documentación presentada por **D. BENITO PÉREZ ALONSO,** en representación de **COMUNIDADE DE PROPIETARIOS RÚA CARBALLO, Nº 5, OS TILOS**, de data 30.12.2014 (rex. de entrada nº 11.718) para modificado do "Proyecto básico y de ejecución para instalación de dos ascensores en edificio de viviendas", visado en data 26.12.2014, incluíndo, baixo o epígrafe 05.1.b, a "Memoria de determinaciones de las NHV 29/2010. Trámite de excepción", e

documentación complementaria presentada o 27.02.2015 (rex. de entrada nº 1.204), relativa á solicitude expresa do trámite de excepcionalidade regulado no anexo II do Decreto 29/2010, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia, en consoancia coa solicitude presentada o 18.11.2014 (rex. de entrada nº 10.500), para instalación de dous ascensores no edificio nº 5 da rúa Carballo, Urbanización Os Tilos, parroquia de San Francisco de Asis

Visto o informe emitido polo arquitecto municipal en data 20.02.2015 que se transcribe a continuación:

*""***ANTECEDENTES**
- O 30.12.2014 ten entrada no rexistro do Concello de Teo (E:11718) documentación para modificado do "Proyecto básico y de ejecución para instalación de dos ascensores en edificio de viviendas". O citado modificado está visado en data 26.12.2014. Dentro da mesma se inclúe, baixo o epígrafe 05.1.b, a "Memoria de determinaciones de las NHV 29/2010. Trámite de excepción".

- Segundo o punto 2 do artigo 16 do D 29/2010, que regula o procedemento do trámite de excepción, a solicitude por parte do promotor deberá ir acompañada da seguinte documentación mínima:

"*a) Anteproxecto, proxecto básico ou proxecto básico e de execución elaborado por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente que recolla o estado actual da edificación, ou o plano do soar nos casos que fai referencia o artigo 7, e a proposta de intervención.*

b) Memoria elaborada polo autor do proxecto en que se recolla a relación detallada das determinacións destas normas que se incumpren nel e a xustificación dos motivos que imposibilitan ou aconsellan o seu incumprimento."

Se xustifican, en consecuencia, as esixencias documentais para esta tramitación ao constar a presentación do "Proyecto básico y de ejecución para instalación de dos ascensores en edificio de viviendas" visado o 10.10.2014 e o antedito modificado do proxecto coa correspondente memoria.
- Segundo o punto 3 do artigo 16 do D 29/2010 "*O concello resolverá e notificará no prazo máximo de 6 meses sobre a autorización da excepcionalidade á vista do informe elaborado polo técnico municipal competente. A resolución deberá estar convenientemente motivada e nela deberán indicarse expresamente as condicións da NHV-2010 cuxo cumprimento se exceptúa a aquelas outras para as que, figurando na solicitude achegada, non se considera xustificado autorizar a excepcionalidade ao seu cumprimento.*" En consecuencia, se emite o presente informe aos efectos referidos no antedito punto.

INFORME

Para dar cumprimento ao fin deste informe se procede a transcribir cada punto dos que o promotor solicita a aplicación do trámite de excepción e a xustificación declarada así como a valoración técnica correspondente en relación a súa estimación ou desestimación.

- Punto nº1: I.B.3.1.3. PORTAL. Áreas de acceso a ascensores e escaleiras
" *Esta zona tendrá un ancho libre mínimo de 1,50 m en toda su extensión, y además, en su planta, deberá admitir la inscripción de un rectángulo de dimensiones mínimas 2,20 m x 1,50 m deberá, además, tener una altura libre mínima de 2,40 m.*

Tal y como se puede observar en la documentación gráfica, la instalación se realiza de la manera más adecuada, ya que no interfiere en las zonas privadas de las viviendas y no supone alteración alguna de la estructura principal de vigas y pilares de la edificación existente. Si se realizase un paso continuo con un ancho libre supondría la necesidad de invadir las viviendas existentes o diseñar otra solución que, debido a la necesidad de que ascensor y pasillos sobrepasen la crujía. Daría lugar a un volumen que arrojaría sombras sobre ciertas estancias de las viviendas.
La solución adoptada cumple las condiciones de accesibilidad marcadas por el decreto 35/2000 y por el DB-SUA-9, por lo que asegura una de las finalidades de instalación del ascensor."

O incumprimento se limita ao mantemento do largo mínimo de 1,5m en toda a súa extensión. Este feito é ocasionado polo mantemento da dimensión da cruxía da actual caixa de escaleiras. Se comparte a decisión da arquitecta entendendo que outras opcións onde se ampliara esta dimensión da caixa afectarían á superficie útil das vivendas anexas. Se considera oportuna, en consecuencia, a aplicación do trámite de excepción a este punto.

- Punto nº2: I.B.3.2.I. ESCALEIRAS. Dimensionamento.
"*a) El ancho libre mínimo entre paramentos para una escalera de un tramo será de 1,20 m y, si es de dos tramos será de 2,20 m, y la altura mínima será de 2,20 m.*
b) El ancho libre mínimo de escalones será de 1,00 m y las dimensiones libres de intermedios o descansillos, cuando no sirvan de acceso a pasillos de distribución, serán iguales al ancho libre mínimo del escalón.
Únicamente se incumple lo anteriormente descrito en el tramo de escalera que une la planta semisótano y baja. Se debe a la necesidad de construir un paramento opaco para dar cumplimiento a las exigencias de la normativa de seguridad en caso de incendio, ya que se debe diseñar un vestíbulo de independencia.
Si se realizase una escalera con el tamaño indicado en esta zona, supondría la merma de superficie de algunas de las plazas de aparcamiento, que las dejaría inservibles. Se debe tener en cuenta que este tramo de escalera cumple con la normativa en materia de incendios y de seguridad de utilización. No constituye un recorrido de evacuación, existiendo otras alternativas."

A escalera proxectada é de un tramo. En todas as plantas se incumpre o largo mínimo entre paramentos enfrontados de 1,20m – Sendo de 1m en todas es plantas salvo a da planta de garaxe onde se reduce á 0,90m- Asemade se incumpre o punto b) no tramo de escaleira da planta de garaxe, onde non se acada o largo de 1,00m - a dimensión queda en 90cm-. Este feito é ocasionado polo mantemento da dimensión da cruxía da actual caixa de escaleiras. Outras opcións de deseño alternativas poderían afectar negativamente ás condicións de habitabilidade existentes tanto na planta de aparcamento - superficie das prazas de estacionamento - coma nas restantes plantas - superficie das vivendas, condicións de iluminación de estancias e cociñas-. En consecuencia, se considera oportuna a aplicación do trámite de excepción a este punto.

- Punto nº3: I.B.3.3 Espazos de comunicación.
"*b) En cada planta deberá existir un espacio libre de obstáculos donde se pueda inscribir un rectángulo de dimensiones mínimas 2,20 m x 1,50 m. Además, el ancho libre mínimo entre paramentos enfrentados será de 1,20m.*
Se cumple la primera condición. En relación con la segunda se produce algún estrechamiento puntual debido a la necesidad de poner un pie derecho para sujetar la losa que conforma el

rellano de la escalera de un tramo, necesario para cumplir las condiciones de seguridad de utilización del CTE. La justificación es similar, a las anteriores, debido a la crujía preexistente, que solo es de 2,20 metros libres y que la variación de ésta supone soluciones complejas y menos adecuadas (modificación de las viviendas o mayores volumetrías que arrojarían sombras). En ningún caso la solución adoptada merma las condiciones de accesibilidad, salubridad de las viviendas, seguridad de utilización de estos espacios de comunicación, ni riesgos en caso de incendio."

A primeira condición non se cumpre na planta baixo cuberta – quedando un espazo de 2,20m x1,5m e o ancho entre paramentos enfrontados de 1,20m só se cumpre no largo da planta de aparcamento a excepción do estreitamento puntual provocado polo piar metálico. Este feito é ocasionado polo mantemento da dimensión da cruxía da actual caixa de escaleiras. Outras opcións de deseño alternativas poderían afectar negativamente ás condicións de habitabilidade existentes tanto na planta de aparcamento - superficie das prazas de estacionamento - coma nas restantes plantas - superficie das vivendas, condicións de iluminación de estancias e cociñas-. En consecuencia se considera oportuna a aplicación do trámite de excepción a este punto.

-Punto nº4: I.B.3.4. Ascensores.

"*e) Si existe garaje y/o trasteros en los sótanos del edificio o trasteros en bajo cubierta, estarán comunicados con el resto de las plantas a través del ascensor.*
En el caso del proyecto que nos ocupa, comunicar los trasteros mediante ascensor, supone la creación de un volumen desproporcionado.
El edificio está situado en uno de los límites de la urbanización de Os Tilos, en la zona alta de la urbanización y en una calle con pendiente. Debido a esta ubicación, el edificio, tiene una fuerte presencia desde la zona situada al norte, de carácter rural, donde predominan las viviendas que como máximo alcanzan dos alturas.
La solución propuesta no supone impacto alguno, ya que la línea de cumbrera de la cubierta actual no se ve modificada. Por el contrario, si se hubiese optado por llevar el ascensor hasta la planta bajo cubierta, la cubrición del ascensor con su correspondiente espacio de seguridad, supondría elevar el punto más alto del edificio, sobrepasando la cumbrera actual. Supondría por lo tanto incumplir el articulo 104.b) de la ley 9/2002, que indica que "en los lugares de paisaje abierto... no se permitirá que la ubicación, masa o altura de las construcciones... que limiten el campo visual.., el campo visual"
La solución que se propone, supone la adecuación a volumétrica, estética y de acabados más respetuosa con la edificación prexistente, generando un volumen armónico, donde los nuevos cuerpos que albergan los ascensores, se integran sin pasar a adquirir un impacto visual en el entorno."

A non aplicación da excepcionalidade a esta cuestión ocasionaría o incumprimento do art. 102.6 "Cubertas e construcións por riba da altura" do Plan Xeral de Teo. O volume xerado superaría as limitacións estabrecidas, sobresaíndo do plano de 30º dende a horizontal, arrincando da cota de cornixa. Calquera outra opción de inserción do ascensor que permitira situar a súa caixa dentro do volume permitido na planta baixo cuberta implicaría importantes afeccións ás condicións superficiais tanto das plantas de vivenda coma da planta de aparcamento. En consecuencia se considera oportuna a aplicación do trámite de excepción a este punto.

Para o cumprimento do establecido no art. 17 do D29/2010 se deberá dar traslado semestralmente á Dirección Xeral do IGVS da relación de expedientes de excepcionalidade tramitados, que incluirá:

a) A solicitude de excepcionalidade xunto coa documentación que a acompaña
b) A resolución emitida polo concello.*”””*

En virtude do exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12 respectivamente)), acorda:

Primeiro.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, de 4 de marzo, de acordo co previsto no artigo 16 e no anexo II do citado Decreto, solicitada por **D. BENITO PÉREZ ALONSO,** en representación de **COMUNIDADE DE PROPIETARIOS RÚA CARBALLO, Nº 5, OS TILOS**, para instalación de dous ascensores no edificio nº 5 da rúa Carballo, Urbanización Os Tilos, parroquia de San Francisco de Asis, en base ao informe emitido polo arquitecto municipal en data 20.02.2015, anteriormente transcrito.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, xunto coa documentación á que se refire o artigo 17.2 do Decreto 29/2010, de 4 de marzo, no prazo máximo de seis meses.

Terceiro.- Notificar este acordo aos interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

B) LICENZAS URBANÍSTICAS-CAMBIO DE TITULARIDADE
TOMA DE COÑECEMENTO

2.9.- Dada conta do escrito presentado por D. JOSÉ CARAMÉS CONDE, de data 25.02.2015, con rexistro de entrada no Concello núm. 1.161, asinado por el mesmo que coa sinatura de conformidade de Dª. Mª Lourdes Leborán Guldrís, no que solicita o cambio de titularidade da licenza urbanística nº 255/05, que lle fora concedida a Dª. María Lourdes Leborán Guldrís, pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 19 de agosto de 2005, para construción dunha vivenda unifamiliar na finca nº 1155, en Socastro, parroquia de Calo, pasando ao seu nome.

En virtude do exposto e visto o informe xurídico emitido ao efecto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12 respectivamente)), acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento do cambio de titularidade da licenza urbanística nº 255/05, pasando a nome de **D. JOSÉ CARAMÉS CONDE** (**expte. CTO-1/2015**), debendo suxeitarse ás mesmas condicións baixo as que foi concedida a primitiva licenza.
O cambio de titularidade da licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Segundo.- Notificar este acordo aos interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

3.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e dez minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende acta, do que eu, secretario dou fe.

O alcalde — O secretario

Martiño Noriega Sánchez — Fco. Javier Castiñeira Izquierdo

ACTA 5/15

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

-16 DE MARZO DE 2015 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 14:00 horas do día 16 de marzo de 2015, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do Sr. alcalde, D. Martiño Noriega Sánchez, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente:

D. Martiño Noriega Sánchez

Concelleiros/as:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

D.ª María do Carme Hermida Gulías

D. Angel Manuel Rey-Alvite Martínez

D.ª Maria Carmen Álvarez Garea

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

Arquitecto: D. Manuel Pueyo Varela

Interventora: D.ª Mónica I. Lado Varela

Secretario: D. Javier Castiñeira Izquierdo, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1. **APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 02/03/15**
2. **LICENZAS URBANÍSTICAS**
3. **PROPOSTA DA ALCADÍA DE DESESTIMACIÓN DE DEVOLUCIÓN DO I.C.I.O. A Dª. ANA MARÍA GARCÍA CENDÓN**
4. **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DO AVAL URBANÍSTICO CONSTITUÍDO POR D. CARLOS CONDE MIRANDA**
5. **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DO AVAL URBANÍSTICO CONSTITUÍDO POR D. SERGIO RUIBAL VÁZQUEZ**

6. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DO AVAL URBANÍSTICO CONSTITUÍDO POR Dª. MARÍA EMMA MOURE VÁZQUEZ

7. PROPOSTAS DA ALCALDÍA

8. ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o Sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 02/03/15

O Sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 2 de marzo de 2015.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos incorporados aos mesmos.

Vistos os informes xurídicos emitidos ao efecto e considerando que o marco legal vixente non esixe estar en posesión dunha determinada titulación académica ou profesional para informar os expedientes de solicitude de licenza e que a labor dos técnicos municipais na emisión de informes sobre licenzas urbanísticas de calquera tipo, non supón en ningún caso unha valoración sobre a calidade técnica dos proxectos ou das súas prescricións, senón so unha comprobación formal, unha interpretación dos planos e condicións, así como o seu contraste cos instrumentos urbanísticos aos que teña que axustarse.

De acordo co exposto a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12 respectivamente)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. A D. DANIEL VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ, licenza para reforma da cuberta de edificación auxiliar existente en A Devesa, nº 19, parroquia de Cacheiras, segundo proxecto redactado polo arquitecto Antonio Sabucedo Costa.
Expediente núm: **11/15**.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Antonio Sabucedo Costa, visado no Colexio Oficial de Arquitectos con data 18.11.2014 e anexos visados en datas 15.01.2015 e 02.03.2015.
Figura no expediente certificado da antigüidade da construción auxiliar asinado polo arquitecto e polo titular da edificación en data 12.03.2015.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31 do PXOM e 197 da LOUGA). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por un novo prazo non superior a seis meses, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcadía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico artísticas, típicos ou tradicionais e nas

inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos limiten o campo visual para contemplalas belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

b) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

c) Queda prohibida a publicidade estática que, polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

- Ao tratarse dun edificio fóra de ordenación, a concesión da licenza se fará constar no Rexistro da Propiedade, mediante nota ao marxe da última inscrición de dominio da finca correspondente, de acordo co artigo 76 do R.D. 1093/1997, do 4 de xullo, acreditando debidamente este extremo ante o concello. A citada nota marxinal terá, segundo o artigo 73 do citado Regulamento, vixencia indefinida.

-Clasificación do solo: SOLO DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL (ORDENANZA N-1).
-Arquitecto director das obras: Antonio Sabucedo Costa.
-Arquitecto técnico director: Arturo Miguel Para García.
-Coordinador de seguridade e saúde: Arturo Miguel Para García.
-Presuposto: 5.500,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 110,00 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 290,00 euros.

2.2. A Dª. JOSEFINA RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, licenza para segregación (tres parcelas) da finca nº 851 do plano de concentración parcelaria da parroquia de Calo, situada en Folgueiras, segundo proxecto técnico redactado por Juan Carlos Vilariño Santos.
Expediente núm: **12/15**.

Superficie finca matriz: 3.495,00 m^2

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 18.06.2014 (rex. entrada nº 5.186), redactado por Juan Carlos Vilariño Santos, axustado ás condicións da Sentenza 321/14 (ditada no Procedemento Ordinario 0000154/2012 do Xulgado Contencioso Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela) e respectando as aliñacións e condicións da ordenanza de Solo de expansión de núcleo rural correspondente ao Plan Xeral do Concello de Teo e de acordo coa lexislación vixente.
-Respectaranse as vías públicas existentes.
-As parcelas resultantes que indica o proxecto presentado son:

Finca 851 -matriz: 2.210,00 m^2 (superficie neta: 606,00 m^2, superficie en rústico 1.556,00 m^2)
Finca 851-A: 642,00 m^2 (superficie neta: 607,00 m^2)
Finca 851-B: 643,00 m^2 (superficie neta: 607,00 m^2)

-Actualizará os datos catastrais das fincas resultantes.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 180,00 €.

2.3. A GAS GALICIA SDG, S.A., e no seu nome e representación a D. ANDRÉS MONTERO DOPICO, licenza para obras de unha acometida directa sobre canalización existente de gas natural, en Cesar, nº 22, Calo.
Expediente núm: **13/15.**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Construirase de acordo coa memoria presentada o 13.02.2015 (rex. entrada nº 964), coas características técnicas descritas; sección de zanxa, materiais, etc.
-A separación da condución con outras instalacións será como mínimo de 0,20 m. en cruces e 0,40 m. en paralelo para a Media Presión A e de 0,10 m. en cruces e 0,40 en paralelo para Media Presión B e Baixa Presión.
-Repoñerá tódolos servizos afectados así como o pavimento e beirarrúas en idénticas condicións que o existente.
-Figura no expediente aval bancario presentado o 13.03.2015 (rex. entrada nº 1.633) como garante á reposición dos bens municipais afectados por importe de 100,00 €.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza (Art. 31 do PXOM), non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior a seis meses (art. 31.1 do PXOM), logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
-Dará cumprimento das normas xerais que indica o capitulo II do PXOM e da ordenanza específica para este tipo de solo. Solo urbano consolidado.
-Dará cumprimento estrito das medidas de seguridade e saúde en execución de obras que indica a normativa actualmente vixente.
-Presuposto 240,60 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 4,81 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.
Total: 64,81 euros.

A) LICENZAS URBANÍSTICAS-CORRECCIÓN DE ERRO.
2.4.- Escrito de **ALMUDENA LOUREIRO DEL CAÑO**, de data 23.02.2015, con rexistro de entrada no Concello núm. 1.128, no que solicita certificación, coa numeración das fincas correcta, das licenzas concedidas pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 14 de novembro de 2005, núm. 337/05 a Carlán Loureiro del Caño e a núm. 338/05 a Almudena Loureiro del Caño, para construción de sendas vivendas unifamiliares en Nespereira, Luou.

Dase conta dos informes emitidos polo arquitecto técnico municipal en data 24 de marzo de 2010, que din:
"En relación co erro apreciado no número de finca da licenza urbanística nº 337/05, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 14.11.2005, a Dª. CARLÁN LOUREIRO DEL CAÑO, para construción de unha vivenda unifamiliar na finca nº 379-2, Nespereira, parroquia de Luou, onde di: na finca 379-2, debe dicir: finca 579-2."

"En relación co erro apreciado no número de finca da licenza urbanística nº 338/05, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 14.11.2005, a Dª. MARÍA ALMUDENA LOUREIRO DEL CAÑO, para construción de unha vivenda unifamiliar na finca nº 379-3, Nespereira, parroquia de Luou, onde di: na finca 379-3, debe dicir: finca 579-3."

Considerando o disposto no artigo 105.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

En virtude do exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12 respectivamente)), acorda:

Primeiro.- Rectificar o erro detectado no acordo da Xunta de Goberno Local de 14 de novembro de 2005, de xeito que ***onde pon***: *"A Dª. CARLÁN LOUREIRO DEL CAÑO, para construción de unha vivenda unifamiliar en Nespereira, finca nº 379-2, parroquia de Luou"*.
Debe poñer: *"A Dª. CARLÁN LOUREIRO DEL CAÑO, para construción de unha vivenda unifamiliar en Nespereira, finca nº 579-2, parroquia de Luou"*.

Segundo.- Rectificar o erro detectado no acordo da Xunta de Goberno Local de 14 de novembro de 2005, de xeito que ***onde pon***: *"A Dª. MARÍA ALMUDENA LOUREIRO DEL CAÑO, para construción de unha vivenda unifamiliar en Nespereira, finca nº 379-3, parroquia de Luou"*.
Debe poñer: *"A Dª. MARÍA ALMUDENA LOUREIRO DEL CAÑO, para construción de unha vivenda unifamiliar en Nespereira, finca nº 579-3, parroquia de Luou"*

Terceiro.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

3. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DESESTIMACIÓN DE DEVOLUCIÓN DO I.C.I.O. A Dª. ANA MARÍA GARCÍA CENDÓN

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 04/03/15 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a instancia presentada por D. ANA MARÍA GARCÍA CEDRÓN (nº RE 764 de data 03/02/2015), pola que solicita a devolución do importe aboado polo ICIO e taxa por licenzas urbanísticas do expediente 170/13.

Tendo en conta o informe de intervención de data 03/03/2015, segundo o cal:

"*Por outra parte, para que a taxa se devengue, debe de producirse a realización do feito impoñible definido no artigo 2 da Ordenanza fiscal (que se realice a actividade administrativa ou técnica dirixida a verificar se os actos de ocupación, construcción ou edificación se axustan ao ordeamento urbanístico vixente). Pois ben, tal actividade administrativa realizouse e polo tanto non procede a devolucion do importe da taxa, e, en canto ao ICIO, o informe técnico de data 12/02/2015 é contrario á súa devolución*."

Considerando o disposto nos artigos 221.1 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria e o artigo 2 da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por expedición de licenzas urbanísticas e 2 da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.-Desestimar a solicitude formulada pola interesada, polos motivos expostos no informe de intervención.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á interesada aos efectos oportunos, así como aos servizos económicos e urbanísticos municipais.".

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e de 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12, respectivamente), acorda:

Primeiro.-Desestimar a solicitude formulada pola interesada, polos motivos expostos no informe de intervención.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á interesada aos efectos oportunos, así como aos servizos económicos e urbanísticos municipais.

4. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DO AVAL URBANÍSTICO CONSTITUÍDO POR D. CARLOS CONDE MIRANDA

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 13/03/15 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a instancia presentada en data 30/07/2014 por D. Carlos Conde Miranda, de devolución de garantía das obras de canalización soterrada para acometida eléctrica á vivenda unifamiliar situada en Tras do Exo nº 4 - Cacheiras.

Visto o informe do técnico municipal, de data 11/03/2015, segundo o cal as obras se atopan en correcto estado.

Visto o informe da intervención municipal, emitido en data 13/03/2015, favorable á devolución,

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos::

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por D. Carlos Conde Miranda correspondente ás obras de canalización soterrada para acometida eléctrica á vivenda unifamiliar situada en Tras do Exo nº 4 - Cacheiras, por importe de **200,00 €,** devolvéndoselle a citada fianza ó interesado.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.".

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e de 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12, respectivamente), acorda:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por D. Carlos Conde Miranda correspondente ás obras de canalización soterrada para acometida eléctrica á vivenda unifamiliar situada en Tras do Exo nº 4 - Cacheiras, por importe de 200,00 €, devolvéndoselle a citada fianza ó interesado.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

5. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DO AVAL URBANÍSTICO CONSTITUÍDO POR D. SERGIO RUIBAL VÁZQUEZ

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 13/03/15 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a instancia presentada en data 27/10/2014 por D. Sergio Ruibal Vázquez, de devolución de garantía das obras de canalización soterrada para acometida de auga á vivenda unifamiliar situada en Espasande-Luou.

Visto o informe do técnico municipal, de data 11/03/2015, segundo o cal as obras se atopan en correcto estado.

Visto o informe da intervención municipal, emitido en data 13/03/2015, favorable á devolución,

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos::

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por D. Sergio Ruibal Vázquez correspondente ás obras de canalización soterrada para acometida de auga á vivenda unifamiliar situada en Espasande-Luou, por importe de **200,00 €,** devolvéndo-selle a citada fianza ó interesado.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.".

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e de 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12, respectivamente), acorda:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por D. Sergio Ruibal Vázquez correspondente ás obras de canalización soterrada para acometida de auga á vivenda unifamiliar situada en Espasande-Luou, por importe de 200,00 €, devolvéndo-selle a citada fianza ó interesado.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

6. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DO AVAL URBANÍSTICO CONSTITUÍDO POR Dª. MARÍA EMMA MOURE VÁZQUEZ

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 13/03/15 que se recolle a continuación:

" PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a instancia presentada en data 10/02/2015 por María Emma Moure Vázquez, de devolución de garantía definitiva das obras de urbanización da fronte da parcela situada en Rúa Ledín nº 64 – Balcaide – Calo.

Visto o informe do técnico municipal, de data 04/03/2015, segundo o cal as obras se atopan en correcto estado.

Visto o informe da intervención municipal, emitido en data 12/03/2015, favorable á devolución,

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos::

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía definitiva constituida por Dª María Emma Moure Vázquez e D. José Javier Majadas Soto correspondente ás obras de urbanización da fronte da parcela situada en Rúa Ledín nº 64 – Balcaide – Calo, por importe de **7.541,59 €,** devolvéndoselle a citada fianza ós interesados.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais."

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e de 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12, respectivamente), acorda:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía definitiva constituida por Dª María Emma Moure Vázquez e D. José Javier Majadas Soto correspondente ás obras de urbanización da fronte da parcela situada en Rúa Ledín nº 64 – Balcaide – Calo, por importe de 7.541,59 €, devolvéndoselle a citada fianza ós interesados.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

7. PROPOSTAS DA ALCALDÍA

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

8. ROGOS E PREGUNTAS

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e quince minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde — O secretario xeral

Martiño Noriega Sánchez — Fco. Javier Castiñeira Izquierdo

ACTA 6/15

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

-6 DE ABRIL DE 2015 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 14:05 horas do día 6 de abril de 2015, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do Sr. alcalde, D. Martiño Noriega Sánchez, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente:

D. Martiño Noriega Sánchez

Concelleiros/as:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

D.ª María do Carme Hermida Gulías

D. Angel Manuel Rey-Alvite Martínez

D.ª Maria Carmen Álvarez Garea

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

Arquitecto: D. Manuel Pueyo Varela

Interventora: D.ª Mónica I. Lado Varela

Secretaria acctal.: D.ª Mª. Pilar Sueiro Castro, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1. **APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 16/03/15**
2. **LICENZAS URBANÍSTICAS**
3. **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE AVAIS URBANÍSTICOS CONSTITUÍDOS POLA EMPRESA MAHÍA INMOBILIARIA, S.L.**
4. **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES PROMOTORAS DA IGUALDADE DE XÉNERO**

E ASOCIACIÓNS QUE DESENVOLVAN ACTIVIDADES NO ÁMBITO DOS SERVIZOS SOCIAIS POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS NO ANO 2014

5. **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DE CARÁCTER EDUCATIVO SEN ÁNIMO DE LUCRO POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS NO ANO 2014**

6. **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS NO ANO 2014**

7. **PROPOSTAS DA ALCALDÍA**

8. **ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o Sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 16/03/15

O Sr. alcalde pregúntalle aos/ás Sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 16 de marzo de 2015.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos incorporados aos mesmos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12 respectivamente)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outorganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. A D. ROBERTO VILELA FERREIRO e Dª. MARÍA TERESA CARRO CAJARAVILLE, licenza para construción dunha vivenda unifamiliar illada, a emprazar en A Silva, nº 48, parroquia de Lampai, segundo proxecto redactado polo arquitecto Esteban Canabal Antelo.
Expediente núm: **14/15**.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Esteban Canabal Antelo, visado no Colexio Oficial de Arquitectos con data 09.05.2014 e documentación complementaria visada en datas 04.09.2014, 03.03.2015, 17.03.2015 e 25.03.2015.

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31 do PXOM e 197 da LOUGA). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza.
-O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por un novo prazo non superior a seis meses, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcadía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos

de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos limiten o campo visual para contemplalas belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

b) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

c) Queda prohibida a publicidade estática que, polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: N-2 SOLO DE EXTENSIÓN DE NÚCLEO RURAL.
-Tipoloxía edificatoria: EDIFICACIÓN ILLADA.
-Usos: VIVENDA UNIFAMILIAR
-Arquitecto director das obras: Esteban Canabal Antelo.
-Arquitecto técnico director: Emilio Mato Íñiguez.
-Coordinador de seguridade e saúde: Emilio Mato Íñiguez.
-Edificabilidade: 0,30 m^2/m^2 (sc=344,16 m^2)
-Altura máxima: PB+1 (7,00 m)
-.Posición da edificación:
Ocupación máxima: 18,66 % (so=214,47 m^2)
Recuamento á aliñación: >3,00 metros
Recuamento a lindeiros: 3 metros
Pendente máxima de cuberta: Non procede
Altura do cumio: Non procede

Aproveitamento baixo cuberta: Non procede
Prazas de aparcamento: Espazo suficiente en garaxe e parcela para 3 p.
-Presuposto: 182.364,80 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 3.647,30 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 254,88 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 4.022,18 euros.

2.2. A GAS GALICIA SDG, S.A., e no seu nome e representación a D. ANDRÉS MONTERO DOPICO, licenza para obras de unha acometida directa sobre canalización existente de gas natural, na Rúa Carballo, nº 8 (acometida por rúa Vidueiro), Os Tilos.
Expediente núm: **15/15.**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Construirase de acordo coa memoria presentada o 13.02.2015 (rex. entrada nº 965), coas características técnicas descritas; sección de zanxa, materiais, etc.
-A separación da condución con outras instalacións será como mínimo de 0,20 m. en cruces e 0,40 m. en paralelo para a Media Presión A e de 0,10 m. en cruces e 0,40 en paralelo para Media Presión B e Baixa Presión.
-Repoñerá tódolos servizos afectados así como o pavimento e beirarrúas en idénticas condicións que o existente.
-Figura no expediente aval bancario presentado o 13.03.2015 (rex. entrada nº 1.633) como garante á reposición dos bens municipais afectados por importe de 300,00 €.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza (Art. 31 do PXOM), non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior a seis meses (art. 31.1 do PXOM), logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
-Dará cumprimento das normas xerais que indica o capitulo II do PXOM e da ordenanza específica para este tipo de solo. Solo urbano consolidado.
-Dará cumprimento estrito das medidas de seguridade e saúde en execución de obras que indica a normativa actualmente vixente.

-Presuposto 270,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 5,40 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.
Total: 65,40 euros.

3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE AVAIS URBANÍSTICOS CONSTITUÍDOS POLA EMPRESA MAHÍA INMOBILIARIA, S.L.

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 30/03/2015 que se recolle a continuación:

"***PROPOSTA DE ALCALDÍA***

Vista a instancia presentada en data 24/01/2014 por Dª Pilar Encarnación Blanco Illodo, en representación de Mahía Inmobiliaria, S.L., de devolución das oito garantías depositadas para responder das obras de urbanización do SAUR-2 "As Galanas"..

Visto o informe do técnico municipal, de data 27/03/2015, segundo o cal as obras se atopan en correcto estado.

Visto o informe da intervención municipal, emitido en data 30/03/2015, favorable á devolución,

***PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:*

***Primeiro.-** Autorizar a cancelación das oito garantías constituidas a medio de avais por Mahía Inmobiliaria, S.L. correspondente ás obras do SAUR-2 (As Galanas) , por importes de 16.000,00 €, 129.253,89 €,129.253,89 €, 129.253,89 €, 129.253,89 €, 129.253,89 €, 129.253,89 € e 83.462,55, devolvéndoselle as citadas fianzas ó interesado.*

***Segundo.-** Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.*"

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e de 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12, respectivamente), acorda:

Primeiro.- Autorizar a cancelación das oito garantías constituidas a medio de avais por Mahía Inmobiliaria, S.L. correspondente ás obras do SAUR-2 (As Galanas) , por importes de 16.000,00 €, 129.253,89 €,129.253,89 €, 129.253,89 €, 129.253,89 €, 129.253,89 €, 129.253,89 € e 83.462,55, devolvéndoselle as citadas fianzas ó interesado.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

4.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES PROMOTORAS DA IGUALDADE DE XÉNERO E ASOCIACIÓNS QUE DESENVOLVAN ACTIVIDADES NO ÁMBITO DOS SERVIZOS SOCIAIS POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS NO ANO 2014

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 31/03/2015 que se recolle a continuación:

"**PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Considerando a importante función de formento que ven realizando o Concello de Teo dende fai anos mediante a colaboración económica coas entidades sen ánimo de lucro de diversa índole.

Tendo en conta a situacion de emerxencia social na que a sociedade se ve inmersa na actualidade, o que conleva a necesidade de que os poderes públicos se impliquen aínda mais nas súas necesidades, debendo colaborar coas entidades e asociacións que promovan a asistencia social.

Considerando a nesesidade de promover a igualdade entre homes e mulleres na nosa sociedade.

Vistas as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades promotoras da igualdade de xénero e asociacións que desenvolvan actividades no ámbito dos servizos sociais polas actividades realizadas en 2014, que se conceden con cargo ao Orzamento de 2014 prorrogado a 2015.

Visto o informe de Intervención emitido ao respecto, de data 31/03/2015.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades promotoras da igualdade de xénero e asociacións que desenvolvan actividades no ámbito dos servizos sociais polas actividades realizadas no ano 2014.

Segundo.- Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello."

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e de 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12, respectivamente), acorda:

Primeiro.- Aprobar as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades promotoras da igualdade de xénero e asociacións que desenvolvan actividades no ámbito dos servizos sociais polas actividades realizadas no ano 2014, que se reflicten de seguido:

BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS ÁS ENTIDADES PROMOTORAS DA IGUALDADE DE XÉNERO E ASOCIACIÓNS QUE DESENVOLVAN

ACTIVIDADES NO ÁMBITO DOS SERVIZOS SOCIAIS, SEN ÁNIMO DE LUCRO, POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2014.

1ª.— OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases teñen por finalidade regular a concesión de subvencións destinadas a actividades organizadas ou promovidas por asociacións promotoras da igualdade de xénero, e asociacións que desenvolveran actividades no ámbito dos servizos sociais, de promoción da igualdade de xénero e temática social no ano 2014, con cargo á partida **230/480.00** do Orzamento de 2014 prorrogado a 2015, por un importe total de **6.000 euros**.

Son obxectivos perseguidos polas axudas reguladas nestas bases a potenciación da inclusión social de persoas e colectivos con necesidades específicas e a promoción de igualdade entre homes e mulleres.

2ª.—BENEFICIARIOS/AS

As asociacións promotoras da igualdade de xénero e asociacións que desenvolvan actividades no ámbito dos servizos sociais, todas elas sen ánimo de lucro, con domicilio social no Concello de Teo e inscritas no Rexistro de Asociacións do Concello de Teo.

Non poderán ter a condición de beneficiarios aquelas persoas ou entidades nas que concorran as circunstancias enumeradas no artigo 13.2 da Lei 38/2003.

3ª.—ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES

As subvencións que se outorguen ao abeiro das presentes bases, terán como finalidade:

Gastos ocasionados pola organización de actividades destiñadas á poboación do concello de Teo durante o ano 2014 e dentro do territorio municipal.

A memoria de actividades global deberá identificar cales son as actividades que se pretenden subvencionar con cargo a estas axudas, e deberán indicarse cales son os gastos que se imputan a esta subvención.

O coeficiente de financiación non será superior a 1 polo que deberán presentarse xustificantes de gasto como mínimo, polo orzamento total da/s actividade/s subvencionada/s.

4ª.—PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse, no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de 30 días naturais, contados dende o día seguinte da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

A convocatoria de subvencións farase pública no taboleiro de edictos do Concello.

5ª.—DOCUMENTACIÓN

As solicitudes de subvención deberán presentarse no modelo normalizado **(Anexos I e II)** que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello, e que irá acompañada dos seguintes documentos:

a) Documento asinado polo/a representante da entidade facendo constar as actividades desenvolvidas e a relación nominal de participantes.

b) Copia cotexada do CIF, so necesaria no caso de non estar depositada no concello.

c) Cartelería, notas de prensa e memoria das actividades organizadas coas que concorre a esta subvención.

d) Memoria descriptiva das actividades desenvoltas en 2014 , con detalle de cada un dos gastos en que se incorreu para a súa realización, a súa cuantificación e o financiamento que se obtivo. Nesta memoria indicaranse os obxectivos que se pretendían acadar coa realización das actividades e os finalmente conseguidos.

e) Certificación bancaria da conta onde se efectuarán os pagamentos.

f) Declaración xurada conforme o solicitante non está incurso en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003.

No caso de solicitudes defectuosas ou incompletas, concederase un prazo de 10 días para a súa corrección, arquivándose sen máis trámites de non se emendaren os defectos en dito prazo.

6ª.—CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS

As subvencións reguladas nas presentes Bases concederanse en réxime de concorrencia competitiva, polo que as solicitudes que cumpran os requisitos serán avaliadas consonte os criterios que de seguido se sinalan:

1. Actividades de carácter anual. Máximo 10 puntos. Un punto e medio por cada actividade.

2. Actividades de carácter non anual (celebracións de entre un día e 15 días) Máxima 5 puntos. (0.50 puntos por cada actividade).

3. Número de persoas participantes nas actividades de carácter anual, censadas no concello de Teo. Máximo 8 puntos.

Ata 100, 8 puntos.

Ata 75, 7 puntos.

Ata 50, 6 puntos.

Ata 25, 5 puntos.

Ata 15, 4 puntos.

4. Valoración do carácter das actividades concretas subvencionadas, segundo o grupo dos seguintes no que poidan incluírse :

- As dirixidas á persoas en exclusiva ou maioritariamente da terceira idade: 3 puntos

- Fomento da participación social das mulleres : 3 puntos
- Integración social de persoas con deficits de este tipo: 3 puntos
- Calquera outro aspecto de especial interese para o benestar social da poboación de Teo: ate 4 puntos.

As entidades deberan expresamente solicitar que se lle conceda a puntuación dos apartados anteriores, explicando porque pensan que as súas actividades estarían nun grupo ou noutro.

Aquelas asociacións que reciban unha subvención nominativa do concello de Teo non poderán concorrer a esta convocatoria coas mesmas actividades que xa están subvencionadas.

7ª.—IMPORTES MÁXIMOS DAS SUBVENCIÓNS

En ningún caso o importe máximo da subvención de cada solicitante superará o 60% do orzamento da entidade ou asociación para a tempada obxecto da solicitude. Cada entidade indicara o importe máximo que poderá xustificar para esta subvención, non podendo concederlle un importe superior. Esta indicación farase constar no apartado a) da base quinta. O importe máximo indicado será por **6.000€.**

8ª.—ÓRGANO COMPETENTE E PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

As solicitudes dirixiranse á Concelleiro delegado de Benestar Social, Igualdade e Participación Veciñal nos prazos indicados no punto 4º das presentes Bases.

Os servizos sociais comunitarios serán o órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe pronunciarse a resolución.

O órgano instrutor do procedemento será o encargado de requirir dos solicitantes a emenda de deficiencias nas solicitudes presentadas. Ademais elaborará un informe de cada unha das solicitudes presentadas no que se fará constar:

— Nome da entidade e contía máxima da subvención á que opta.

— Se está ou non completa a documentación do expediente, con expresión da data da finalización do prazo de presentación, no seu caso

— Se cumpre os requisitos da convocatoria, con indicación expresa dos que non cumpra de ser o caso.

A valoración das propostas presentadas, en base aos criterios relacionados no punto anterior, efectuaraa unha Comisión de Valoración constituída pola Concelleiro delegado de Benestar Social, Igualdade e Participación Veciñal que a presidirá, a concelleira delegada de Educación, a coordinadora dos servizos sociais comunitarios, e a psicóloga municipal, quen actuará tamén como secretaria da comisión de valoración.

Esta Comisión elevará unha proposta de concesión á Xunta de Goberno Local previo informe da Intervención municipal. A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para a adopción do acordo de concesión de subvencións. Este acordo esgotará a vía administrativa.

9ª.—PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNS

A resolución das subvencións notificaranse individualmente e publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello, indicando a puntuación obtida por cada solicitude, o importe subvencionado e/ou os motivos da denegación.

10ª.—COMPROMISOS

As entidades subvencionadas ao abeiro destas bases quedarán obrigadas a colaborar co Concello naquelas actividades que este organice cando lle sexa requirido e farán constar na súa publicidade o patrocinio do Concello de Teo.

11ª.—XUSTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES E PAGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS

Para o abono do importe das subvencións económicas concedidas, será imprescindible acreditar polos perceptores/as a aplicación efectiva dos fondos percibidos con destino á finalidade que motivou a concesión mediante a presentación da seguinte documentación:

a) **Memoria económica de ingresos e gastos da entidade e das actividades concretas subvencionadas**, acompañada facturas relacionadas coa actividade subvencionada e por un importe superior á cantidade concedida.

Só se admitirán facturas orixinais ou fotocopias cotexadas emitidas con posterioridade á realización dos gastos (adquisición de subministracións, prestación de servizos) e nas que ademais de reunir todos os requisitos legais, deberán figurar en detalle todos os conceptos incluídos nela, e a constancia expresa de "pagada", asinada e indicando o nome e o DNI da persoa representante da empresa, que recibe o pagamento ou mediante xustificante da transferencia bancaria. No caso de que se xustifiquen gastos de persoal deberán presentarse nóminas e TCs.

Só se admitirán recibos ou tickets nos casos que permite o Regulamento de Facturación (art.3 do RD 1619/2012, de 30 de novembro)

b) **Indicación expresa de que se realizaron as actividades subvencionadas sinalando as caracteristicas das mesmas** para o que a subvención foi concedida.

c) **Declaración doutras axudas e/ou subvencións** percibidas para a mesma finalidade, indicando no seu caso, de que o conxunto das axudas percibidas non superaron o gasto realizado.

d) **Memoria descriptiva das actividades realizadas en 2014 financiadas pola subvención**, indicando os obxectivos perseguidos e os resultados obtidos.

e) **Certificación de atoparse ao corrente** coas súas obrigas con Facenda e coa Seguridade Social.(a certificación poderase sustituír por unha declaración xurada cando o importe da subvención non acade os 3.000€)

As subvencións xustificaranse antes do 15 de novembro de 2015. Excepcionalmente e previa solicitude motivada de prórroga poderá presentarse xustificación ata o 15 de decembro de 2015. No caso de non xustificarse no prazo anteriormente mencionado, procederase á revogación da mesma**. A non presentación da conta xustificativa dentro do exercicio 2015 dará lugar á pérdida da subvención.**

Non serán gastos subvencionables:

— Os xuros debedores de contas bancarias.

— Os xuros, recargos e sancións administrativas.

— Os gastos de procedementos xudiciais.

O pagamento realizarase unha vez que os e as beneficiarias xustifiquen os gastos ocasionados na execución das actividades subvencionadas, sempre dentro do prazo sinalado no punto e). e despois da fiscalización da conta xustificativa pola Intervención Municipal e posterior aprobación da mesma pola Alcaldía, quen ordenará o pago.

O coeficiente de financiamento será 1, de xeito que, cando se presenten xustificantes por importe inferior ao concedido na achega, esta se verá reducida proporcionalmente.

12ª.—CONTROL DA APLICACIÓN DO GASTO

Os servizos sociais comunitarios poderá solicitar en calquera momento as explicacións e documentos que considere necesarios para o oportuno seguimento das actividades subvencionadas.

13ª.—RÉXIME SANCIONADOR

Sen prexuízo do disposto na normativa xeral e nas Bases de Execución do Orzamento Municipal en materia de subvencións, os perceptores destas subvencións veranse na obriga de devolver as cantidades percibidas para o suposto de que incumpran algunha das condicións das bases recollidas na presente normativa.

14ª.—RÉXIME XURÍDICO

Nos aspectos non especificados nestas bases, as presentes axudas regularanse polo disposto na normativa xeral reguladora de subvencións, en especial, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

O que se fai público aos efectos da apertura do prazo de presentación de solicitudes de subvencións polas persoas ou entidades que correspondan, tal e como se recolle nas indicadas Bases.

15ª.- COMPROMISO DE PUBLICIDADE

As entidades que sexan destinatarias das axudas recollidas nestas bases deberan sinalar na publicidade das actividades realizadas durante o ano 2015 a seguinte lenda “co apoio do concello de Teo”, seguido do escudo oficial do mesmo.

Teo, 30 de marzo de 2015.

O Concelleiro delegado de Benestar Social, Igualdade e Participación Veciñal

Ignacio Iglesias Villar

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE ASOCIACIÓNS PROMOTORAS DA IGUALDADE DE XÉNERO E ASOCIACIÓNS QUE DESENVOLVEN ACTIVIDADES NO ÁMBITO DOS SERVIZOS SOCIAIS

DATOS DE IDENTIFICACIÓN

-Entidade socilitante

-Domicilio social

-CIF - Localidade

-Teléfono - Correo electrónico

-Representante da entidade

-DNI -Teléfono - Cargo que ocupa

-Nº conta bancaria (20 díxitos):

OUTROS DATOS

-Actividades de carácter anual:

-Outras actividades.

……. ……..

……. ……..

Número de participantes actividades anuais

Organización de actividades

Listado de persoas empadroadas participantes en actividades anuais

…….....……

…….....……

…….....……

-Orzamento total do ano 2014:

- Importe máximo da Subvención solicitada:

COMPROMISOS E SINATURA

Declaro que:

-Acepto expresamente as bases da convocatoria de subvención.

-O solicitante reúne todos e cada un dos requisitos da convocatoria

-Os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

Teo, ……. de …… 2015.

Sinatura do representante.....

ANEXO II

COMPROMISOS

D./Dona .....……, con D.N.I. .....……, Presidente/a da Asociación …….....

Declaro que:

Acepto expresamente as bases desta convocatoria de subvención

Que a entidade por min representada cumpre todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.

Que os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

☐ SI ☐ NON Recibimos axudas e/ou subvencións de calquera entidade pública ou privada solicitadas para a mesma finalidade que as contidas nesta solicitude de subvención. Se fora o caso, por importe de

Non está incurso en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003.

Teo, ……. de …….de 2015.

Sinatura do representante

Segundo.- Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DE CARÁCTER EDUCATIVO SEN ÁNIMO DE LUCRO POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS NO ANO 2014

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 31/03/2015 que se recolle a continuación:

"***PROPOSTA DE ALCALDÍA***

Considerando a importante función de formento que ven realizando o Concello de Teo dende fai anos mediante a colaboración económica coas entidades sen ánimo de lucro de diversa índole.

Considerando a necesidade de facilitar o acceso da xuventude do noso concello á educación, e de promover todo tipo de actividades que axuden ao seu estímulo.

Vistas as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades de carácter educativo, sen ánimo de lucro, polas actividades realizadas durante o ano 2014, que presenta a Sra. Concelleira de Educación.

Visto o informe de Intervención emitido ao respecto, de data 31/03/2015.

***PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:*

***Primeiro.-** Aprobar as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades de carácter educativo, sen ánimo de lucro, polas actividades realizadas durante o ano 2014, que presenta a Sra. Concelleira de Educación.*

***Segundo.-** Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.*"

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e de 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12, respectivamente), acorda:

Primeiro.- Aprobar as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades de carácter educativo, sen ánimo de lucro, polas actividades realizadas durante o ano 2014, que presenta a Sra. Concelleira de Educación e que se reflicten de seguido:

BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS ÁS ENTIDADES DE CARÁCTER EDUCATIVO, SEN ÁNIMO DE LUCRO, POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2014

1ª.— OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases teñen por finalidade regular a concesión de subvencións destinadas a actividades organizadas ou promovidas por centros educativos públicos de ensino non universitario e as súas respectivas asociacións de nais e pais, pola realización de actividades de carácter educativo no ano 2014, con cargo á partida **320/480.00** do orzamento de 2015,por un importe total de **13.000 euros,** dos cales corresponden 6.000 euros para os centros educativos e os restantes 7.000 euros para as ANPAS.

Son obxectivos perseguidos polas axudas reguladas nestas bases a potenciación da formación educativa do alumnado dos centros educativos públicos de Educación Infantil, Primaria e Secundaria do noso concello.

2ª.—BENEFICIARIOS/AS

Os centros públicos de ensino non universitario e asociacións de país e nais, sen ánimo de lucro, con domicilio social no Concello de Teo e inscritas no censo de Asociacións do Concello de Teo.

Non poderán ter a condición de beneficiarios aquelas persoas ou entidades nas que concorran as circunstancias enumeradas no artigo 13.2 da Lei 38/2003.

3ª.—ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES

As subvencións que se outorguen ao abeiro das presentes bases, terán como finalidade:

a) Colaboración en gastos correntes derivados da realización de actividades por parte dos suxeitos mencionados no artigo 2º das presentes Bases e, dos gastos de conservación, mantemento ou reparacións menores, que non teñan o carácter de investimento, necesarios para o desenvolvemento destas no ano 2014.

b) Gastos ocasionados pola organización de actividades durante o ano 2014 dentro do territorio municipal ou fora do concello no caso de saídas de carácter didáctico.

4ª.—PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse, no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de **30 días naturais, contados dende o día seguinte da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.**

A convocatoria de subvencións farase pública no taboleiro de edictos do Concello.

5ª.—DOCUMENTACIÓN

As solicitudes de subvención deberán presentarse no modelo normalizado **(Anexo I)** que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello, e que irá acompañada dos seguintes documentos:

a) Documento asinado polo/a representante da entidade facendo constar as actividades desenvolvidas e o número de alumnado participante**. (Anexo II)**

b) Copia cotexada do CIF. Só necesaria en caso de non estar depositada no Concello.

c) Carteis, notas de prensa ou calquera outro documento publicitario das actividades organizadas coas que concorre a esta subvención, se os houbera.

d) Memoria económica do ano 2014, con especificación de ingresos e gastos, desagregándoos por conceptos.

e) Memoria descritiva das actividades que se desenvolveron en 2014, detallando en cada unha:

- gastos en que se incorreu para a súa realización, a súa cuantificación e o financiamento que se obtivo.
- obxectivos que se pretendían acadar coa realización da actividade.
- obxectivos finalmente conseguidos.

f) Certificación bancaria da conta onde se efectuarán os pagamentos.

g) Declaración xurada conforme o solicitante non está incurso en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003.

No caso de solicitudes defectuosas ou incompletas, concederase un prazo de 10 días para a súa corrección, arquivándose sen máis trámites de non se emendaren os defectos en dito prazo.

6ª.—CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS

As subvencións reguladas nas presentes Bases concederanse en réxime de concorrencia competitiva, polo que as solicitudes que cumpran os requisitos serán avaliadas consonte os criterios que de seguido se sinalan:

1. **Por actividades de carácter permanente** (ao longo do curso). Máximo 10 puntos. 1 punto por cada actividade. 2 puntos por cada actividade se está organizada por unha ANPA e ten carácter gratuíto.

2. **Por actividades de carácter non permanente** (actividades periódicas ou puntuais). Máximo 5 puntos. 0.25 puntos por cada actividade.

3. **Polo alumnado participante nas actividades de carácter permanente**. Máximo 10 puntos. Baremarase cada actividade ata un máximo de 10 puntos, e o resultado deste epígrafe será a media da puntuación acadada por tódalas actividades.

Ata 15 alumnos/as: 1 punto

De 16 a 25 alumnos/as: 2 puntos

De 26 a 50 alumnos/as: 3 puntos

De 51 a 75 alumnos/as: 4 puntos

De 76 a 100 alumnos/as: 5 puntos

De 101 a 125 alumnos/as: 6 puntos

De 126 a 150 alumnos/as: 7 puntos

De 151 a 175 alumnos/as: 8 puntos

De 176 a 200 alumnos/as: 9 puntos

Máis de 201 alumnos/as: 10 puntos

4. **Pola participación nas actividades de carácter non permanente**. Máximo 5 puntos. Baremarase cada actividade ata un máximo de 5 puntos, e o resultado deste epígrafe será a media da puntuación acadada por tódalas actividades.

Participación de ata o 25% do alumnado: 1 punto
Participación de ata o 50% do alumnado: 2 puntos
Participación de ata o 75% do alumnado: 3 puntos
Participación do total do alumnado: 4 puntos
Participación de parte do alumnado e as súas familias: 4 puntos
Participación de todo o alumnado e as súas familias: 5 puntos

5. **Pola calidade do proxecto**. Máximo 5 puntos

- Pola repercusión das actividades na comunidade: implicación de membros de toda a comunidade educativa, doutras entidades, asociacións ou outros centros: ata 1 punto
- Pola orixinalidade do proxecto no sentido de que supoña unha actividade innovadora: ata 1 punto
- Por actividades relacionadas con temas transversais (educación para a paz, para a saúde, educación cívica, educación viaria, educación ambiental, interculturalidade, coeducación…): ata 1 punto
- Polo uso da lingua galega: ata 1 punto
- Por actividades de promoción da cultura galega: ata 1 punto
- Por actividades de promoción do patrimonio histórico, artístico, cultural ou natural do concello ou do seu contorno: ata 1 punto
- Por actividades que impliquen o uso das novas tecnoloxías: ata 1 punto
- Por actividades de integración do alumnado con discapacidades: ata 1 punto
- Por actividades que favorezan ou contribúan á integración do alumnado inmigrante ou socialmente desfavorecido: ata 1 punto
- Por actividades de animación cultural e animación no tempo libre: ata 1 punto

6. **Polos gastos derivados do coidado e mantemento das instalacións propias**. Máximo 5 puntos.

Por gastos de conservación da instalación: 2 puntos
Por gastos de luz: 1 punto
Por gastos de auga: 1 punto
Por gastos de calefacción. 1 punto

Aquelas asociacións que reciban unha subvención nominativa do concello de Teo non poderán concorrer a esta convocatoria coas mesmas actividades que xa están subvencionadas.

7ª.—IMPORTES MÁXIMOS DAS SUBVENCIÓNS

En ningún caso o importe máximo da subvención de cada solicitante superará o 70% do orzamento da entidade ou asociación para a tempada obxecto da solicitude.

8ª.—ÓRGANO COMPETENTE E PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

As solicitudes dirixiranse á Concelleira delegada de Educación nos prazos indicados no punto 4º das presentes Bases.

Os funcionarios designados polo Concello de Teo serán o órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe pronunciarse a resolución.

O órgano instrutor do procedemento será o encargado de requirir dos solicitantes a emenda de deficiencias nas solicitudes presentadas. Ademais elaborará un informe de cada unha das solicitudes presentadas no que se fará constar:

— Nome da entidade e contía máxima da subvención á que opta.

— Se está ou non completa a documentación do expediente, con expresión da data da finalización do prazo de presentación, no seu caso

— Se cumpre os requisitos da convocatoria, con indicación expresa dos que non cumpra de ser o caso.

A valoración das propostas presentadas, en base aos criterios relacionados no punto anterior, efectuara unha Comisión de Valoración constituída pola Concelleira Delegada de Educación, que a presidirá, o concelleiro Delegado de Benestar Social, Igualdade e Participación Veciñal, a interventora municipal e a auxiliar de intervención, que actuará tamén como Secretaria da Comisión de Valoración.

Esta Comisión elevará unha proposta de concesión á Xunta de Goberno Local previo informe da Intervención municipal. A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para a adopción do acordo de concesión de subvencións. Este acordo esgotará a vía administrativa.

9ª.—PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNS

A resolución das subvencións notificaranse individualmente e publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello, indicando a puntuación obtida por cada solicitude, o importe subvencionado e/ou os motivos da denegación.

10ª.—COMPROMISOS

As entidades subvencionadas ao abeiro destas bases quedarán obrigadas a colaborar co Concello naquelas actividades que este organice cando lle sexa requirido e farán constar na súa publicidade o patrocinio do Concello de Teo.

11ª.—XUSTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES E PAGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS

Para o abono do importe das subvencións económicas concedidas, será imprescindible acreditar polos perceptores/as a aplicación efectiva dos fondos percibidos con destino á finalidade que motivou a concesión mediante a presentación da seguinte documentación:

a) **Facturas relacionadas coa actividade subvencionada (de 2014) e por un importe superior á cantidade concedida.** Só se admitirán facturas orixinais ou fotocopias cotexadas emitidas con posterioridade á realización dos gastos (adquisición de subministracións, prestación de servizos) e nas que ademais de reunir todos os requisitos legais, deberán figurar en detalle todos os conceptos incluídos nela, e a constancia expresa de "pagada", asinada e indicando o nome e o DNI, pola persoa representante da empresa, que recibe o pagamento ou mediante xustificante da transferencia bancaria.

Só se admitirán recibos ou tickets nos casos regulados no artigo 4 do Regulamento de Facturación, RD 1619/2012, de 30 de novembro.

b) **Indicación expresa de que se realizou o fin** para o que a subvención foi concedida.

c) **Declaración doutras axudas e/ou subvencións recibidas,** con expresión, no seu caso de que o conxunto das axudas percibidas non superaron o gasto realizado.

d) **Memoria cuantificada das actividades realizadas**, que deberán corresponder ao ano 2014, indicando os gastos e ingresos de cada actividade.

e) **Declaración responsable do solicitante de estar ao día no pagamento** das obrigas tributarias e coa seguridade social impostas pola lexislación vixente.

As subvencións xustificaranse antes do 15 de novembro de 2015. Excepcionalmente e previa solicitude motivada de prórroga poderá presentarse xustificación ata o 15 de decembro de 2015. **No caso de non xustificarse no prazo anteriormente mencionado, entenderase que a entidade renuncia ao seu dereito a cobrar a subvención.**

Non serán gastos subvencionables:

— Os xuros debedores de contas bancarias.

— Os xuros, recargos e sancións administrativas.

— Os gastos de procedementos xudiciais.

O pagamento realizarase unha vez que os e as beneficiarias xustifiquen os gastos ocasionados na execución das actividades subvencionadas, sempre dentro do prazo sinalado no punto e). e despois da fiscalización da conta xustificativa pola Intervención Municipal e posterior aprobación da mesma pola Alcaldía, quen ordenará o pago.

O coeficiente de financiamento será 1, de xeito que, cando se presenten xustificantes por importe inferior ao concedido na achega, esta se verá reducida proporcionalmente.

12ª.—CONTROL DA APLICACIÓN DO GASTO

O órgano instrutor poderá solicitar en calquera momento as explicacións e documentos que considere necesarios para o oportuno seguimento das actividades subvencionadas.

13ª.—RÉXIME SANCIONADOR

Sen prexuízo do disposto na normativa xeral e nas Bases de Execución do Orzamento Municipal en materia de subvencións, os perceptores destas subvencións veranse na obriga de devolver as cantidades percibidas para o suposto de que incumpran algunha das condicións das bases recollidas na presente normativa.

14ª.—RÉXIME XURÍDICO

Nos aspectos non especificados nestas bases, as presentes axudas regularanse polo disposto na normativa xeral reguladora de subvencións, en especial, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

O que se fai público aos efectos da apertura do prazo de presentación de solicitudes de subvencións polas persoas ou entidades que correspondan, tal e como se recolle nas indicadas Bases.

Teo, 30 de marzo de 2015.

A Concelleira Delegada de Educación

María Álvarez Garea

ANEXO 1

MODELO DE SOLICITUDE PARA A SUBVENCIÓN ÁS ENTIDADES DE CARÁCTER EDUCATIVO SEN ÁNIMO DE LUCRO

ANO 2014

DATOS DE IDENTIFICACIÓN

ENTIDADE SOLICITANTE (Nome completo e siglas):.....

ENDEREZO SOCIAL:.....

LOCALIDADE:.....

CIF: .....

TELÉFONOS DA ENTIDADE:.....

ENDEREZO ELECTRÓNICO: .....

REPRESENTANTE DA ENTIDADE (Nome e apelidos): .....

DNI:.....

CARGO QUE OCUPA:.....

TELÉFONO DE CONTACTO:.....

CENTROS EDUCATIVOS: NÚMERO DE ALUMNOS/AS:.....

ANPAS: NÚMERO DE FAMILIAS ASOCIADAS: .....

FINS SOCIAIS DA ENTIDADE: .....

IMPORTE ORZAMENTO ANO 2014:.....

NÚMERO DE CONTA BANCARIA (20 díxitos):

ANEXO 2

ACTIVIDADES DE CARÁCTER PERMANENTE	Nº DE PARTICIPANTES NESTAS ACTIVIDADES. ANPAS: ESPECIFICAR SE SON DE CARÁCTER GRATUÍTO
ACTIVIDADES DE CARÁCTER NON PERMANENTE	Nº DE PARTICIPANTES ALUMNADO. PARTICIPACIÓN FAMILIAS (SI/NON)

GASTOS DERIVADOS DO COIDADO E MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS

Declaro que:
-Acepto expresamente as bases desta convocatoria de subvencións.
-Que a entidade por min representada cumpre todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.
-Que os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
Teo, a .....de .....de 2015.

Asdo. O representante da entidade:.....

Segundo.- Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

6.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS NO ANO 2014

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 31/03/2015 que se recolle a continuación:

"***PROPOSTA DE ALCALDÍA***

Considerando a importante función de formento que ven realizando o Concello de Teo dende fai anos mediante a colaboración económica coas entidades sen ánimo de lucro de diversa índole.

Tendo en conta o importante papel que desenrrolan as asociacións veciñais para a defensa dos intereses que lles son propios.

Vistas as Bases da Convocatoria de Subvencións para o fomento do asociacionismo e participación cidadá polas actividades realizadas durante o ano 2014 con cargo ao orzamento de 2014 prorrogado a 2015, que presenta o Sr. Concelleiro de Benestar Social, Igualdade e Participación Veciñal.

Visto o informe de Intervención emitido ao respecto, de data 31/03/2015.

***PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:*

***Primeiro.-** Aprobar as Bases da Convocatoria de Subvencións para o fomento do asociacionismo e participación cidadá polas actividades realizadas durante o ano 2014.*

***Segundo**- Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.*"

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e de 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12, respectivamente), acorda:

Primeiro.- Aprobar as Bases da Convocatoria de Subvencións para o fomento do asociacionismo e participación cidadá polas actividades realizadas durante o ano 2014, que se reflicten de seguido:

BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E A PARTICIPACIÓN CIDADÁ POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS NO ANO 2014

1ª.- FINALIDADE E OBXECTO

O Concello de Teo, a través da área de Participación Veciñal, realiza a presente convocatoria pública en réxime de concorrencia competitiva coa finalidade de fomentar e consolidar o asociacionismo veciñal e a participación cidadá mediante un programa de subvencións que contribúa ao fortalecemento do tecido social expresado a través das asociacións veciñais que operan no ámbito do movemento veciñal.

O importe total destas subvencións será de **3000€,** que serán librados con cargo á partida orzamentaria **924/480.00**.

As solicitudes para este programa implican a aceptación libre por parte das asociacións do compromiso de promover no seo das súas actividades estilos democráticos de participación favorecendo a pluralidade e a integración dos seus asociados así como de implicarse activamente na procura de mellores condicións para o desenvolvemento, no ámbito das súas competencias, das relacións dos seus asociados coas administracións públicas, en especial a municipal.

2ª.- SOLICITANTES

Poderán solicitar subvencións e ser beneficiarias das mesmas, as asociacións veciñais debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións que reúnan os seguintes requisitos:

a) Que teñan a súa sede social no termo municipal de Teo

b) Que consonte aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.

c) Que se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Teo, coa Facenda Pública estatal e autonómica e coa Seguridade Social.

d) Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma axudas outorgadas nesta área polo Concello de Teo no ano anterior, no caso de que lles foran concedidas.

3ª.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Poderán ser obxecto de subvención os gastos debidamente xustificados, realizados polas asociacións solicitantes ao longo do ano 2014 vinculados ás seguintes actividades realizadas no termo municipal de Teo:

a) Conferencias, charlas ou calquera outra actividades dibulgativa.

b) Actos de promoción da cultura tradicional, tales como magostos, nadal, antroido, etc., sempre que non se tivesen recibidas outras axudas municipais por estes conceptos

c) actividades complementarias da actividade municipal en materias de benestar e promoción social, que fomenten o desenvolvemento persoal na comunidade.

Non terán a condición de subvencionabeis os gastos de comidas, calesquera que fosen as circunstancias en que produciran nin as viaxes, agás as estritamente realizadas con motivo de xestións directamente relacionadas cos fins sociais da asociación solicitante e debidamente xustificadas.

4ª.- PRAZO DE PRESENTACION DE SOLICITUDES

As solicitudes, dirixidas á Concellería de Desenvolvemento Local, Transportes, Turismo, Emprego e Participación Veciñal, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, no prazo máximo de 30 días naturais, contados dende o dia seguinte ó da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

A convocatoria farase pública no taboleiro de anuncios do Concello.

5ª.- SOLICITUDES E DOCUMENTACION

As solicitudes serán formuladas mediante a cumprimentación do modelo normalizado (Anexo I), asinado polo representante da asociación, que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello, que deberá ir acompañada pola seguinte documentación:

1) Con carácter xeral:

a) Relación nominal dos asociados, que deberán ter asemesmo a condición de empadroados no concello de Teo, o que será comprobado de oficio polo departamento municipal correspondente, excluíndose do censo de asociados aos que non cumpran este requisito.

b) Copia cotexada do C.I.F, cando non estea depositada no concello.

c) Memoria de actividades desenvolvidas pola asociación ao longo do ano 2014.

d) Memoria económica detallada do ano 2014, con especificación de ingresos e gastos relacionados cos epígrafes destas bases para os que se solicita subvención.

e) Certificación bancaria do número de conta en que serían abonados os pagamentos.

f) Declaración xurada do solicitante de non estar incurso en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003.

g) Declaración de axudas e/ou subvencións públicas de calquera natureza que teñan solicitadas ou percibidas no ano 2014 para as mesmas finalidades previstas nestas bases, con indicación da súa contía.

2) Para a xustificación de gastos:

a) Copia cotexada de cada unha das facturas acreditativas do gasto, expedidas conforme á lexislación vixente e con expresión do I.V.E.

b) No caso de gastos relacionados con actividades de imprenta e comunicación, deberá aportarse, ademais, a cartelería, boletíns informativos, notas de prensa, facturas postais etc.

c) Para o caso de gastos relacionados con traballos de mantemento e mellora das instalacións da sede social, memoria detallada dos traballos realizados, o seu orzamento e xustificación da súa necesidade.

d) Para outros gastos derivados da súa actividade, explicación detallada da súa natureza e necesidade do gasto realizado.

As deficiencias na solicitude e as omisións de documentación xustificativa esixible, deberán ser emendadas no prazo máximo de dez días naturais a contar dende a data do seu requirimento, considerándose desistidas aquelas solicitudes que transcorrido este tempo non fosen suficientemente xustificadas, procedéndose ao arquivo da mesma sen máis trámite.

6ª.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS

As subvencións obxecto desta convocatoria e reguladas polas presentes Bases o son en réxime de concorrencia competitiva, polo que as solicitudes recibidas en tempo e forma aceptables serán avaliadas consonte aos criterios que de seguido se sinalan:

1) Número de socios censados no Concello de Teo. Máximo 10 puntos.

a) Máis de 150 …….. 7 Puntos

b) Ata 150 ……... 6 Puntos

c) Ata 100 ……... 5 Puntos

d) Ata 75 ……... 4 Puntos

e) Ata 50 ……... 3 Puntos

f) Ata 25 ……... 2 Puntos

2) Actividades de comunicación, reunión ou mediación con outras entidades:

a) Asembleas de socios e sociais, e reunión convocadas en aberto: 1 punto por cada unha, con un máximo de 5.

b) Edición de voceiros, remisión de circulares, edición de material divulgativo ou de difusión: 1 punto por cada unha con un máximo de 5.

c) Entrevistas mantidas con institucións, federacións de asociacións de veciños, ou calquera outra entidade sempre que se xustifique o interese colectivo da reunión.0.5 puntos por cada unha delas con un máximo de 5 puntos.

3) Realización de actividades que sexan obxecto de solicitude subvención:

a). Actividades de carácter anual. Máximo 6 puntos. Un punto por cada actividade.

b). Actividades de carácter non anual (celebracións de entre un día e 15 días) Máxima 5 puntos. (0.50 puntos por cada actividade)

c) Actividades non anuais con especial interese cultural ou arraigo na comunidade (Antroido, noite de San Xoan, San Martiño, …) 2 puntos por cada actividade, con un máximo de 4.

d) Actividades de reparación de elementos comunais (fontes, muíños, etc) ou limpeza, adecuación ou sinalamento de rutas ou camiños. Ou calquera outra de similar natureza que debidamente xustificada o órgano colexiado entenda de interese.

7ª.- LÍMITE DAS SUBVENCIONS

O importe máximo das subvencións acadadas por cada unha das asociacións solicitantes estará limitado ao importe correspondente ao 60 % do orzamento xustificado para o ano obxecto desta convocatoria. Cada entidade indicara o importe máximo que poderá xustificar para esta subvención, non podendo concederlle un importe superior. Non se poderá conceder unha subvención por importe superior ao resultado de restarlle aos gastos dunha actividade os ingresos xerados pola mesma(coeficiente de financiación máximo=1).

8ª.- ORGANO DE INSTRUCCIÓN

As solicitudes dirixiranse á Concelleiro delegado de Benestar Social, Igualdade e Participación Veciñal nos prazos indicados no punto 4º das presentes Bases.

Os servizos sociais comunitarios serán o órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe pronunciarse a resolución.

Será o encargado de solicitar as documentacións ou informacións necesarias para subsanar as deficiencias detectadas nas solicitudes e de emitir informe de cada unha das solicitudes recibidas, no que se fará constar:

· Nome da asociación e contía máxima da subvención á que opta.

· Se está ou non completa a documentación do expediente, con indicación da data de finalización do prazo de presentación, no seu caso.

· Se a petición se axusta aos criterios previstos na convocatoria, con indicación expresa de aqueles requisitos que no cumpra, de ser o caso.

9ª.- ÓRGANO COLEXIADO

A valoración das propostas presentadas, en base aos criterios relacionados no punto anterior, efectuaraa unha Comisión de Valoración constituída pola Concelleiro delegado de Benestar Social, Igualdade e Participación Veciñal que a presidirá, a concelleira Delegada de Educación e a coordinadora do servizos sociais comunitarios.

Esta comisión elevará una proposta de concesión á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Municipal.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para a adopción do acordo definitivo de concesión das subvencións, que deberá ser tomado no prazo máximo de 30 días dende a data de elevación da proposta pola Comisión de Valoración. Este acordo esgotará a vía administrativa.

10ª.- PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNS

A resolución das subvencións será notificada individualmente a cada unha das asociacións solicitantes e publicarase no Taboleiro de Anuncios do Concello, indicando a puntuación obtida por cada unha das solicitudes, o importe da subvención concedida por este procedemento ou os motivos da súa denegación.

11ª.- XUSTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES E PAGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS

Para o abono do importe das subvencións económicas concedidas, será imprescindible ter acreditado suficientemente o pago efectivo das facturas e gastos incluídos na solicitude formulada, con indicación do NIF ou CIF das persoas, empresas ou entidades perceptoras dos

pagos e o IVE satisfeito, mediante a presentación das facturas correspondentes con constancia expresa e suficiente do seu abonamento efectivo ou xustificante da transferencia bancaria, no seu caso.

De ser precisa a documentación citada anteriormente, esta deberá ser presentada, a requirimento da concellaría convocante, no prazo máximo de quince días naturais a contar dende a data da súa notificación.

12ª.- RÉXIME SANCIONADOR

Sen prexuízo do disposto na normativa xeral e nas Bases de Execución do Orzamento Municipal en materia de subvencións, os perceptores destas subvención veranse na obriga de devolver as cantidades percibidas no suposto de que incumpran algunha das condicións das bases recollidas na presente normativa.

13ª.- PUBLICIDADE

As entidades que sexan destinatarias das axudas recollidas nestas bases deberan sinalar na publicidade das actividades realizadas durante o ano 2014 a seguinte lenda "co apoio do concello de Teo", seguido do escudo oficial do mesmo.

14ª.- RÉXIME XURÍDICO

Nos aspectos non contemplados nestas bases, estarase ao disposto na normativa xeral reguladora de subvencións, en especial a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

O que se fai público aos efectos de apertura do prazo de presentación de solicitudes por parte das asociacións veciñais interesadas nas condicións expresadas polas presentes Bases.

Teo, a 30 de marzo de 2015.

O CONCELLEIRO DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E PARTICIPACIÓN VECIÑAL

Ignacio Iglesias Villar

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE PARA AS SUBVENCIONS ÁS ASOCIACIONS VECIÑAIS DO CONCELLO DE TEO, POLAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS NO ANO 2014

-DATOS DE IDENTIFICACION

-ENTIDADE SOLICITANTE:

-DOMICILIO SOCIAL;

-CIF: LOCALIDADE:

-TELÉFONO: CORREO ELECT.:

-REPRESENTANTE DA ENTIDADE:

-DNI: TELEFONO CONTACTO:

-CARGO QUE OCUPA:

-Nº DE SOCIOS RESIDENTES NO CONCELLO DE TEO:

-IMPORTE ORZAMENTO ANO 2014:

- Nº CONTA BANCARIA (20 díxitos):

ANEXO II

INFORMACIÓN ECONÓMICA XERAL

- **INGRESOS DA ENTIDADE**

- **GASTOS DA ENTIDADE**

INFORMACION ECONÓMICA PARA CADA GASTO SUBVENCIONABLE:

- **ACTIVIDADE**

  - **INGRESOS**

- **GASTO**

ANEXO III

COMPROMISOS

D./Dona .....……, con D.N.I. .....……, Presidente/a da Asociación …….....

Declaro que:

Acepto expresamente as bases desta convocatoria de subvención

Que a entidade por min representada cumpre todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.

Que os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

☐ SI ☐ NON Recibimos axudas e/ou subvencións de calquera entidade pública ou privada solicitadas para a mesma finalidade que as contidas nesta solicitude de subvención. Se fora o caso, por importe de

Non está incurso en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003.

Teo, ……. de …….de 2015.

Sinatura do representante

Segundo.- Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

7.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e quince minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde

Martiño Noriega Sánchez

A secretaria acctal.,

Mª. Pilar Sueiro Castro

CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ACTA 7/15

SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

-10 DE ABRIL DE 2015 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 15:00 horas do día 10 de abril de 2015, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do Sr. alcalde, D. Martiño Noriega Sánchez, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente:

D. Martiño Noriega Sánchez

Concelleiros/as:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

D.ª María do Carme Hermida Gulías

D. Angel Manuel Rey-Alvite Martínez

D.ª Maria Carmen Álvarez Garea

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

Arquitecto: D. Manuel Pueyo Varela

Secretario.: D. Fco. Javier Castiñeira Izquierdo, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1. LICENZAS URBANÍSTICAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o Sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1. LICENZAS URBANÍSTICAS

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos incorporados aos mesmos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12 respectivamente)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outorganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da

liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

1.1. A D. JOSÉ CAMILO MATALOBOS SÁNCHEZ, licenza para segregación (catro parcelas) da finca nº 65-1 do plano de concentración parcelaria da parroquia de Oza, situada en Cepeda, segundo proxecto técnico redactado por Ramón Vieitez Rodríguez e Alberto Cebral Loureda.
Expediente núm: **16/15**.

Superficie finca matriz: 8.568,00 m^2

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 01.04.2015 (rex. entrada nº 2.134), redactado por Ramón Vieitez Rodríguez e Alberto Cebral Loureda, respectando as aliñacións e condicións da ordenanza de Solo de expansión de núcleo (N-2), Solo de núcleo rural (N-1) e Solo rústico de protección agropecuaria (R-2) correspondente ao Plan Xeral do Concello de Teo e de acordo coa lexislación vixente.
-Respectaranse as vías públicas e servidumes existentes.
-As parcelas resultantes que indica o proxecto presentado son:

Finca 65-1a: 6.040,34 m^2 (superficie neta: 2.883,20 m^2, superficie en solo rústico 2.943,50 m^2)
Finca 65-1b: 706,98 m^2 (superficie neta: 602,22 m^2)
Finca 65-1c: 761,00 m^2 (superficie neta: 615,00 m^2)
Finca 65-1d: 1.059,68 m^2 (superficie neta: 742,59 m^2)

-Actualizará os datos catastrais das fincas resultantes.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 240,00 €.

1.2. A D. SANTIAGO A. PEMÁN PÉREZ, en representación de **EL CUERVO DEL ULLA S.L**., licenza para construción dunha edificación destinada a obrador de limpeza e envasado de vexetais, a emprazar en Cepeda, 46-2, parroquia de Oza (Polígono 507, Parcela 65.1-c, resultante do proxecto de segregación da parcela 65-1), segundo proxecto redactado polos arquitectos Ramón Vieitez Rodríguez e Alberto Cebral Loureda.
Expediente núm: **17/15**.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polos arquitectos Ramón Vieitez Rodríguez e Alberto Cebral Loureda, visado no Colexio Oficial de Arquitectos con data 30.03.2015 e documentación complementaria visada en data 08.04.2015.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31 do PXOM e 197 da LOUGA). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza.
-Antes do comezo das obras deberá presentar ao concello o nomeamento da dirección de execución da obra e coordinación de seguridade e saúde asinada polo técnico indicado no proxecto: Jacobo Formoso Seijas.
-O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por un novo prazo non superior a seis meses, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos limiten o campo visual para contemplalas belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

b) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

c) Queda prohibida a publicidade estática que, polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: N-2 EXPANSIÓN DE NÚCLEO RURAL.
-Tipoloxía edificatoria: EDIFICACIÓN ILLADA.
-Usos: INDUSTRIAL. CAT. 1ª. GRUPO 6. EDIFICIO EXCLUSIVO
-Arquitecto director das obras: Ramón Viéitez Rodríguez e Alberto Cebral Loureda.
-Arquitecto técnico director: Jacobo Formoso Seijas.
-Coordinador de seguridade e saúde: Jacobo Formoso Seijas.
-Edificabilidade: 0,15 m^2/m^2
-Altura máxima: PB (3,80 m)
-.Posición da edificación:
Ocupación máxima: 15 %
Recuamento á aliñación: >3,00 metros
Recuamento a lindeiros: 3 metros
Pendente máxima de cuberta: 30º
Altura do cumio: 2,01 m (a máxima)
Aproveitamento baixo cuberta: Non procede
-Presuposto: 25.000,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 500,00 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 560,00 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 1.180,00 euros.

A) LICENZAS URBANÍSTICAS – AUTORIZACIÓN AUTONÓMICA.

1.3.- Vista a solicitude presentada por D. José Ramón Figueroa García, en representación de AGRUPACIÓN VECINAL CAMPOSANTO DE LUOU, de data 19 de febreiro de 2015 (rex. de entrada núm. 1052), xuntando proxecto de actividade e básico e de execución de obras de adecuación á normativa vixente de establecemento destinado a TANATORIO, nunha parcela de solo clasificado

como rústico de protección forestal R-3 e unha parte, situada ao norte, en solo rústico de protección de augas, en Aido, parroquia de Luou.

Visto o informe do arquitecto municipal de data 7 de abril de 2015 o informe xurídico de data 10.04.2015.

Considerando que o expediente foi sometido a información pública durante un prazo de vinte días, mediante anuncio publicado no diario "La Voz de Galicia" de data 20 de febreiro de 2015 e no taboleiro de anuncios do Concello, presentándose por José Luis Fernández Edreira (rex. entrada no Concello nº 1.549 de data 11.03.2015), durante o citado período, un escrito de alegacións, incorporado ao expediente.

En virtude do exposto e de conformidade co art. 41 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas posteriores modificacións, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12 respectivamente)), acorda:

Primeiro.- Informar favorablemente o expediente **AA-1/2015**, de solicitude para as obras de adecuación á normativa vixente e apertura dunha edificación existente destinada a tanatorio, en O Aido, parroquia de Luou.

Segundo.- Dar traslado do expediente completo á Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Servizo de Urbanismo, para o outorgamento, no seu caso, de autorización autonómica.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as quince horas e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende acta, do que eu, secretario dou fe.

O alcalde

Martiño Noriega Sánchez

O secretario xeral,

Fco. Javier Castiñeira Izquierdo

ACTA 8/15

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

-20 DE ABRIL DE 2015 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 14:25 horas do día 20 de abril de 2015, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do Sr. alcalde, D. Martiño Noriega Sánchez, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente:

D. Martiño Noriega Sánchez

Concelleiros/as:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

D.ª María do Carme Hermida Gulías

D. Angel Manuel Rey-Alvite Martínez

D.ª Maria Carmen Álvarez Garea

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

Arquitecto: D. Manuel Pueyo Varela

Secretario: D. Fco. Javier Castiñeira Izquierdo, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1. **APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 06/04/15 E DO 10/04/15**
2. **LICENZAS URBANÍSTICAS**
3. **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE PRÓRROGA DE CONTRATO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**
4. **PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE PROCEDEMENTO DE IMPOSICIÓN DE PENALIDADES Á EMPRESA ADXUDICATARIA DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN, MANTEMENTO E MELLORA DAS ZONAS VERDES E AXARDINADAS DO CONCELLO DE TEO**

5. PROPOSTAS DA ALCALDÍA

6. ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o Sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1. APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 06/04/15 E DO 10/04/15

Acta da sesión ordinaria do 06 de abril de 2015

O Sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 6 de abril de 2015.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión extraordinaria do 10 de abril de 2015

O Sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria celebrada con data de 10 de abril de 2015.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS

2.1. A D. JOSÉ CARABÁN MATO, licenza para segregación (dúas parcelas) da finca nº 547 do plano de concentración parcelaria da parroquia de Reis, situada en Olveira, segundo proxecto técnico redactado por José Luis Estévez Suárez.
Expediente núm: **18/15**.

Superficie finca matriz: 1.756,00 m^2

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 22.12.2014 (rex. entrada nº 11.551), redactado por José Luis Estévez Suárez, respectando as aliñacións e condicións da ordenanza de Solo de núcleo rural tradicional N-1 e solo de expansión de núcleo rural (N-2) correspondente ao Plan Xeral do Concello de Teo e de acordo coa lexislación vixente.
-As fincas matriz e resultante son as seguintes, segundo datos do proxecto:

Finca segregada (547): 478,15 m^2 (superficie neta: 450,20 m^2)

Finca matriz (547): 1.277,85 m^2 (superficie neta: 1.094,45 m^2)

-Actualizará os datos catastrais das fincas resultantes.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 120,00 €.

2.2. A D. MANUEL SALGADO GARCÍA e Dª. EMILIA BENEDICTA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, licenza para segregación (dúas parcelas) da finca nº 1565 do plano de concentración parcelaria da parroquia de Calo, situada en Ameneiro, segundo proxecto técnico redactado por Rosa María Facal Varela.
Expediente núm: **19/15**.

Superficie finca matriz: 7.592,00 m^2

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 03.03.2015 (rex. entrada nº 1.273), redactado por Rosa María Facal Varela, respectando as aliñacións e condicións da ordenanza de Solo urbano U-3 correspondente ao Plan Xeral do Concello de Teo e de acordo coa lexislación vixente.
-As fincas matriz e resultante son as seguintes, segundo datos do proxecto:

Finca 1565-1: 5.775,82 m^2 (superficie neta: 1.375,90 m^2 e 4.157,00 m^2 en solo rústico)
Finca 1565-2: 1.816,18 m^2 (superficie neta: 1.395,18 m^2)

-Actualizará os datos catastrais das fincas resultantes.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 120,00 €.

2.3. A Dª. MARÍA DEL CARMEN BLANCO SEOANE, licenza para segregación (dúas parcelas) da finca nº 935 do plano de concentración parcelaria da parroquia de Cacheiras, situada na Travesía de Cacheiras, nº 42, Teo, segundo proxecto técnico redactado por Antonio Sabucedo Costa.
Expediente núm: **20/15**.

Superficie finca matriz: 4.208,00 m^2

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 11.03.2015 (rex. entrada nº 1.528), redactado por Antonio Sabucedo Costa, respectando as aliñacións e condicións da ordenanza de Solo urbano consolidado U-2 correspondente ao Plan Xeral do Concello de Teo e de acordo coa lexislación vixente.
-As fincas matriz e resultante son as seguintes, segundo datos do proxecto:

Finca 935-1: 3.653,40 m^2 (superficie neta: 2.604,00 m^2 e superficie en solo urbanizable 933,40 m^2)
Finca 935-matriz: 554,60 m^2 (superficie neta: 422,55 m^2)

-Actualizará os datos catastrais das fincas resultantes.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 120,00 €.

3. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE PRÓRROGA DE CONTRATO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 13/04/15 que se recolle a continuación:

" PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o escrito presentado por D. Dionisio Pérez Castro, DNI nº 33.858.049-W, en representación da entidade SERVITAL, S.L., adxudicataria do contrato de servizo de AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE TEO, mediante o que solicita a prorroga do contrato

Visto o contrato subscrito o 30/04/2014, entre o Concello de Teo e a empresa SERVITAL SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S. L., CIF B-27348614, para a prestación do citado servizo.

Considerando que a cláusula 4 do Prego de cláusulas administrativas que rexen o contrato establece:

"A duración do contrato será de un ano, contado dende a data de inicio da actividade, podendo ser prorrogado por trimestres, mediante acordo do órgano de contratación, que resultará obrigatorio para o contratista, de acordo co establecido no artigo 23 do TRLCSP, sen que a duración total do contrato, incluídas as prorrogas, poida exceder de dous anos."

Considerando que o referido contrato foi asinado o 30 de abril de 2014, iniciándose a actividade o 01/05/2014, o período do contrato inicial remata o 30/04/2015, e que subsisten as necesidades que no seu día motivaron a contratación do servizo.

Visto o informe de secretaría de 10 de abril de 2015, e en virtude do establecido na disposición adicional segunda en relación co artigo 23 do TRLCSP

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo

Primeiro.- Acordar a prórroga, por un trimestre, do contrato asinado coa empresa SERVITAL SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S. L., CIF B-27348614, para a prestación do servizo de AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE TEO, asinado o 30/04/2015, e que tiña unha duración inicial de un ano, mantendo as condicións contractuais vixentes.

Segundo.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria, citándoo para a formalización da prorroga en documento administrativo.

Terceiro.- Dar traslado do acordo á intervención municipal aos efectos oportunos.".

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e de 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12, respectivamente), acorda:

Primeiro.- Acordar a prórroga, por un trimestre, do contrato asinado coa empresa SERVITAL SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S. L., CIF B-27348614, para a prestación do servizo de AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE TEO, asinado o 30/04/2015, e que tiña unha duración inicial de un ano, mantendo as condicións contractuais vixentes.

Segundo.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria, citándoo para a formalización da prorroga en documento administrativo.

Terceiro.- Dar traslado do acordo á intervención municipal aos efectos oportunos.

4. PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE PROCEDEMENTO DE IMPOSICIÓN DE PENALIDADES Á EMPRESA ADXUDICATARIA DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN, MANTEMENTO E MELLORA DAS ZONAS VERDES E AXARDINADAS DO CONCELLO DE TEO

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 17/04/15 que se recolle a continuación:

" PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o informe emitido o 14/04/2015, polo encargado de servizos básicos e responsable do contrato de CONSERVACIÓN, MANTEMENTO E MELLORA DAS ZONAS VERDES E AXARDINADAS DO CONCELLO DE TEO, en relación co cumprimento defectuoso da prestación do servizo obxecto do contrato adxudicado á empresa ZONAS VERDES ANIBAL SOTO, S.L., CIF B-15683584, con domicilio social en Neda, rúa Mourela Baja, nº 134, CP 15510, no que propón que se impoñan penalidades de acordo co previsto na cláusula 9 do Prego de condicións técnicas que rexen a contratación.

Visto o informe da adxunta a secretaría de 17/04/2015, en relación coa lexislación aplicable, e o procedemento a seguir para a imposición de penalidades ao contratista.

Considerando que, de conformidade co establecido na disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, en relación co Decreto da Alcaldía de 14/06/2011 (res. 410/11) modificado polo decreto da Alcaldía de 06/03/2012 (res. 132/12), a competencia para a adopción deste acordo correspóndelle á Xunta de Goberno Local, por delegación da alcaldía.

Á vista do exposto, e de acordo co establecido no artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Iniciar o procedemento para acordar, se procede, a imposición de penalidades, por cumprimento defectuoso das obrigas derivadas do contrato, á empresa ZONAS VERDES ANIBAL SOTO, S.L., CIF B-15683584, adxudicataria do servizo de CONSERVACIÓN, MANTEMENTO E MELLORA DAS ZONAS VERDES E AXARDINADAS DO CONCELLO DE TEO.

Segundo.- Dar audiencia ao contratista ZONAS VERDES ANIBAL SOTO, S.L., CIF B-15683584 e á entidade avalista ABANCA, por un prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte ao da notificación deste acordo, aos efectos de que poidan presentar as alegacións e documentos que estime oportunos."

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e de 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12, respectivamente), acorda:

Primeiro.- Iniciar o procedemento para acordar, se procede, a imposición de penalidades, por cumprimento defectuoso das obrigas derivadas do contrato, á empresa ZONAS VERDES ANIBAL SOTO, S.L., CIF B-15683584, adxudicataria do servizo de CONSERVACIÓN, MANTEMENTO E MELLORA DAS ZONAS VERDES E AXARDINADAS DO CONCELLO DE TEO.

<u>Segundo</u>.- Dar audiencia ao contratista ZONAS VERDES ANIBAL SOTO, S.L., CIF B-15683584 e á entidade avalista ABANCA, por un prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte ao da notificación deste acordo, aos efectos de que poidan presentar as alegacións e documentos que estime oportunos.

5. PROPOSTAS DA ALCALDÍA

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 17/04/15 que se recolle a continuación:

" <u>PROPOSTA DA ALCALDÍA</u>

<u>ASUNTO: modificación das bases da convocatoria de axudas para o ensino e o transporte do Concello de Teo 2014/2015</u>

Considerando que a Xunta de Goberno Local de data 15/09/2014 aprobou as bases da convocatoria de axudas de ensino e transporte para o curso 2014/2015 que foron publicadas no BOP de data 08/10/2014.

Considerando que o número de solicitudes presentadas foi moi cuantioso, e que o crédito asignado inicialmente nas bases resulta claramente insuficiente para cubrir a demanda de axudas, e tendo en conta ademais a situación de necesidade en que se atopan moitas familias do concello debido á crise económica o que esixe que as administracións se impliquen cun maior esforzo económico para paliar estas dificultades.

<u>Primeiro</u>.- Aprobar a seguinte modificación das bases da convocatoria de axudas para o ensino e o transporte 2014/2015:

<u>MODIFICACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DE BECAS DE ENSINO E TRANSPORTE PARA O CURSO 2014/2015</u>

Modificación da base sétima, onde dí:

- **Sétima. *<u>Importe máximo e crédito orzamentario</u>***

O importe total para axudas de ensino e transporte prevese en **35.000 €**, e levarase a cabo mediante a tramitación anticipada de gasto que se imputará ao crédito do **exercicio 2015**, á aplicación orzamentaria 320/480.00, ao abeiro do establecido no artigo 56 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo). De acordo co mesmo, a concesión das

axudas queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución da concesión.

Debe dicir:

- **Sétima.** ***Importe máximo e crédito orzamentario***

O importe total para axudas de ensino e transporte prevese en **41.300€**, e levarase a cabo mediante a tramitación anticipada de gasto que se imputará ao crédito do **exercicio 2015**, á aplicación orzamentaria 320/480.00, ao abeiro do establecido no artigo 56 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo). De acordo co mesmo, a concesión das axudas queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución da concesión.

Segundo.- Ordenar a publicación das citadas bases no Boletín Oficial da Provincia, así como no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal."

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e de 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12, respectivamente), acorda:

Primeiro.- Aprobar a seguinte modificación das bases da convocatoria de axudas para o ensino e o transporte 2014/2015:

MODIFICACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DE BECAS DE ENSINO E TRANSPORTE PARA O CURSO 2014/2015

Modificación da base sétima, onde dí:

- **Sétima.** ***Importe máximo e crédito orzamentario***

O importe total para axudas de ensino e transporte prevese en 35.000 €, e levarase a cabo mediante a tramitación anticipada de gasto que se imputará ao crédito do exercicio 2015, á aplicación orzamentaria 320/480.00, ao abeiro do establecido no artigo 56 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (Real Decreto 887/2006, de 21

de xullo). De acordo co mesmo, a concesión das axudas queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución da concesión.
Debe dicir:

- **Sétima. *<u>Importe máximo e crédito orzamentario</u>***

O importe total para axudas de ensino e transporte prevese en 41.300€, e levarase a cabo mediante a tramitación anticipada de gasto que se imputará ao crédito do exercicio 2015, á aplicación orzamentaria 320/480.00, ao abeiro do establecido no artigo 56 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo). De acordo co mesmo, a concesión das axudas queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución da concesión.

<u>Segundo</u>.- Ordenar a publicación das citadas bases no Boletín Oficial da Provincia, así como no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal.

6. ROGOS E PREGUNTAS
Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e corenta minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde O secretario xeral

Martiño Noriega Sánchez Fco. Javier Castiñeira Izquierdo

ACTA 9/15

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

-4 DE MAIO DE 2015 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 14:10 horas do día 4 de maio de 2015, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do Sr. alcalde, D. Martiño Noriega Sánchez, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente:

D. Martiño Noriega Sánchez

Concelleiros/as:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

D.ª María do Carme Hermida Gulías

D. Angel Manuel Rey-Alvite Martínez

D.ª Maria Carmen Álvarez Garea

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

Arquitecto: D. Manuel Pueyo Varela

Secretaria acctal.: Dª. Mª Pilar Sueiro Castro, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1. **APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 20/04/2015**

2. **LICENZAS URBANÍSTICAS**

3. **PROPOSTA DA COMISIÓN AVALIADORA DE CONCESIÓN DE AXUDAS AO ENSINO E O TRANSPORTE DO CONCELLO DE TEO. CURSO ACADÉMICO 2014/2015**

4. **PROPOSTAS DA ALCALDÍA**

5. **ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o Sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 20/04/2015

O Sr. alcalde pregúntalle aos/ás Sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 20 de abril de 2015.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos incorporados aos mesmos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12 respectivamente)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. A Dª. NATALIA CARRIL REGUEIRO, licenza para construción dunha vivenda unifamiliar illada, a emprazar en Lucí, nº 26-1, parroquia de Lucí, segundo proxecto redactado polo arquitecto Santiago Rodríguez Alcalá.

Expediente núm: **21/15**.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Santiago Rodríguez Alcalá, visado no Colexio Oficial de Arquitectos con data 20.10.2014 e documentación complementaria visada en datas 19.12.2014, 15.04.2015 e 17.04.2015.

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Figura no expediente resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e O.U. -Patrimonio de data 12.02.2015, expte. 2101/14, recibida no Concello o 19.02.2015 (rex. entrada nº 1.072), autorizando as obras, coa condición de que *"Todas as fachadas, incluídas as do garaxe, revestiranse cun enfuscado pintado nunha cor da gama dos brancos. As carpinterías exteriores estarán lacadas nunha cor lisa tradicional da zona sen que imite as vetas da madeira"*.

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31 do PXOM e 197 da LOUGA).

No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza.

-O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por un novo prazo non superior a seis meses, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.

- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.

- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

***Primeiro*.-** *Impoñer á empresa ZONAS VERDES ANIBAL SOTO, S.L., CIF B-15683584 unha multa de 1.500,00€, que se fará efectiva, de acordo co apartado 8 do artigo 212 do TRLCSP mediante deducción das cantidades que deban abonarse ao contratista na vindeira factura que presente.*

***Segundo*.-** *Notificar este acordo aos interesados, con indicación dos recursos pertinentes, e aos servizos económicos municipais, para os efectos oportunos.*".

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e de 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12, respectivamente), acorda:

Primeiro.- Impoñer á empresa ZONAS VERDES ANIBAL SOTO, S.L., CIF B-15683584 unha multa de 1.500,00€, que se fará efectiva, de acordo co apartado 8 do artigo 212 do TRLCSP mediante deducción das cantidades que deban abonarse ao contratista na vindeira factura que presente.

Segundo.- Notificar este acordo aos interesados, con indicación dos recursos pertinentes, e aos servizos económicos municipais, para os efectos oportunos.

4.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e vinte e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde acctal., A secretaria acctal.,

Rafael Sisto Edreira Mª. Pilar Sueiro Castro

DILIXENCIA.- Que se estende, de acordo co artigo 109 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, e art. 35.2 do ROM, para facer constar que a Xunta de Goberno Local que, de acordo co disposto no artigo 11.1 do Regulamento Orgánico Municipal, debería terse celebrado no día da data, non foi convocada pola alcaldía ao non existir asuntos a incluír na orde do día.

Teo, 1 de xuño de 2015

Vº e prace

A secretaria acctal., O alcalde en funcións

Mª Pilar Sueiro Castro Martiño Noriega Sánchez

CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ACTA 11/15

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

-8 DE XUÑO DE 2015 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 14:10 horas do día 8 de xuño de 2015, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do Sr. alcalde acctal. en funcións, D. Rafael Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente acctal.:

D. Rafael Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D. Angel Manuel Rey-Alvite Martínez

D.ª Maria Carmen Álvarez Garea

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

Arquitecto: D. Manuel Pueyo Varela

Interventora : Dª Mónica I. Lado Varela

Secretaria acctal.: Dª. Mª Pilar Sueiro Castro, que dou fe do acto

Non asiste, previa excusa: D.ª María do Carme Hermida Gulías

ORDE DO DÍA:

1. **LICENZA URBANÍSTICA**
2. **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE RECURSOS DE REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 04.05.15 DE CONCESIÓN DE BECAS DE ENSINO E TRANSPORTE 2014/15.**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos incorporados aos mesmos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12 respectivamente)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

1.1. A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, licenza para a instalación dun ascensor no equipamento público existente CEIP Os Tilos, situado na rúa Ameneiro, nº 21, Urbanización Os Tilos, segundo proxecto redactado polo arquitecto Carlos Romero Amenedo.
Expediente núm: **27/15**.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución sen visar, en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Carlos Romero Amenedo, documentación complementaria e estudo básico de seguridade e saúde visado.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Antes do comezo da obra deberá presentar ante o concello o nomeamento do Coordinador de Seguridade e Saúde.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31 do PXOM e 197 da LOUGA). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza.
-O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por un novo prazo non superior a seis meses, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos limiten o campo visual para contemplalas belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

b) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

c) Queda prohibida a publicidade estática que, polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así

como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.
-Presuposto: 41.354,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

2. PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE RECURSOS DE REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 04.05.15 DE CONCESIÓN DE BECAS DE ENSINO E TRANSPORTE 2014/15.

2.1. PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR DNA. NANCY CRISTINA GUERRERO MENDOZA.

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da Proposta da comisión avaliadora das bolsas de ensino e transporte escolar 2014/15 de 04/06/2015 que se recolle a continuación:

"A Xunta de Goberno Local de data 04/05/2015 adoptou o acordo de conceder as axudas para ensino e transporte do curso académico 2014/2015.
En data 19/03/2015 Dª Nancy Cristina Guerrero Mendoza interpuxo recurso de reposición contra dito acordo debido a que lle foi denegada a axuda cando considera que sí subsanou a documentación que lle fora requerida no período de subsanacións (Certificado de matricula e declaración do IRPF).
En data 04/05/2015 reunenense os membros da Comisión Avaliadora para a concesión de axudas de ensino e transporte escolar para o curso 2014/2015, formada pola concelleira de educación, Dª Maria Álvarez Garea, a interventora municipal, Dª. Mónica Lado Varela, a administrativa dos servizos económicos, DªRosa María Parajó Liñares, e o técnico local de emprego, D. Diego Viña Feás para resolver a reclamacion prantexada pola interesada.
Segundo a Base 3º da convocatoria os interesados deberán presentar certificado de matrícula no caso de que se trate de alumnos de bacherelato, FP, PCPI ou universitarios.
Polo tanto, a comisión avaliadora propón á Xunta de Goberno Local a adopcion do seguinte acordo:
Primeiro.- Desestimar a reclamación prantexada por Dª Nancy Cristina Guerrero Mendoza contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 04/05/2015 debido a que, se ben presentou a declaración do IRPF do exercicio 2013, non presentou o certificado de matrícula, senón un resgardo de pagamento da matrícula, e polo tanto a axuda non pode ser concedida.
Segundo.-Notificar o presente acordo á interesada aos efectos oportunos.".

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes e por delegación da alcaldía (Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e de 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12, respectivamente), acorda:

Primeiro.- Desestimar a reclamación prantexada por Dª Nancy Cristina Guerrero Mendoza contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 04/05/2015 debido a que, se ben presentou a declaración do IRPF do exercicio 2013, non presentou o certificado de matrícula, senón un resgardo de pagamento da matrícula, e polo tanto a axuda non pode ser concedida.

Segundo.-Notificar o presente acordo á interesada aos efectos oportunos.

2.2. PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR DNA. ANA MARÍA DÓMINGUEZ MÍGUEZ.

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da Proposta da comisión avaliadora das bolsas de ensino e transporte escolar 2014/15 de 04/06/2015 que se recolle a continuación:

"A Xunta de Goberno Local de data 04/05/2015 adoptou o acordo de conceder as axudas para ensino e transporte do curso académico 2014/2015.

En data 11/05/2015 Dª Ana María Dominguez Miguez interpuxo recurso de reposicion contra dito acordo debido a que considera que houbo un erro na valoracion xa que entende que por nivel de renda aos seus fillos lles correspondería unha beca de maior importe.

En data 04/05/2015 reunenense os membros da Comisión Avaliadora para a concesión de axudas de ensino e transporte escolar para o curso 2014/2015, formada pola concelleira de educación, Dª Maria Álvarez Garea, a interventora municipal, Dª. Mónica Lado Varela, a administrativa dos servizos económicos, Dª Rosa María Parajó Liñares, e o técnico local de emprego, D. Diego Viña Feás para resolver a reclamacion prantexada pola interesada.

Segundo a Base 3º da convocatoria os interesados deberán presentar a declaracion da renda do exercicio 2013 , cando Dª Ana María Domínguez Míguez presentou a declaración do IRPF do exercicio 2012, que no é valida.

Polo tanto, a comisión avaliadora propón á Xunta de Goberno Local a adopcion do seguinte acordo:

Primeiro.- Desestimar a reclamación prantexada por Dª Ana Maria Dominguez Miguez contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 04/05/2015 debido a que a documentación aportada non cumpre a base terceira da convocatoria.

Segundo.-Notificar o presente acordo á interesada aos efectos oportunos.".

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes e por delegación da alcaldía (Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e de 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12, respectivamente), acorda:

Primeiro.- Desestimar a reclamación prantexada por Dª Ana Maria Dominguez Miguez contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 04/05/2015 debido a que a documentación aportada non cumpre a base terceira da convocatoria.

Segundo.-Notificar o presente acordo á interesada aos efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e vinte e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde acctal. en funcións, A secretaria acctal.,

Rafael C. Sisto Edreira Mª. Pilar Sueiro Castro

CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ACTA 12/15

SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

-10 DE XUÑO DE 2015 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 10:30 horas do día 10 de xuño de 2015, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do Sr. alcalde acctal. en funcións, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente acctal.:

D. Rafael C. Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.ª María do Carme Hermida Gulías

D. Angel Manuel Rey-Alvite Martínez

D.ª Maria Carmen Álvarez Garea

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

Secretaria acctal.: Dª. Mª Pilar Sueiro Castro, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1. APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 18.05.15 E 08.06.15

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o Sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1. APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 18.05.15 E 08.06.15

Acta da sesión ordinaria do 18 de maio de 2015

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 18 de maio de 2015.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión extraordinaria do 8 de xuño de 2015

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria celebrada con data de 8 de xuño de 2015.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as dez horas e trinta e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde acctal. en funcións,

A secretaria acctal.,

Rafael C. Sisto Edreira

Mª. Pilar Sueiro Castro

ACTA 13/15

ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 22 DE XUÑO DE 2015 -

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 13:00 horas do día 22 de xuño de 2015, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do Sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión constitutiva da Xunta de Goberno Local, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Rafael C. Sisto Edreira

Concelleiros/as:

Dna. Mª Salomé Beiroa Fernández

Dna. Uxía Lemus de la Iglesia

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

Dna. Mª Pilar Pérez Fagil

D. Jorge Juan Carballido Salgado

Secretaria acctal.: D.ª Mª Pilar Sueiro Castro, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1. SESIÓN CONSTITUTIVA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar o asunto incluído na orde do día que figura na convocatoria, que é o seguinte:

1. SESIÓN CONSTITUTIVA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Reunidos os sres/as concelleiros/as que conforme ao Decreto da alcaldía de 15 de xuño de 2011 (res. 463/15) integran a Xunta de Goberno Local, e existindo polo tanto quorum

suficiente, declárase constituída a Xunta de Goberno Local, de acordo co previsto no artigo 112 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria dou fe.

O alcalde A secretaria acctal.,

Rafael C. Sisto Edreira Mª Pilar Sueiro Castro

CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ACTA 14/15

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

-6 DE XULLO DE 2015-

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 13:10 horas do día 6 de xullo de 2015, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente:

D. Rafael C. Sisto Edreira

Concelleiros/as:

Dª. Uxía Lemus de la Iglesia

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

Dª. Mª Pilar Pérez Fagil

D. Jorge Juan Carballido Salgado

Non asiste, previa excusa:

Dª. Mª Salomé Beiroa Fernández

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Secretaria: Dª. Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1. **APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 22/06/15**
2. **LICENZAS URBANÍSTICAS**
3. **LICENZAS DE APERTURA**
4. **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE AVAL URBANÍSTICO**
5. **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE PRÓRROGA DO CONTRATO COA EMPRESA SERVITAL SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S. L., PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**
6. **PROPOSTAS DA ALCALDÍA**

7. ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 22/06/15.

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión constitutiva celebrada o 22 de xuño de 2015.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos incorporados aos mesmos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)). As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

LICENZAS URBANÍSTICAS-CORRECCIÓN DE ERRO.

2.1.- Visto que na licenza de primeira ocupación parcial concedida pola Comisión de Goberno en sesión de data 5 de decembro de 2001 (expte. 17/01), a VILARES LUGO S.L., para as plantas do bloque 1, sobre rasante e sotarrego 1, da edificación levada a cabo en Cacheiras, existe un erro en canto ao número de licenza urbanística municipal e data de concesión da mesma.

Na citada licenza recóllese o seguinte:

"... segundo obras executadas en base á licenza municipal nùmero 51/00, de data 22/02/00"

Cando o correcto sería:

"... segundo obras executadas en base á licenza municipal nùmero 60/99, de data 18/03/99"

Considerando o disposto no artigo 105.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

En virtude do exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)) acorda:

Primeiro.- Rectificar o erro detectado no acordo da Comisión de Goberno de 5 de decembro de 2001, de xeito que ***onde pon***: *"... segundo obras executadas en base á licenza municipal nùmero 51/00, de data 22/02/00".*

Debe poñer: *"... segundo obras executadas en base á licenza municipal nùmero 60/99, de data 18/03/99".*

Segundo.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

3. LICENZAS DE ACTIVIDADE.

LICENZA DE APERTURA -INÓCUA (SEN PUBLICACIÓN) DEFINITIVA

3.1.- Visto o expediente instruído ao efecto por **Dª. MARÍA ISABEL PATIÑO AMBOAGE,** en representación de **GERIÁTRICOS DE GALICIA S.L.** (**expte. AP-22/2013**), para a actividade correspondente coa reforma interior na residencia de terceira idade Los Arcángeles, emprazada en Feros, nº 53, parroquia de Cacheiras.

Visto que a actividade conta con licenza provisional concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 07.07.2014, así como con licenza urbanística para o acondicionamento do local (expte. 44/14).

Visto que figura no expediente a documentación seguinte:

.-Certificado final de obra asinado polo técnico Manuel Barreira Rial, visado no Colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros de Edificación de A Coruña o 11.11.2014.

.-Acta de comprobación de data 26.06.2015, redactada polos arquitectos técnicos municipais para o inicio da actividade.

En virtude do exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)) acorda:

Primeiro.- Conceder a Dª. MARÍA ISABEL PATIÑO AMBOAGE, en representación de GERIÁTRICOS DE GALICIA S.L., **licenza definitiva de actividade** para a actividade correspondente coa reforma interior na residencia de terceira idade Los Arcángeles, emprazada en Feros, nº 53, parroquia de Cacheiras, facendo responsable á propietaria do uso e eficacia das medidas correctoras e debendo manter permanentemente as condicións adecuadas que garanten o funcionamento autónomo da actividade do resto do edificio.

Segundo.- Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e efectos.

4. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE AVAL URBANÍSTICO.

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da Proposta da Alcaldía de 30/06/15 que se recolle a continuación:

"***PROPOSTA DE ALCALDÍA***

Vista a instancia presentada en data 25/11/2014 por Ana Isabel Mesía López, de devolución de garantía das obras de urbanización da fronte da parcela situada en Mazas, 26 – Calo.

Visto o informe do técnico municipal, de data 26/06/2015, segundo o cal as obras se atopan en correcto estado.

Visto o informe da intervención municipal, emitido en data 30/06/2015, favorable á devolución,

***PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos::*

***Primeiro**.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por Dª Ana Isabel Mesía López correspondente ás obras de urbanización da fronte da parcela situada en Mazas, 26 – Calo, por importe de **8.921,23 €,** devolvéndoselle a citada fianza á interesada.*

***Segundo**.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais*.".

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)), acorda:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por Dª Ana Isabel Mesía López correspondente ás obras de urbanización da fronte da parcela situada en Mazas, 26 – Calo, por importe de 8.921,23 €, devolvéndoselle a citada fianza á interesada.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

5. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE PRÓRROGA DO CONTRATO COA EMPRESA SERVITAL SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S. L., PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da Proposta da Alcaldía de 02/07/15 que se recolle a continuación:

"***PROPOSTA DA ALCALDÍA***

Visto o escrito presentado por D. Dionisio Pérez Castro, DNI nº 33.858.049-W, en representación da entidade SERVITAL, S.L., adxudicataria do contrato de servizo de AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE TEO, mediante o que solicita a segunda prorroga do contrato.

Visto o contrato subscrito o 30/04/2014, entre o Concello de Teo e a empresa SERVITAL SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S. L., CIF B-27348614, para a prestación do citado servizo.

Considerando que a cláusula 4 do Prego de cláusulas administrativas que rexen o contrato establece:

"A duración do contrato será de un ano, contado dende a data de inicio da actividade, podendo ser prorrogado por trimestres, mediante acordo do órgano de contratación, que resultará obrigatorio para o contratista, de acordo co establecido no artigo 23 do TRLCSP, sen que a duración total do contrato, incluídas as prorrogas, poida exceder de dous anos."

Considerando que o referido contrato foi asinado o 30 de abril de 2014, iniciándose a actividade o 01/05/2014, o período do contrato inicial remata o 30/04/2015, contrato que foi prorrogado por un trimestre, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de abril de 2015, prorroga que remata o 31/07/2015.

Considerando que subsisten as necesidades que no seu día motivaron a contratación do servizo.

Visto o informe de secretaría de 1 de xullo de 2015, e en virtude do establecido na disposición adicional segunda en relación co artigo 23 do TRLCSP

***PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

***Primeiro**.- Acordar a segunda prórroga do contrato asinado o 30/04/2014, coa empresa SERVITAL SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S. L., CIF B-27348614, para a prestación do*

servizo de AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE TEO, que tiña unha duración inicial de un ano e que, coa prorroga acordada pola Xunta de Goberno Local de 20/04/2015, remata o 31/07/2015, prorrogando a duración do contrato ata o 31/10/2015, mantendo as condicións contractuais vixentes.

Segundo.- *Notificar este acordo á empresa adxudicataria, citándoa para a formalización da prórroga en documento administrativo.*

Terceiro.- *Dar traslado do acordo á Intervención municipal aos efectos oportunos.".*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)), acorda:

Primeiro.- Acordar a segunda prórroga do contrato asinado o 30/04/2014, coa empresa SERVITAL SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S. L., CIF B-27348614, para a prestación do servizo de AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE TEO, que tiña unha duración inicial de un ano e que, coa prórroga acordada pola Xunta de Goberno Local de 20/04/2015, remata o 31/07/2015, prorrogando a duración do contrato ata o 31/10/2015, mantendo as condicións contractuais vixentes.

Segundo.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria, citándoa para a formalización da prórroga en documento administrativo.

Terceiro.- Dar traslado do acordo á Intervención municipal aos efectos oportunos.

6. PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

7. ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e vinte e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde, A secretaria xeral,

Rafael C. Sisto Edreira Virginia Fraga Díaz

ACTA 15/15

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

-20 DE XULLO DE 2015 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 13:00 horas do día 20 de xullo de 2015, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

Dª. Mª. Salome Beiroa Fernández

Dª. Uxía Lemus de la Iglesia

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

Dª. Mª Pilar Pérez Fagil

D. Jorge Juan Carballido Salgado

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Interventora: D.ª Mónica I. Lado Varela

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 06/07/15

2. LICENZAS URBANÍSTICAS

3. PROPOSTAS DA ALCALDÍA

4. ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o Sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 06/07/2015

O Sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 6 de xullo de 2015.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos incorporados aos mesmos.

Vistos os informes xurídicos emitidos ao efecto e considerando que o marco legal vixente non esixe estar en posesión dunha determinada titulación académica ou profesional para informar os expedientes de solicitude de licenza e que a labor dos técnicos municipais na emisión de informes sobre licenzas urbanísticas de calquera tipo, non supón en ningún caso unha valoración sobre a calidade técnica dos proxectos ou das súas prescricións, senón so unha comprobación formal, unha interpretación dos planos e condicións, así como o seu contraste cos instrumentos urbanísticos aos que teña que axustarse.

De acordo co exposto a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. A D. RICARDO ANEIROS RODRÍGUEZ, en representación de **COMUNIDADE DE PROPIETARIOS RÚA LOUREIRO, Nº 13, OS TILOS,** licenza para instalación de un ascensor no edificio de vivendas sito na rúa Loureiro, nº 13, Urbanización Os Tilos, parroquia de San Francisco de Asis, segundo proxecto redactado polo arquitecto Ricardo Aneiros Rodríguez.
Expediente núm: **28/15**.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Ricardo Aneiros Rodríguez –Proyecto básico y de ejecución para instalación de ascensor en un edificio de viviendas-, visado no Colexio Oficial de Arquitectos con data 11.03.2015 e documentación complementaria visada o 16.06.2015.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza, non pudendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31 do PXOM e 197 da LOUG). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza.
- O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión do

prazo determinado, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, contratista e o técnico municipal designado.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcadía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria segundo o artigo 43 do Plan Xeral de Teo, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.
.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos limiten o campo visual para contempla-las belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

b) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

c) Queda prohibida a publicidade estática que, polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

-Presuposto: 55.882,35 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 1.117,65 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

-. Cartel indicador: 120,00 €.

Total: 1.297,65 euros.

2.2. A D. MANUEL RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, en representación de **COMUNIDADE DE PROPIETARIOS RÚA LOUREIRO, Nº 4, OS TILOS,** licenza para instalación de un ascensor e rampa exterior no edificio de vivendas sito na rúa Loureiro, nº 4, Urbanización Os Tilos, parroquia de San Francisco de Asis, segundo proxecto redactado polo arquitecto Juan Carlos Ares Méndez.

Expediente núm: **29/15**.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Juan Carlos Ares Méndez –Proyecto básico y de ejecución de reforma para instalación de ascensor y rampa exterior como mejora de la accesibilidad en edificio de viviendas-, visado no Colexio Oficial de Arquitectos con data 12.03.2015 e documentación complementaria visada o 26.06.2015.

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza, non pudendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31 do PXOM e 197 da LOUG). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza.

- O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión do prazo determinado, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, contratista e o técnico municipal designado.

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcadía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria segundo o artigo 43 do Plan Xeral de Teo, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.
.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos limiten o campo visual para contempla-las belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

b) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

c) Queda prohibida a publicidade estática que, polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.
-Presuposto: 51.800,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 1.036,00 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 1.216,00 euros.

2.3. A D. JOSÉ LUIS PALLARES RODRÍGUEZ, licenza para obras de demolición de un galpón, demolición parcial de muros de cerre e construción de unha edificación auxiliar, en Póboa, nº 149, parroquia de Cacheiras, segundo proxecto presentado –Proyecto de reposición de la legalidad y ejecución de alpendre para aperos-, redactado polo arquitecto técnico Manuel Vence e visado no colexio correspondente o 06.06.2014, dando cumprimento á Resolución da Alcaldía de data 4 de marzo de 2014 (res 168/14) derivada do Expediente de Reposición da legalidade urbanística nº Rep 12/2013 incoado a Alfredo Mato Mallo.
Expediente núm: **30/15**.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A execución das obras axustarase estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto técnico Manuel Vence, visado no Colexio correspondente con data 06.06.2014 (rex. entrada nº 4.858 de data 11.06.2014).
-Tendo en conta a complexidade, a magnitude, as características e o tipo de obras que se deben executar, co obxecto de repoñer a legalidade urbanística, establécese un prazo máximo para a execución das obras de demolición de TRES MES, a contar dende o día seguinte ao da recepción do acordo de concesión de licenza polo interesado.
En canto ás obras correspondentes a construción da nova edificación auxiliar, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza, non pudendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31 do PXOM e 197 da LOUG). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
-Da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas posteriores modificacións, cumprirase os seguintes artigos:
-Artigo 9 b), referido aos deberes de manter en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e de acordo coas normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

-Artigo 104 c) onde os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

-Artigo 104 e) as construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente rematados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

-Dará cumprimento das normas xerais de edificación que indica o capitulo II do PXOM e da ordenanza específica para este tipo de solo. Solo Urbano Consolidado U-1.

-Darase cumprimento estrito das medidas de seguridade e saúde en execución de obras que indica a normativa actualmente vixente.

-Presuposto: 4.743,52 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 94,87 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 154,87 euros.

2.4. A Dª. MARÍA SARA SEOANE ORJALES, licenza para segregación (dúas parcelas) da finca procedente de segregación da nº 1079 do plano de concentración parcelaria de Cacheiras, segundo proxecto técnico redactado por Javier Rivadulla Montaña e Manuel Cid Rodríguez.
Expediente núm: **31/15**.

Superficie finca matriz: 3.913,00 m^2

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 13.05.2015 (rex. entrada nº 3.294), redactado por Javier Rivadulla Montaña e Manuel Cid Rodríguez, respectando as aliñacións e condicións da ordenanza de Solo de Expansión de Núcleo N-2 e Solo rústico de protección forestal R-3 correspondente ao Plan Xeral do Concello de Teo e de acordo coa lexislación vixente. A segregación non afecta ao solo rústico.

-Respectaranse as vías públicas previstas no PXOM.

-As parcelas resultantes que indica o proxecto presentado son:

Finca 1:	1.127,00 m^2 (superficie neta: 923,00 m^2)
Finca resto matriz:	2.786,00 m^2 (superficie neta: 991,00 m^2 e 1.668,00 m^2 en solo rústico)

-Actualizará os datos catastrais das fincas resultantes.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 120,00 €.

2.5. A Dª. MARÍA PEDROUZO GARCÍA, representada por D. José Luis Montes Pedrouzo**,** licenza para segregación (dúas parcelas) da finca nº 126 do plano de concentración parcelaria da parroquia de Luou, segundo proxecto técnico redactado por Álvaro Parajó Bautis.
Expediente núm: **32/15**.

Superficie rexistral finca matriz: 2.560,00 m^2

Superficie real finca matriz: 2.633,00 m^2

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 29.05.2015 (rex. entrada nº 3.958), redactado por Álvaro Parajó Bautis, respectando as aliñacións e condicións da ordenanza de Solo de expansión de núcleo N-2 correspondente ao Plan Xeral do Concello de Teo e de acordo coa lexislación vixente. A segregación non afecta ao solo rústico.
-Respectaranse as vías públicas previstas no PXOM
-As parcelas resultantes que indica o proxecto presentado son:

Finca 126-1: 1.101,00 m^2 (superficie neta: 812,00 m^2, sup. en rústico 240,00 m^2)
Finca 126 resto: 1.532,00 m^2 (superficie neta: 1.385,00 m^2)

-Actualizará os datos catastrais das fincas resultantes.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 120,00 €.

A) LICENZAS URBANÍSTICAS-TRÁMITE DE EXCEPCIONALIDADE

2.6.- Vista a documentación presentada por **D. RICARDO ANEIROS RODRÍGUEZ,** en representación de **COMUNIDADE DE PROPIETARIOS RÚA LOUREIRO, Nº 13, OS TILOS**, de data 19.03.2015 e 29.06.2015 (rex. de entrada, respectivamente, núms. 1.795 e 5.141) relativa á solicitude expresa do trámite de excepcionalidade regulado no anexo II do Decreto 29/2010, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia, en consonancia coa solicitude presentada o 19.03.2015 (rex. de entrada nº 1.794), para instalación de un ascensor no edificio nº 13 da rúa Loureiro, Urbanización Os Tilos, parroquia de San Francisco de Asis, acompañando aos efectos memorias redactadas polo autor do proxecto, Ricardo Aneiros Rodríguez.

Visto o informe emitido polo arquitecto municipal en data 14 de xullo de 2015 que se transcribe a continuación:

""Con data 19.03.2015 e entrada no rexistro con número 1.795, don Ricardo Aneiros Rodríguez presenta solicitude expresa do trámite de excepcionalidade regulado no anexo II do Decreto 29/2010, acompañando ós efectos memoria redactada polo arquitecto autor do proxecto, Ricardo Aneiros Rodríguez de data de visado colexial de 11.03.2015. Con data 29.06.2015 e entrada no rexistro con número 5.141 don Ricardo Aneiros Rodríguez presenta Modificado do proxecto básico e de execución así como solicitude expresa do trámite de excepcionalidade regulado no anexo II do Decreto 29/2010 acompañando ós efectos memoria redactada polo arquitecto autor do proxecto, Ricardo Aneiros Rodríguez de data de visado colexial de 16.06.2015, onde se realiza a xustificación da imposibilidade de cumprimento de certos aspectos (condicións) regulados polo presente anexo II, que neste caso nos remite ao apartado D, relativo ós criterios ou condicións determinantes da excepción (capítulo II.3 do meritado Anexo II (trámite de excepción), onde se establece o seguinte:

Cando as condicións dos elementos que se van a conservar, por aplicación da normativa sectorial ou do planeamento municipal, fagan imposible o cumprimento das determinacións desta norma.

Que no presente caso poderanse exceptuar, tal e como aquí se establece, das seguintes determinacións os seguintes apartados:

Apartado I.B.3 ESPAZOS COMÚNS, afectando os seguintes puntos, a saber:

.-I.B.3.1.1. Acceso.
.-I.B.3.1.2. Ámbito interior.
.-I.B.3.1.3. Áreas de acceso a ascensores e escaleiras.
.-I.B.3.3. Espazos de comunicación.

3.- Na memoria redactada polo arquitecto xustifícase de xeito razoado o incumprimento de certos aspectos incluídos nas condicións impostas polo Decreto e presentes nos apartados anteriormente mencionados e, que en resumen afectan as condicións de seguridade e accesibilidade, quedando perfectamente xustificada a intervención e o seu nivel de proporcionalidade sobre as condicións de seguridade.

1.2 ***CONCLUSIONS****:*

Con todo o anterior e coa memoria redactada polo arquitecto don Ricardo Aneiros Rodríguez ***infórmase de xeito favorable*** *a solicitude de excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade aquí afectadas e, todo elo de acordo co legalmente establecido ó respecto polo Decreto 29/2010 de Habitabilidade e, unha vez resolto o trámite de excepcionalidade por parte do Concello.*

En virtude ó establecido polo artigo 17 Apartado 2 do Decreto 29/2010 de Habitabilidade e, unha vez resolto por parte do Concello a autorización de excepcionalidade, darase traslado do presente acordo no prazo máximo de seis meses á Dirección Xeral do IGVS.""

En virtude do exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)), acorda:

Primeiro.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, de 4 de marzo, de acordo co previsto no artigo 16 e no anexo II do citado Decreto, solicitada por **D. RICARDO ANEIROS RODRÍGUEZ,** en representación de **COMUNIDADE DE PROPIETARIOS RÚA LOUREIRO, Nº 13, OS TILOS**, para instalación de un ascensor no edificio nº 13 da rúa Loureiro, Urbanización Os Tilos, parroquia de San Francisco de Asis, en base ao informe emitido polo arquitecto municipal en data 14 de xullo de 2015, anteriormente transcrito.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, xunto coa documentación á que se refire o artigo 17.2 do Decreto 29/2010, de 4 de marzo, no prazo máximo de seis meses.

Terceiro.- Notificar este acordo aos interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

2.7.- Vista a documentación presentada por **D. MANUEL RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ,** en representación de **COMUNIDADE DE PROPIETARIOS RÚA LOUREIRO, Nº 4, OS TILOS**, de data 27.06.2015 (rex. de entrada núm. 5.135) para emenda do proxecto denominado "Proyecto básico y de ejecución de reforma para instalación de ascensor y rampa exterior como mejora de la accesibilidad en edificio de viviendas", que fora presentado o 23.03.2015 (rex. de entrada núm. 1.851) relativa á solicitude expresa do trámite de excepcionalidade regulado no anexo II do Decreto 29/2010, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia, en consonancia coa solicitude presentada o 23.03.2015 (rex. de entrada nº 1.851), para instalación de un ascensor e rampla exterior no edificio nº 4 da rúa Loureiro, Urbanización Os Tilos, parroquia de San Francisco de Asis, acompañando aos efectos memorias redactadas polo autor do proxecto, Juan Carlos Ares Méndez.

Visto o informe emitido polo arquitecto municipal en data 1 de xullo de 2015 que se transcribe a continuación:

***""*ANTECEDENTES**

- O 27.06.2015 ten entrada no rexistro do Concello de Teo (E:5135) documentación para emenda do proxecto denominado "Proyecto básico y de ejecución de reforma para instalación de ascensor y rampa exterior como mejora de la accesibilidad en edificio de viviendas" presentado o 23.03.2015 coa solicitude de licenza urbanística. O antedita documentación está visada en data 26.06.2015. Dentro da mesma se inclúe, na páxina 7 e seguintes a xustificación dos incumprimentos do D 29/2010 que son obxecto desta tramitación.

- Segundo o punto 2 do artigo 16 do D 29/2010, que regula o procedemento do trámite de excepción, a solicitude por parte do promotor deberá ir acompañada da seguinte documentación mínima:

"*a) Anteproxecto, proxecto básico ou proxecto básico e de execución elaborado por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente que recolla o estado actual da edificación, ou o plano do soar nos casos que fai referencia o artigo 7, e a proposta de intervención.*

b) Memoria elaborada polo autor do proxecto en que se recolla a relación detallada das determinacións destas normas que se incumpren nel e a xustificación dos motivos que imposibilitan ou aconsellan o seu incumprimento."

Se xustifican, en consecuencia, as esixencias documentais para esta tramitación ao constar a presentación do "Proyecto básico y de ejecución de reforma para instalación de ascensor e rampa exterior como mejora de la accesibilidad en edificio de viviendas" visado o 12.03.2015 e o antedito modificado do proxecto coa correspondente memoria.

- Segundo o punto 3 do artigo 16 do D 29/2010 "*O concello resolverá e notificará no prazo máximo de 6 meses sobre a autorización da excepcionalidade á vista do informe elaborado polo técnico municipal competente. A resolución deberá estar convenientemente motivada e nela deberán indicarse expresamente as condicións da NHV-2010 cuxo cumprimento se exceptúa a aquelas outras para as que, figurando na solicitude achegada, non se considera xustificado autorizar a excepcionalidade ao seu cumprimento.*" En consecuencia, se emite o presente informe aos efectos referidos no antedito punto.

INFORME

Para dar cumprimento ao fin deste informe se procede a transcribir cada punto dos que o promotor solicita a aplicación do trámite de excepción e a xustificación declarada así como a valoración técnica correspondente en relación a súa estimación ou desestimación.

- Punto nº1: I.B.3.1.1. Acceso.
As condicións establecidas para a porta de acceso e o oco de iluminación aberto ao espazo exterior non cumpren as determinacións ao manterse os elementos actuais. Pódese entender que non serían de aplicación ao non seren afectadas polas obras, segundo o art. 11 no que se regula a aplicación deste decreto nas obras de adecuación funcional de edificios.

- Punto nº2: I.B.3.1.2. Ámbito interior
"A planta do portal deberá admitir a inscrición dun cadrado de lado mínimo 2,40m en contacto coa porta de acceso coa excepción indicada no punto I.A.2.1. Deberá, ademais, ter unha altura libre mínima de 2,40m. A comunicación desta zona coas áreas de acceso a ascensores e escaleiras terán un largo mínimo entre paramentos de 1,50m. No se cumple en el proyecto ni se cumplía en la actualidad ya que la posición actual de las escaleras en el portal (que no se modifica), forma un estrechamiento puntual de 1,32m, menor de 1,50m que exige la normativa, y no cumpliría, por lo que, se solicita la excepcionalidad"
O incumprimento se reduce ao largo mínimo entre paramentos de 1,5m entre o portal e as áreas de acceso a ascensores e escaleiras.Pódese entender que non sería de aplicación este punto ao non afectar as obras a esta comunicación por manterse a escaleira na posición actual. De procederse á ampliación deste paso se provocaría unha afección ás vivendas situadas en pranta baixa. Asemade, o estreitamento puntual a 1,32m non afecta ao mantemento do percorrido practicable segundo o punto 4.2 da Base 4 do D.35/2000 que esixe a letra b) deste apartado.

- Punto nº3: I.B.3.2.I. ESCALEIRAS. Dimensionamento.
"*a)O largo libre mínimo entre paramentos para unha escaleira dun tramo será de 1,20m e se é de dous tramos será de 2,2m, e a altura mínima será de 2,20m…Con la instalación del ascensor por el interior del hueco de la escalera y el cerramiento del mismo con vidrio y estructura metálica, se crea un nuevo paramento que reduce el ancho entre paramentos a un dirección en torno a 1,00m, que incumpriría en ancho mínimo entre paramentos exigido en el presente apartado, por lo que se solicita la excepcionalidad".*
"b) O largo mínimo de chanzos será de 1m e as dimensións libres de relanzos intermedios ou descansos, cando non sirvan de acceso a corredores de distribución, serán iguais ao devandito largo libre mínimo do chanzo…No se cumple ni se cumplía, ya que el ancho actual de la escalera es de 0,93m que se mantiene. En el presente proyecto se derriba la barandilla existente para realizar ln cerramiento del ascensor situado en el hueco interior de la escalera en vidrio y carpintería metálica, de menor espesor, con lo que se mantienen las dimensiones actuales de escalera "
Segundo se indica na páxina 22 do documento*"…lo que se busca en todo momento es una menor afección o intervención en la edificación existente, tanto desde el punto de vista de la propiedad como del constructivo y del estructural, y por lo tanto del económico, al aprovechar el hueco existente por el interior de las escaleras. La disposición del ascensor escogida es, por tanto, la considerada más viable técnica y económicamente para la instalación del mejor ascensor posible, que aun no siendo accesible, permite mejorar las condiciones de accesibilidad y de seguridad de utilización del edificio.Otras alternativas con ubicación del ascensor en otras*

posibles situaciones supondrían mayores afecciones a la edificación existente, modificaciones en la distribución de los espacios comunes o de las viviendas y más trabajos de ejecución de las obras, incrementando por tanto la dificultad técnica y el coste económico de la actuación, lo que supone su no viabilidad técnica".
Se entende que está xustificada a excepcionalidade dado que o cumprimento estrito dos largos de chanzos e paramentos de escaleiras condicionarían unha modificación estrutural de entidade do forxado en tódalas plantas e de tódalas lousas de escaleiras e de manterse o oco de escaleiras na posición actual obrigaría á modificación dos elementos construtivos que separan as zonas comúns coas vivendas tipo A e practicamente a actuación non afecta as condicións de habitabilidade actuais. –Tan só se afecta o espazo da baranda -

- Punto nº4 I.B.3.2.2.a)
"Naqueles edificios en que sexa obrigada a instalación dun ascensor, o núcleo de escaleira contará, como mínimo, con iluminación artificial segundo o DB-SUA 4 do CTE ...El cerramiento del hueco del ascensor se realiza derribando das actuales barandillas ciegas de fábrica de ladrillo y ejecutando un nuevo cerramiento de vidrio sobre estrutura metálica lo que permite mantener una similar permeabilidad a la luminosidad de todo el hueco de las escaleras y rellano, tanto de la luz cenital natural a través de la cubierta translúcida y de las ventanas de iluminación y ventilación de cada planta"
Dado o material translúcido da nova caixa do ascensor se entende non afectada esta condición e tampouco se actúa nas ventás existentes nas zonas comúns nin na iluminación artificial destes espazos por tanto é correcta a xustificación que neste punto das normas de habitabilidade non serían de aplicación ao non seren afectadas polas obras, segundo o art. 11 no que se regula a aplicación deste decreto nas obras de adecuación funcional de edificios.

- Punto nº4 I.B.3.3 Espazos de comunicación:
"En cada planta deberá existir un espazo libre de obstáculos onde se poderá inscribir un rectángulo de dimensións mínimas de 2,20x1,50m. Ademais, o largo mínimo entre paramentos enfrontados será de 1,20m…Delante de la zona de embarque del ascensor, tanto en el portal como en las plantas de las viviendas sí que existe un espacio de al menos 2,45x1,70m y una altura de 2,49m que permite la inscripcion de un rectángulo de dimensiones mínimas 2,50x1,50m, y una altura mínima de 2,40m. No se cumple en la planta bajo cubierta en la que no hay viviendas y se sitúan los trasteros,…tampoco en la planta sótano, en donde se modifica la distribución con la creación de un vestíbulo de acceso al ascensor con unas dimensiones totales de 2,30x1,50m que sí cumpliría pero si no estuviera invadido por el último peldaño de las escaleras de comunicación de esta planta con la planta baja existentes, y por un remate en curva en la esquina exterior a fin de facilitar la maniobrabilidad de los vehículos en el acceso a las plantas de aparcamiento de garaje"
Segundo se indica na páxina 22 do documento*"...lo que se busca en todo momento es una menor afección o intervención en la edificación existente, tanto desde el punto de vista de la propiedad como del constructivo y del estructural, y por lo tanto del económico, al aprovechar el hueco existente por el interior de las escaleras. La disposición del ascensor escogida es, por tanto, la considerada más viable técnica y económicamente para la instalación del mejor ascensor posible, que aun no siendo accesible, permite mejorar las condiciones de accesibilidad y de seguridad de utilización del edificio.Otras alternativas con ubicación del ascensor en otras posibles situaciones supondrían mayores afecciones a la edificación existente, modificaciones en la distribución de los espacios comunes o de las viviendas y más trabajos de ejecución de las*

obras, incrementando por tanto la dificultad técnica y el coste económico de la actuación, lo que supone su no viabilidad técnica".
Este punto se incumpre na planta soto e planta baixo cuberta. No caso da planta soto a solución procura invadir o menos posible a vía de circulación de vehículos e o acceso ás prazas de aparcamento. Se entende válida a aplicación deste trámite dado que de cumprirse este punto se estaría incumprindo en maior medida o I.B.5.2.2 referente ás dimensións das vías de circulación e distribuición. Na planta baixo cuberta se mellora a habitabilidade con carácter xeral ao dotala de ascensor, cumprindo o punto I.B.3.4. A previsión deste espazo de 2,20x1,50 ocasionaría a modificación da superficie privada dos rochos coas afeccións que eso conlevaría e dado que o ascensor proposto xa non é accesible non parece proporcionado esixir que este espazo permita o xiro dunha cadeira de rodas. Se entende xustificado, por tanto, o sometemento ao trámite de excepción deste punto.

-Punto nº5 I.B.5.2.2 Garaxes colectivos. Dimensións das vías de circulación e distribución:
"O largo mínimo das vías de comunicación e distribución con aparcadoiros en batería será de 5,00m… e se se trata de vías sen acceso a plazas, o largo mínimo será de 3,00m…La vía actual del garaje tiene un ancho de unos 5,00m con un ancho entre pilares de unos 4,20m y un estrechamiento en la zona del núcleo de escaleras a 3,12m en una longitud de 1,11m.
Con la instalación del ascensor por el hueco interior de las escaleras, en la planta semisótano el ascensor queda situado entre la L que forman las escaleras de bajada a sótano, con lo que la ejecución del cerramiento del hueco del mismo y del vestíbulo da acceso a este y a las escaleras, reduce 12cm la dimensión en la zona del estrechamiento, quedando en 3,00m en una longitud de 2,15m y otros 0,90m en los que se suaviza con una pequeña curva. No se cumplen las dimensiones mínimas de las vias de circulación por lo que se solicita la excepcionalidad"
A actuación proposta incrementa notablemente a invasión da caixa de escaleiras na zona de circulación de vehículos existente. Sen embargo a afección ao acceso ás prazas se contrarresta coa ampliación das prazas 11 e 13 sobre o espazo da actual praza 12, a cal se traslada ao espazo da sala de caldeiras xa sen uso. Se mantén un largo de 2,98 segundo os planos de vial na zona modificada que é prácticamente o establecido para vias que non dan acceso á prazas polo que é suficiente para o transito no resto do garaxe. En consecuencia se entende xustificado o sometemento ao trámite de excepción.

Para o cumprimento do establecido no art. 17 do D29/2010 se deberá dar traslado semestralmente á Dirección Xeral do IGVS da relación de expedientes de excepcionalidade tramitados, que incluirá:
a) A solicitude de excepcionalidade xunto coa documentación que a acompaña
b) A resolución emitida polo concello.

En virtude do exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)), acorda:

Primeiro.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, de 4 de marzo, de acordo co previsto no artigo 16 e no anexo II do citado Decreto, solicitada por **D. MANUEL RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ,** en representación de **COMUNIDADE DE PROPIETARIOS RÚA LOUREIRO, Nº 4, OS TILOS**, para instalación de un ascensor e rampa exterior no edificio nº 4 da rúa Loureiro, Urbanización Os Tilos, parroquia de San Francisco de Asis, en base ao informe emitido polo arquitecto municipal en data 1 de xullo de 2015, anteriormente transcrito.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, xunto coa documentación á que se refire o artigo 17.2 do Decreto 29/2010, de 4 de marzo, no prazo máximo de seis meses.

Terceiro.- Notificar este acordo aos interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

B) LICENZAS URBANÍSTICAS-PRIMEIRA OCUPACIÓN.

2.8.- Escrito presentado por MARÍA ENMA MOURE VÁZQUEZ**,** en data 05.06.2015, con rexistro de entrada no Concello núm. 4.214, no que solicita licenza de primeira ocupación.

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 18.06.2015, o informe xurídico de Secretaría de data 17.07.2015, e demais documentos obrantes no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)), acorda:

Primeiro.- Conceder a **MARÍA ENMA MOURE VÁZQUEZ,** a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN (**expte O-438-04/2015**), para unha vivenda unifamiliar, emprazada na Rúa Ledín, nº 64, Ameneiro, parroquia de Calo, segundo obras executadas en base á licenza municipal núm. 16/14 de data 17.02.2014.
A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Segundo.-Aprobar as seguintes liquidacións:
-Taxa pola expedición de licenza urbanística -primeira ocupación: 90,00 €.
-Diferenza entre o presuposto inicial (120.000,00 € e o presuposto final (129.765,96 €):
2% sobre a diferenza do presuposto de execución material de 9.765,96 euros: 195,32 €.
Total débeda: 195,32 euros.

C) LICENZAS URBANÍSTICAS-PRÓRROGA.

2.9.- Dada conta do escrito asinado por JAVIER RODRÍGUEZ SUÁREZ, de data 04.06.2015, con rexistro de entrada no Concello núm. 4.172, no que solicita prórroga da licenza urbanística con expediente núm. 133/12, que lle concedera a Xunta de Goberno Local en sesión de data 2 de xullo de 2012, para construción dunha vivenda unifamiliar en Regoufe, parroquia de Luou.

Visto o informe do estado actual das obras emitido polo arquitecto técnico municipal en data 29.06.2015, o informe xurídico de Secretaría de data 17.07.2015 e demais documentos obrantes no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)), acorda:

Primeiro.- Conceder a **JAVIER RODRÍGUEZ SUÁREZ**, (**expte. P-3/2015**), a prórroga solicitada por un novo prazo non superior a tres anos, en base ao artigo 31 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Teo e o artigo 197 da Lei 9/2002, sobre ordenación urbanística e

protección do medio rural de Galicia, xunto coas posteriores modificacións coa Lei 15/2004, 2/2010, 8/2012 e 9/2013.

Segundo.- Que se notifique este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

2.10.- Dada conta do escrito asinado por ANTÓN MIRÁS CALVO, de data 22.06.2015, con rexistro de entrada no Concello núm. 4.912, no que solicita prórroga da licenza urbanística con expediente núm. 124/12, que lle concedera a Xunta de Goberno Local en sesión de data 18 de xuño de 2012, para reforma e ampliación de edificación existente para vivenda unifamiliar en Bustelo, nº 27, parroquia de Luou.

Visto o informe do estado actual das obras emitido polo arquitecto técnico municipal en data 29.06.2015, o informe xurídico de Secretaría de data 17.07.2015 e demais documentos obrantes no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)), acorda:

Primeiro.- Conceder a **ANTÓN MIRÁS CALVO**, (**expte. P-4/2015**), a prórroga solicitada por un novo prazo non superior a tres anos, en base ao artigo 31 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Teo e o artigo 197 da Lei 9/2002, sobre ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, xunto coas posteriores modificacións coa Lei 15/2004, 2/2010, 8/2012 e 9/2013.

Segundo.- Que se notifique este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

D) LICENZAS URBANÍSTICAS-DENEGACIÓN DE LICENZA.

2.11. Visto o escrito asinado por OTILIA CALO ROSENDE, con rexistro de entrada número 4.012, de data 02.06.2015, no que solicita licenza urbanística para regularización de lindeiros entre as fincas 441 e 443 do plano de concentración parcelaria da parroquia de Teo, xuntando proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Xoán Manuel Reyes Salgado.

Visto o informe, desfavorables, do arquitecto técnico municipal de data 13 de xullo de 2015, por incumprimento das condicións do artigo 206 da LOUGA, ao tratarse de unha segregación en solo rústico, debendo proceder segundo os artigos 195 e 196 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia modificada pola Lei 15/2004 e Lei 2/2010.
Visto o informe, desfavorables, do arquitecto municipal de data 17 de xullo de 2015, ao non axustarse ás condicións fixadas no artigo 206 da LOUGA e as súas modificacións posterior.

Visto o informe xurídico, desfavorable, de Secretaría de data 17 de xullo de 2015, ao non axustarse a licenza ao previsto no artigo 206.1 da LOUGA, non cumprindo a segregación pretendida a exclusiva finalidade á que se refire este artigo e que se concreta na regularización da configuración de parcelas lindantes, finalidade que, segundo o artigo citado, é a única que habilita para autorizar, en rústico, unha segregación e simultánea agregación en unidade de acto, tal e como se pretende pola interesada.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)), acorda:

Primeiro.- Denegar a licenza solicitada por **OTILIA CALO ROSENDE** (**expte. D.L. 1/2015**), en base aos informes do arquitecto técnico municipal do 13.07.2015, do arquitecto municipal do 17.07.2015 e o informe xurídico de Secretaría do 17.07.2015, incorporados ao expediente.

Segundo.- Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

3. PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

4. ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e vinte minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde — A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira — Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ACTA 16/15

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

-3 DE AGOSTO DE 2015 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 13 horas do día 3 de agosto de 2015, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia da sra. alcaldesa acctal., Dª. Mª Salomé Beiroa Fernández, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidenta acctal.:
Dª. Mª Salomé Beiroa Fernández

Concelleiros/as:
Dª. Uxía Lemus de la Iglesia
D. Xosé Ignacio Iglesias Villar
Dª. Mª Pilar Pérez Fagil

Non asisten, previa excusa:
D. Rafael C. Sisto Edreira
D. Jorge Juan Carballido Salgado

Arquitecto: D. Ignacio Soto González
Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 20/07/2015

2.- LICENZAS URBANÍSITCAS

3.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA

4.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, a Sra. alcaldesa declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 20/07/2015.

A Sra. alcaldesa acctal. pregúntalle aos/ás Sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria anterior celebrada con data de 20 de xullo de 2015.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos incorporados aos mesmos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. A D. RAMÓN BRAVO QUINTAS E Mª MERCEDES PINTOS BARRAL, licenza para rehabilitación dunha vivenda unifamiliar en O Sisto, nº 51, parroquia de Cacheiras, segundo proxecto redactado polo arquitecto Juan Pérez Valcárcel.

Expediente núm: **33/15**.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Juan Pérez Valcárcel, visado no Colexio Oficial de Arquitectos con data 25.05.2015.

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31 do PXOM e 197 da LOUGA). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza.

-O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por un novo prazo non superior a seis meses, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.

- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.

- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos limiten o campo visual para contemplalas belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

b) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

c) Queda prohibida a publicidade estática que, polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

Parámetros da obra permitidos:

-Clasificación do solo: SOLO RÚSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN FORESTAL R3.

-Usos: VIVENDA UNIFAMILIAR

-Arquitecto director das obras: Juan Pérez Valcárcel.

-Arquitecto técnico director: Luis Villar Folla Cisneros.

-Coordinador de seguridade e saúde: Luis Villar Folla Cisneros.

-Presuposto: 94.443,30 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 1.888,87 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 570,63 €.

-. Cartel indicador: 120,00 €.

Total: 2.579,50 euros.

A) LICENZAS URBANÍSTICAS-PRIMEIRA OCUPACIÓN.

2.2.- Escrito presentado por IRENE DOMÍNGUEZ LOUREIRO**,** en data 24.04.2015, con rexistro de entrada no Concello núm. 2.853, no que solicita licenza de primeira ocupación.

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 23.07.2015, o informe xurídico de Secretaría de data 31.07.2015, e demais documentos obrantes no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)), acorda:

Primeiro.- Conceder a **IRENE DOMÍNGUEZ LOUREIRO,** a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN (**expte O-435-05/2015**), para unha vivenda unifamiliar, emprazada en Fornelos, nº 56, parroquia de Raris, segundo obras executadas en base á licenza municipal núm. 161/10 de data 16.08.2010.

A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Segundo.-Aprobar as seguintes liquidacións:

-Taxa pola expedición de licenza urbanística -primeira ocupación: 90,00 €.

2.3.- Escrito presentado por GONZALO FREY PAZOS**,** en data 25.06.2015, con rexistro de entrada no Concello núm. 5.085, no que solicita licenza de primeira ocupación.

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 23.07.2015, o informe xurídico de Secretaría de data 31.07.2015, e demais documentos obrantes no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)), acorda:

Primeiro.- Conceder a **GONZALO FREY PAZOS,** a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN (**expte O-440-06/2015**), para unha vivenda unifamiliar, emprazada en A Igrexa, nº 1, parroquia de Bamonde, segundo obras executadas en base á licenza municipal núm. 12/01 de data 21.02.2001.

A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Segundo.-Aprobar as seguintes liquidacións:

-Taxa pola expedición de licenza urbanística -primeira ocupación: 90,00 €.

3.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e dez minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende acta, do que eu, secretaria dou fe.

A alcaldesa acctal., A secretaria xeral,

Mª Salomé Beiroa Fernández Virginia Fraga Díaz

DILIXENCIA.- Que se estende, de acordo co artigo 109 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, e art. 35.2 do ROM, para facer constar que a Xunta de Goberno Local que, de acordo co disposto no artigo 11.1 do Regulamento Orgánico Municipal, debería terse celebrado no día da data, non foi celebrada por falta de quorum.

Teo, 17 de agosto de 2015
A secretaria xeral,

Vº e prace
O alcalde,

Virginia Fraga Díaz

Rafael C. Sisto Edreira

CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ACTA 17/15

SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

-24 DE AGOSTO DE 2015 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 14:15 horas do día 24 de agosto de 2015, reuníronse en segunda convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

Dª. Uxía Lemus de la Iglesia

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

Non asisten, previa excusa:

Dª. Mª. Salome Beiroa Fernández

Dª. Mª Pilar Pérez Fagil

D. Jorge Juan Carballido Salgado

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1. **APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 03/08/15**
2. **LICENZAS URBANÍSTICAS**
3. **LICENZA DE VENDA AMBULANTE: SOLICITUDE DE D. FRANCISCO JAVIER CASTROMAN CASAL**
4. **PROPOSTAS DA ALCALDÍA**
5. **ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 03/08/15

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 3 de agosto de 2015.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos incorporados aos mesmos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. A D. SANTIAGO ELOY MAYER GAREA, licenza para rehabilitación dunha vivenda unifamiliar en Feros, nº 60, parroquia de Cacheiras, segundo proxecto redactado pola arquitecta Aurora García Vicente.
Expediente núm: **34/15**.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado pola arquitecta Aurora García Vicente: Proxecto básico e de execución para a rehabilitación vivenda unifamiliar, visado no Colexio Oficial de Arquitectos con data 28.05.2015.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Figura no expediente resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e O.U. -Patrimonio de data 29.04.2015, expte. 1567/14, recibida no Concello o 20.05.2015 (rex. entrada nº 3.621), autorizando as obras.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31 do PXOM e 197 da LOUGA). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza.
-O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por un novo prazo non superior a seis meses, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos limiten o campo visual para contemplalas belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

b) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das

edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

c) Queda prohibida a publicidade estática que, polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: SOLO DE NÚCLEO RURAL
-Usos: VIVENDA UNIFAMILIAR
Primeiro.- Conceder a **HÉCTOR MARTÍN ÁLVAREZ FERNÁNDEZ,** a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN (**expte O-442-08/2015**), para unha vivenda unifamiliar, emprazada en A Igrexa, nº 29, Parcela 2, parroquia de Luou, segundo obras executadas en base á licenza municipal núm. 43/14 de data 07.07.2014.
A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Segundo.-Aprobar as seguintes liquidacións:
-Taxa pola expedición de licenza urbanística -primeira ocupación: 60,00 €.

2.5.- Escrito presentado por Mª ELENA PARAJÓ CALVO e DALMIRO NÚÑEZ MÉNDEZ**,** en data 14.08.2015, con rexistro de entrada no Concello núm. 6.147, no que solicitan licenza de primeira ocupación.

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 31 de agosto de 2015, o informe xurídico de Secretaría de data 04 de setembro de 2015, e demais documentos obrantes no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)), acorda:

Primeiro.- Conceder a **Mª ELENA PARAJÓ CALVO e DALMIRO NÚÑEZ MÉNDEZ,** a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN (**expte O-444-09/2015**), para unha vivenda unifamiliar, emprazada en A Igrexa, nº 6, parroquia de Luou, segundo obras executadas en base ás licenzas municipais núms. 4/11 e 249/13 de datas, respectivamente, 07.02.2011 e 18.11.2013.
A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Segundo.-Aprobar as seguintes liquidacións:
-Taxa pola expedición de licenza urbanística -primeira ocupación: 90,00 €.

3.- LICENZA DE VENDA AMBULANTE DE D. FRANCISCO JAVIER CASTROMAN CASAL

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 4 de setembro de 2015 que se recolle a continuación:

"***PROPOSTA DA ALCALDÍA***

Considerando que, á vista do solicitado por D. Francisco Javier Castromán Casal con data de 12 de agosto de 2015 (rex. entrada nº 6.082), a Xunta de Goberno Local de 24 de agosto de 2015 acordou informar favorablemente a solicitude de venda ambulante de bebidas e bocadillos no lugar de As Galanas, parroquia de Calo, nos termos da memoria incorporada ao expediente, cincunscribíndoa a 12 metros cadrados: 6 metros cadrados para o remolque e 6 metros cadrados de avance.

Considerando que o citado acordo foi debidamente notificado ao interesado con data de 27 de agosto de 2015 (rex. de saída nº 2.845), presentándose por este a documentación solicitada con data de 28 de agosto (rex. entrada nº 6.363), 31 de agosto (rex. entrada nº 6.383) e 3 de setembro (rex. entrada nº 6.720).

Considerando que a documentación aportada axústase ao previsto na Ordenanza municipal da venda ambulante no Concello de Teo (BOP nº 21, de 25 de xaneiro de 2008), na Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia e demais normativa aplicable.

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da alcaldía de 15 de xuño de 2015 (res. 463/15), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

***Primeiro**.- Conceder a D. Francisco Javier Castromán, con D.N.I 76.867.000 B, licenza para o exercicio de venda ambulante mediante a instalaciòn dun posto adicado á venda de bebidas e bocadillos, no lugar de As Galanas, parroquia de Calo, segundo se detalla a continuación, de acordo co solicitado con data de 12 de agosto de 2015 (rex. entrada nº 6.082).*

EMPRAZAMENTO.



Segundo.- *A licenza, nos termos da documentación incorporada ao expediente, cincunscríbese a 12 metros cadrados: 6 metros cadrados para o remolque e 6 metros cadrados de avance.*

Terceiro.- *Notificar este acordo ao interesado, con sinalamento dos recursos procedentes.*

Teo, 4 de setembro de 2015
O alcalde,
Rafael C. Sisto Edreira "

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)), acorda:

Primeiro.- Conceder a D. Francisco Javier Castromán, con D.N.I 76.867.000 B, licenza para o exercicio de venda ambulante mediante a instalaciòn dun posto adicado á venda de bebidas e bocadillos, no lugar de As Galanas, parroquia de Calo, segundo se detalla a continuación, de acordo co solicitado con data de 12 de agosto de 2015 (rex. entrada nº 6.082).

EMPRAZAMENTO.



<u>Segundo</u>.- A licenza, nos termos da documentación incorporada ao expediente, cincunscríbese a 12 metros cadrados: 6 metros cadrados para o remolque e 6 metros cadrados de avance.

<u>Terceiro</u>.- Notificar este acordo ao interesado, con sinalamento dos recursos procedentes.

4.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E A PARTICIPACIÓN CIDADÁ POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS EN 2014

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 3 de setembro de 2015 que se recolle a continuación:

"***PROPOSTA DE ALCALDÍA***

Téndose aprobado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 06/04/2015 as bases da convocatoria de subvencións a para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, polas actividades realizadas en 2014, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº 74 de data 22/04/2015 .

Téndose valorado a documentación presentada polas entidades interesadas por parte da comisión de valoración á que se refire a base 8ª da convocatoria, que presentou a súa proposta de concesión en data 20/07/2015.

Visto o informe de Intervención emitido ao respecto, de data 03/09/2015.

E, considerando o disposto na citada Base 8ª da Convocatoria referida,

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- *Aprobar a proposta da Comisión de valoración de data 20/07/2015 segundo a cal procede conceder os importes que de seguido se indican ás seguintes entidades beneficiarias:*

ENTIDADE	***PUNTOS***	***LIMITE MAX***	***CONCEDIDO***
AA VV A CARBALLEIRA	***15***	***1.840,03***	***1.451,55€***
AA VV A RAMALLOSA	***8***	***271,85***	***271,85€***
AA VV AUGAS MANSAS	***8***	***256,74***	***256,74€***
TOTAL	***31***		***2.980,14€***

Segundo.- *Dar conta do presente acordo ás entidades interesadas, así como ao servizos económicos aos efectos oportunos.*

Teo, 3 de setembro de 2015.

O ALCALDE

Rafael Sisto Edreira"

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)), acorda:

Primeiro.- Aprobar a proposta da Comisión de valoración de data 20/07/2015 segundo a cal procede conceder os importes que de seguido se indican ás seguintes entidades beneficiarias:

ENTIDADE	PUNTOS	LIMITE MAX	CONCEDIDO
AA VV A CARBALLEIRA	15	1.840,03	1.451,55€
AA VV A RAMALLOSA	8	271,85	271,85€
AA VV AUGAS MANSAS	8	256,74	256,74€
TOTAL	31		2.980,14€

Segundo.- Dar conta do presente acordo ás entidades interesadas, así como ao servizos económicos aos efectos oportunos.

5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES PROMOTORAS DA IGUALDADE DE XÉNERO E ASOCIACIÓNS QUE DESENVOLVAN ACTIVIDADES NO ÁMBITO DOS SERVIZOS SOCIAIS POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS NO ANO 2014

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 3 de setembro de 2015 que se recolle a continuación:

"***PROPOSTA DE ALCALDÍA***

Téndose aprobado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 06/04/2015 as bases da convocatoria de subvencións a entidades promotoras da igualdade e dos servizos sociais, polas actividades realizadas en 2014, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº74 de data 22/04/2015,

Téndose valorado a documentación presentada polas entidades interesadas por parte da comisión de valoración á que se refire a base 8ª da convocatoria, que presentou a súa proposta de concesión en data 20/07/2015.

Visto o informe de Intervención emitido ao respecto, de data 03/09/2015

E, considerando o disposto na citada Base 8ª da Convocatoria referida,

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- *Aprobar a proposta da Comisión de valoración de data 20/07/2015, segundo a cal procede conceder os importes que de seguido se indican ás seguintes entidades beneficiarias:*

ENTIDADE	***PUNTOS***	***LIMITE MAX***	***CONCEDIDO***
CRUCEIRO DE MONTE	***22.00***	***6.000***	***1.795€***
MULLERES RURAIS	***22.00***	***1.481***	***1.481€***
TEENSES POLA IGUALDADE	***17.5***	***2.936***	***1.428,52€***
O CACHÓN	***12.00***	***1.800***	***979,56€***
TOTAL	***63.5***		***5.998,06***

Segundo.- *Dar conta do presente acordo ás entidades interesadas, así como ao servizos económicos aos efectos oportunos.*

Teo, 3 de setembro de 2015.

O ALCALDE

Rafael Sisto Edreira"

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)), acorda:

Primeiro.- Aprobar a proposta da Comisión de valoración de data 20/07/2015, segundo a cal procede conceder os importes que de seguido se indican ás seguintes entidades beneficiarias:

ENTIDADE	**PUNTOS**	**LIMITE MAX**	**CONCEDIDO**
CRUCEIRO DE	**22.00**	**6.000**	**1.795€**

MONTE			
MULLERES RURAIS	**22.00**	**1.481**	**1.795€**
TEENSES POLA IGUALDADE	**17.5**	**2.936**	**1.428,52€**
O CACHÓN	**12.00**	**1.800**	**979,56€**
TOTAL	**63.5**		**5.998,06**

Segundo.- Dar conta do presente acordo ás entidades interesadas, así como ao servizos económicos aos efectos oportunos.

6.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e quince minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde — A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira — Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ACTA 19/15

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

-21 DE SETEMBRO DE 2015 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 14:05 horas do día 21 de setembro de 2015, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.ª M.ª Salome Beiroa Fernández

Dª. Uxía Lemus de la Iglesia

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

Dª. Mª Pilar Pérez Fagil

D. Jorge Juan Carballido Salgado

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Secretaria acctal.: D.ª M.ª Pilar Sueiro Castro, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1. **LICENZAS URBANÍSTICAS**
2. **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A CLUBS DEPORTIVOS SEN ÁNIMO DE LUCRO E DEPORTISTAS FEDERADOS POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2014**
3. **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES EDUCATIVAS POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS NO ANO 2014**
4. **PROPOSTAS DA ALCALDÍA**
5. **ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos incorporados aos mesmos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

1.1. A DIEGO CAJARAVILLE LOUREIRO, licenza para obras de instalación de canalización de auga privada cruzando a vía pública, en Rial do Mato, parroquia de Raris.

Expediente núm: **40/15.**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-A reposición do pavimento deberá executarse en perfectas condicións, igual ao existente.

-Figura no expediente ingreso por importe de 200,00 €, realizado a través de transferencia bancaria, como garante á reposición dos bens municipais afectados.

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza (Art. 31 do PXOM), non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior a seis meses (art. 31.1 do PXOM), logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

-Presuposto: 400,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 8,00 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 68,00 euros.

A) LICENZAS URBANÍSTICAS-PRÓRROGA.

1.2.- Dada conta do escrito asinado por **FRANCISCO CANTELAR FREIRE,** en representación de **LUZ MARÍA VILLAR FERNÁNDEZ**, de data 04.08.2015, con rexistro de entrada no Concello núm. 5.932, no que solicita prórroga da licenza urbanística con expediente núm. 200/12, que lle concedera a Xunta de Goberno Local en sesión de data 17 de setembro de 2012, para reforma dunha vivenda unifamiliar illada (Soto + PB + PBC), en Penelas, nº 14, parroquia de Cacheiras.

Visto o informe favorable emitido polo arquitecto técnico municipal en data 10 de setembro de 2015 e demais documentos obrantes no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)), acorda:

Primeiro.- Conceder a **FRANCISCO CANTELAR FREIRE,** en representación de **LUZ MARÍA VILLAR FERNÁNDEZ**, (**expte. P-5/2015**), a prórroga solicitada por un novo prazo non superior a tres anos, en base ao artigo 31 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Teo e o artigo 197 da Lei 9/2002, sobre ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, xunto coas posteriores modificacións coa Lei 15/2004, 2/2010, 8/2012 e 9/2013.

Segundo.- Que se notifique este acordo aos interesados para o seu coñecemento e efectos.

2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A CLUBS DEPORTIVOS SEN ÁNIMO DE LUCRO E DEPORTISTAS FEDERADOS POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2014

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 17 de setembro de 2015 que se recolle a continuación:

"***PROPOSTA DE ALCALDÍA***

Considerando a importante función de formento que ven realizando o Concello de Teo dende fai anos mediante a colaboración económica coas entidades sen ánimo de lucro de diversa índole.

Considerando que dende o concello temos a obriga de potenciar o deporte e as formas de vida saudable, concedendo axudas aos deportistas individuais, clubes e demais entidades deportivas.

Vistas as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades deportivas, clubes e deportistas federados, sen ánimo de lucro, polas actividades realizadas durante o ano 2014.

Visto o informe de Intervención emitido ao respecto, de data 17/09/2015.

***PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:*

Primeiro.-*Aprobar as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades deportivas, clubes e deportistas federados, polas actividades realizadas durante o ano 2014, que presenta o Sr. Concelleiro de Deportes e que se reflicten de seguido:*

"***BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A CLUBS DEPORTIVOS SEN ÁNIMO DE LUCRO E DEPORTISTAS FEDERADOS POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2014***

(...)"

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)), e acorda:

Primeiro.- Aprobar as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades deportivas, clubes e deportistas federados, polas actividades realizadas durante o ano 2014, que presenta o Sr. Concelleiro de Deportes e que se reflicten de seguido:

BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A CLUBS DEPORTIVOS SEN ÁNIMO DE LUCRO E DEPORTISTAS FEDERADOS POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2014

1ª.— OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases teñen por finalidade regular a concesión de subvencións destinadas á organización, promoción e/ou participación deportiva de clubs e deportistas federados no ano 2014, con cargo á partida **340/480.00** do orzamento de 2014 prorrogado no 2015 por un importe total de **12.390 euros**, dos que **3000 euros** se destinarán ás solicitudes formuladas por deportistas federados/as.
Son obxectivos perseguidos polas axudas reguladas nestas bases a potenciación do deporte, a promoción da práctica deportiva, a creación de canteiras de deportistas no Concello de Teo, tanto a curto como a longo prazo, impulsando ademais deste xeito formas de ocio alternativo.

2ª.—BENEFICIARIOS/AS

a) Os clubs deportivos sen ánimo de lucro que participen en competicións oficiais e/ou que organicen e/ou promovan actividades deportivas, con domicilio social no Concello de Teo e inscritos no Rexistro de Asociacións Deportivas do Concello de Teo.

b) Os e as deportistas federados/as empadroados/as no Concello de Teo con anterioridade á aprobación destas bases e que participen en competicións de ámbito autonómico ou superior, incluídas nos calendarios das respectivas federacións.

Non poderán solicitala todos aqueles deportistas que participen en competición federada por equipos con formato de liga regular.

c) Non poderán ter a condición de beneficiarias aquelas persoas ou entidades nas que concorran as circunstancias numeradas no artigo 13.2 da Lei 38/2003 nin as agrupacións deportivas de veteranos.

3ª.—ACTIVIDADES E GASTOS SUBVENCIONABLES

As subvencións que se outorguen ao abeiro das presentes bases, terán como finalidade:

a) Colaboración en gastos correntes derivados da realización de actividades de participación e/ou promoción deportiva por parte dos suxeitos mencionados no artigo 2º das presentes Bases e, dos gastos de conservación, mantemento ou reparación menores, que non teñan o carácter de investimento, necesarios para o desenvolvemento destas no ano 2014.
b) Gastos ocasionados pola organización de eventos deportivos durante o ano 2014 dentro do territorio municipal.
c) Aqueles clubs que reciban unha subvención nominativa non poderán concorrer a esta convocatoria co mesmo obxecto de solicitude.
d) Non serán gastos subvencionables:
— Os xuros debedores de contas bancarias.
— Os xuros, recargos e sancións administrativas.
— Os gastos de procedementos xudiciais.

4ª.—SOLICITUDES

4.1.- Instancia de solicitude.

As solicitudes presentaranse na instancia formalizada recollida no Anexo I e dirixiranse ao concelleiro de Deportes.
Soamente pode presentarse unha única solicitude por club e deportista e para unha única modalidade ou especialidade.

4.2.- Documentación.

Xunto coa instancia de solicitude do Anexo I presentarase a seguinte documentación:

1) CLUBS DEPORTIVOS:

a) Declaración responsable asinada polo/a representante do club facendo constar o número de fichas e de equipos federados, indicando a categoría de cada un e a relación nominal de xogadores e xogadoras con expresión de se están ou non empadroados/as no Concello de Teo (o que se comprobará de oficio polo Departamento de Deportes) (se é o caso).
b) Declaración responsable asinada/a polo/a representante do club na que se fará constar o persoal técnico dedicado ás categorías de base e as súas titulacións (se é o caso).
c) Copia cotexada do CIF
d) Calendarios oficiais de competición do ano 2014

2) DEPORTISTAS FEDERADOS:

a) Copia cotexada da licenza federativa en vigor
b) Copia cotexada do DNI
c) Currículo deportivo
d) Certificación federativa acreditativa da participación do/a solicitante na competición para a que se solicita a subvención e a clasificación obtida (ano 2014).
e) Certificacións federativas acreditativas da participación do/a solicitante en competicións oficiais nos dous anos anteriores aos da convocatoria (anos 2012-2013).

3) DOCUMENTOS COMÚNS A TODOS OS E AS SOLICITANTES (Clubs e deportistas):
a) Memoria económica do ano 2014 con especificación de ingresos e gastos, desagregándoos por conceptos.
b) Memoria descritiva da actividade que se desenvolveu.
c) Certificación bancaria da conta onde se efectuarán os pagamentos.
d) Certificación de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias e coa seguridade social impostas pola lexislación vixente.
e) Declaración responsable de axudas e/ou subvencións de calquera entidade pública ou privada solicitadas para a mesma finalidade, indicando a súa contía.
f) Declaración xurada conforme o solicitante non está incurso en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003.

4.3.- Lugar de solicitude.
A instancia de solicitude e a documentación correspondente presentarase no Rexistro Xeral do Concello de Teo de luns a venres de 8.00 a 14.00 h e sábados de 9.00 a 13.00 h.
As solicitudes tamén poderán presentarse en calquera dos lugares aos que fai referencia o artigo 38.4 da Lei 30/92, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4.4.- Prazo de solicitude.
O prazo de presentación das solicitudes será de 20 días naturais, contados dende o día seguinte da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

4.5.- Corrección de solicitude.
Unha vez revisadas todas as solicitudes, a aquelas que conteñan erros ou deficiencias comunicaráselles e concederáselles un prazo de 10 días hábiles a partir da súa comunicación para a súa corrección. De non emendar os defectos no dito prazo arquivarase sen máis trámites.

5ª.—CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS

As subvencións reguladas nas presentes Bases concederanse en réxime de concorrencia competitiva, polo que as solicitudes que cumpran os requisitos serán avaliadas consonte os criterios que de seguido se sinalan:

1). CRITERIOS PARA CLUBS:

a) Número de fichas ou licenzas. Ata 10 puntos.

Máis de 201	10 puntos.
Ata 200	9 puntos.
Ata 175	8 puntos.
Ata 150	7 puntos.
Ata 125	6 puntos.
Ata 100	5 puntos.
Ata 75	4 puntos.
Ata 50	3 puntos.
Ata 25	2 puntos.
Ata 15	1 punto.

b) Número de equipos federados. Ata 10 puntos.

Nove ou máis equipos	10 puntos.
Oito equipos	8 puntos.
Sete equipos	7 puntos.
Seis equipos	6 puntos.
Cinco equipos	5 puntos.
Catro equipos	4 puntos.
Tres equipos	3 puntos.
Dous equipos	2 puntos.
Un equipo	1 punto.

c) Porcentaxe de fichas ou licenzas correspondentes a participantes locais. Ata 5 puntos.

100%	5 puntos.
Máis do 85%	4 puntos.
Máis do 75%	3 puntos.
Máis do 50%	2 puntos.
Máis do 25%	1 punto.

d) Categorías de base: biberóns-prebenxamín-benxamín-alevín-infantil-cadete-xuvenil. Ata 7 puntos.

Sete categorías	7 puntos
Seis categorías	6 puntos
Cinco categorías	5 puntos.
Catro categorías	4 puntos.
Tres categorías	3 puntos.
Dúas categorías	2 puntos.
Unha categoría	1 punto.

e) Nivel de formación dos técnicos das categorías de base. Ata 8 puntos.

3 ou máis técnicos con titulación de adestrador profesional/nivel 3 na especialidade 8 puntos.

3 ou máis técnicos con titulación de adestrador avanzado/nivel 2 na especialidade	7 puntos.
3 ou máis técnicos con titulación de licenciado en Ciencias do Deporte e E.F.	7 puntos.
3 ou máis técnicos con titulación de adestrador básico/nivel 1 na especialidade	6 puntos.
3 ou mais técnicos con outras titulacións/cursos formativos na especialidade	5 puntos.
1 ou 2 técnicos con titulación de adestrador profesional/nivel 3 na especialidade	4 puntos.
1 ou 2 técnicos con titulación de adestrador avanzado/nivel 2 na especialidade	3 puntos.
1 ou 2 técnicos con titulación de licenciado en Ciencias do Deporte e E.F.	3 puntos.
1 ou 2 técnicos con titulación de adestrador básico/nivel 1 na especialidade	2 puntos.
1 ou 2 técnicos con outras titulacións/cursos formativos na especialidade	1 punto.

f) Presenza social. Organización de actividades (dentro do territorio municipal). Ata 5 puntos.

Actividade de ámbito internacional	5 puntos.
Actividade de ámbito estatal	4 puntos.
Actividade de ámbito autonómico	3 puntos.
Actividade de ámbito provincial	2 puntos.
Actividade de ámbito comarcal ou local	1 punto.

g) Presenza social. Participación en actividades. Ata 5 puntos.

Actividade de ámbito internacional	5 puntos.
Actividade de ámbito estatal	4 puntos.
Actividade de ámbito autonómico	3 puntos.
Actividade de ámbito provincial	2 puntos.
Actividade de ámbito comarcal ou local	1 punto.

h) Utilización de instalacións. Ata 5 puntos.

Utilización exclusiva de instalacións non municipais	5 puntos.
Utilización habitual de instalacións non municipais e puntual de instalacións municipais	4 puntos.
Utilización habitual de instalacións municipais e puntual de instalacións non municipais	1 punto.
Utilización exclusiva de instalacións municipais	0 puntos

i) Gastos derivados do coidado e mantemento de instalacións propias. Ata 5 puntos.

Auga, luz e conservación da instalación	5 puntos.
Luz ou auga e conservación da instalación	4 puntos.
Conservación da instalación (marcaxe, coidado da herba...)	3 puntos.

Luz ou auga	2 puntos.

Nos puntos f) e g) valorarase só a actividade de maior rango.
No punto h) enténdese por instalacións municipais aquelas de xestión directa polo Concello.

2). CRITERIOS PARA DEPORTISTAS FEDERADOS:

a) Máxima competición oficial na que participou no ano 2014. Ata 5 puntos

Competicións internacionais	5 puntos.
Competicións estatais	4 puntos.
Competicións autonómicas	3 puntos.
Outras competicións	0 puntos.

b) Máximos resultados obtidos no ano 2014. Ata 10 puntos

- **Competición internacional (Campionato do Mundo, Campionato de Europa, *ranking* mundial, *ranking* europeo):**

1º ou 2º posto	10 puntos
3º ou 4º posto	8 puntos
De 5º ao 8º posto	6 puntos
Outros postos	4 puntos

- **Competición co combinado estatal** 8 puntos

- **Competición estatal (Campionato de España, *ranking* nacional):**

1º ou 2º posto	8 puntos
3º ou 4º posto	6 puntos
De 5º ao 8º posto	4 puntos
Outros postos	2 puntos

- **Competición co combinado autonómico** 6 puntos

- **Competición Autonómica (Campionato Galego, *ranking* galego):**

1º ou 2º posto	6 puntos
3º ou 4º posto	4 puntos
De 5º ao 8º posto	2 puntos
Outros postos	1 punto

c) Máxima competición oficial na que participou nos dous anos anteriores ós da convocatoria. Ata 5 puntos

Competicións internacionais	5 puntos
Competicións co combinado estatal	5 puntos
Competicións estatais	4 puntos
Competicións co combinado autonómico	4 puntos.
Competicións autonómicas	3 puntos.

Outras competicións 0 puntos.

Os puntos nos apartados a), b) e c) no son acumulables polo que só se terá en conta a categoría e resultado superior.

6ª.—IMPORTES MÁXIMOS DAS SUBVENCIÓNS

En ningún caso o importe máximo da subvención de cada solicitante superará o 70% do orzamento da entidade/deportista para a tempada obxecto da solicitude.
O importe máximo da subvención a cada deportista individual non poderá superar os 500 euros.

7ª.—ÓRGANO COMPETENTE E PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

O órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe pronunciarse a resolución, será o Departamento de Deportes.

O órgano instrutor do procedemento será o encargado de requirir dos solicitantes a emenda de deficiencias nas solicitudes presentadas. Ademais elaborará un informe de cada unha das solicitudes presentadas no que se fará constar:

- Nome da entidade/deportista, disciplina deportiva e contía máxima á que opta.

- Se está ou non completa a documentación do expediente, con expresión da data da finalización do prazo de presentación, no seu caso.

- Se cumpre os requisitos da convocatoria, con indicación expresa dos que non cumpra, de ser o caso.

A valoración das propostas presentadas, con base nos criterios relacionados no punto anterior, efectuaraa unha Comisión de Valoración constituída polo concelleiro delegado de Deportes, que a presidirá, a concelleira delegada de Educación, o coordinador deportivo municipal, un funcionario/a do concello, que actuará tamén como secretario/a da comisión.

Esta Comisión elevará unha proposta de concesión á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención municipal. A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para a adopción do acordo de concesión de subvencións. Este acordo esgotará a vía administrativa.

8ª.—PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNS

A resolución das subvencións notificaranse individualmente e publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello, indicando a puntuación obtida por cada solicitude, o importe subvencionado e/ou os motivos da denegación.

9ª.—COMPROMISOS

Os clubs e deportistas subvencionados ao abeiro destas bases quedarán obrigados a colaborar co Concello naquelas actividades deportivas que organice cando lle sexa requirido e farán constar na súa publicidade o patrocinio do Concello de Teo.

10ª.—XUSTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES E PAGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS

Para o abono do importe das subvencións económicas concedidas, será imprescindible acreditar polos perceptores/as a aplicación efectiva dos fondos percibidos con destino á finalidade que motivou a concesión mediante a presentación da seguinte documentación:

a) Facturas relacionadas coa actividade subvencionada e por un importe superior á cantidade concedida. Só se admitirán facturas orixinais ou fotocopias cotexadas emitidas con posterioridade a realización dos gastos (adquisición de subministros, prestación de servizos, ...) e nas que ademais de reunir todos os requisitos legais, deberán figurar en detalle todos os conceptos incluídos na mesma, e a constancia expresa de "Cobrada, asinada e indicando o nome e o DNI", pola persoa representante da empresa, que recibe o pagamento ou mediante xustificante da transferencia bancaria.

b) Indicación expresa de que se realizou o fin para o que a subvención foi concedida.

c) Declaración responsable doutras axudas e/ou subvencións concedidas con expresión, no seu caso de que o conxunto das axudas percibidas non superaron o gasto realizado.

d) Memoria cuantificada das actividades realizadas, que deberán corresponder ó ano 2014, con indicación expresa dos ingresos obtidos para a realización de ditas actividades.

e) Cartelería, notas de prensa…. onde figure o patrocinio do Concello de Teo (se é o caso).

As subvencións xustificaranse antes do 30 de novembro de 2015. No caso de non xustificarse no prazo anteriormente mencionado, procederase á revogación da mesma.

O pagamento realizarase unha vez que os e as beneficiarias xustifiquen os gastos ocasionados na execución das actividades subvencionadas, sempre dentro do prazo sinalado, e despois da fiscalización da conta xustificativa pola Intervención Municipal e posterior aprobación da mesma pola Alcaldía, quen ordenará o pago.

O coeficiente de financiamento será 1, de xeito que, cando se presenten xustificantes por importe inferior ao concedido na achega, esta verase reducida proporcionalmente.

11ª.—CONTROL DA APLICACIÓN DO GASTO

O Departamento de Deportes do Concello poderá solicitar en calquera momento as explicacións e documentos que considere necesarios para o oportuno seguimento das actividades subvencionadas.

12ª.—RÉXIME SANCIONADOR

Sen prexuízo do disposto na normativa xeral e nas Bases de Execución do Orzamento Municipal en materia de subvencións, os perceptores destas subvencións veranse na obriga de devolver as cantidades percibidas para o suposto de que incumpran algunha das condicións das bases recollidas na presente normativa.

13ª.—RÉXIME XURÍDICO

Nos aspectos non especificados nestas bases, as presentes axudas regularanse polo disposto na normativa xeral reguladora de subvencións, en especial, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e a Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia.
O que se fai público para os efectos da apertura do prazo de presentación de solicitudes de subvencións polas persoas ou entidades que correspondan, tal e como se recolle nas indicadas bases.

Teo, 16 de setembro de 2015
O concelleiro de Deportes

Jorge Carballido Salgado

ANEXO 1

MODELO DE SOLICITUDE - CLUBS DEPORTIVOS

DATOS DE IDENTIFICACIÓN

- Entidade solicitante: - CIF:
- Enderezo: - Localidade:
- Teléfono: - Enderezo electrónico:
- Representante da entidade:
- DNI: - Teléfono de contacto:
- Cargo que ocupa:
- Enderezo para notificacións:

DATOS DEPORTIVOS

- Modalidade/especialidade deportiva:
- Nº. de licenzas:
- Nº participantes locais: Porcentaxe:
- Nº. de equipos federados:
- Categorías de base: 7 6 5 4 3 2 1
- Nivel dos formadores técnicos da base (indicar o número):
    - Técnico/s con titulación de adestrador profesional/nivel 3:
    - Técnico/s con titulación de adestrador avanzado/nivel 2:
    - Técnico/s con Titulación de adestrador básico/nivel 1:
    - Técnicos con titulación de licenciado en Ciencias do Deporte e E.F.:

- Técnico/s con outras titulacións/cursos formativos:

- Organización de actividades dentro do territorio municipal (marcar a de maior rango):
  Internacional - Estatal - Autonómico - Provincial - Comarcal ou local

- Participación en actividades (marcar a de maior rango):
  Internacional - Estatal - Autonómico - Provincial - Comarcal ou local

- Uso de instalacións (marcar as que corresponda):
  Instalacións non municipais Instalacións non municipais (puntualmente)
  Instalacións municipais Instalacións municipais (puntualmente)

- Gastos de mantemento das instalacións (marcar as que corresponda):
  Auga Luz Conservación da instalación

- Orzamento total do ano 2014:
- Subvención solicitada (non pode superar o 70% do orzamento):

COMPROMISOS E SINATURA

Declaro que:
- Acepto expresamente as bases da convocatoria de subvención.
- O solicitante reúne todos e cada un dos requisitos da convocatoria.
- Os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

……., ……de …… de 2015

Sinatura do representante da entidade

MODELO DE SOLICITUDE - DEPORTISTAS FEDERADOS

DATOS DE IDENTIFICACIÓN

- Nome e apelidos do deportista: - NIF:
- Enderezo: - Localidade:
- Teléfono: - Enderezo electrónico:
- Representante legal (menores de idade):
- NIF: -Teléfono:
- Relación: Pai/nai Titor/a Gardador/a de feito
- Enderezo para notificacións:

DATOS DEPORTIVOS

- Modalidade/especialidade deportiva:
- Nº. de licenza federativa:
- Competición máxima oficial na que participou no ano 2014(marcar a que corresponda):
  Internacional Estatal Autonómica

- Máximo resultado obtido en competición oficial no ano 2014: (marcar posto e competición)

Posto: 1º 2º 3º 4º 5º 6º 7º 8º outros

Competición:

Internacional Estatal Autonómica
Combinado estatal Combinado autonómico

- Competición máxima oficial na que participou nos anos 2012-2103:
  Competición Internacional
  Competición Estatal
  Competición Autonómica
  Competición co combinado nacional
  Competición co combinado autonómico

- Orzamento total do ano 2014:
- Subvención solicitada (non pode superar o 70% do orzamento nin os 500 euros):

COMPROMISOS E SINATURA

Declaro que:
- Acepto expresamente as bases da convocatoria de subvención.
- O solicitante reúne todos e cada un dos requisitos da convocatoria.
- Os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

……., ……. de …… de 2015

Sinatura do solicitante ou do representante (no caso dos menores de idade)

Segundo.- Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES EDUCATIVAS POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS NO ANO 2014

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 17 de setembro de 2015 que se recolle a continuación:

"***PROPOSTA DE ALCALDÍA***

Téndose aprobado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 06/04/2015 as bases da convocatoria de subvencións a entidades educativas, polas actividades realizadas en 2014, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de data 22/04/2015.

Téndose valorado a documentación presentada polas entidades interesadas por parte da comisión de valoración á que se refire a base 8ª da convocatoria, que presenta a súa acta de data e17/09/2014, proponiéndose nesta última os importes a conceder.

Visto o informe de Intervención emitido ao respecto, de data 17/09/2015

E, considerando o disposto na citada Base 8ª da Convocatoria referida,

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- *Aprobar a proposta realizada pola Comisión de valoración na súa acta de data 17/09/2015, segundo a cal procede conceder os importes que de seguido se indican ás seguintes entidades beneficiarias:*

SUBVENCIÓNS A CENTROS EDUCATIVOS 2014
CADRO RESUME

CENTROS EDUCATIVOS	***TOTAL PUNTUACIÓN***	***TOTAL SUBVENCIÓN (73,31 € cada punto)***
CEIP A RAMALLOSA	*22,95*	*1878,22*
CEIP OS TILOS	*16,53*	*1352,8*
IES CACHEIRAS	*19,83*	*1622,8*
CRA TEO	*14*	*1145,7*
TOTAL	***73,31***	***5999,52***

SUBVENCIÓNS A ANPAS 2014
CADRO RESUME

ENTIDADES	***TOTAL PUNTUACIÓN***	***TOTAL SUBVENCIÓN (102,15 € cada punto)***
ANPA RÍO TELLA (RAMALLOSA)	*12,25*	*1251,33*
ANPA A RABADELA (CALO)	*17,05*	*1741,6*
ANPA COBAS (OS TILOS)	*14,97*	*1529,69*
ANPA IES CACHEIRAS	*13,5*	*1379,02*
ANPA CANTOÑEIRA (CRA)	*10,75*	*1098,11*
TOTAL	***68.52***	*6999,66*

Segundo.- *Dar conta do presente acordo ás entidades interesadas, así como ao servizos económicos aos efectos oportunos.*

Teo, 17 de setembro de 2015.

O ALCALDE

Rafael Sisto Edreira"

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)), e acorda:

Primeiro.- Aprobar a proposta realizada pola Comisión de valoración na súa acta de data 17/09/2015, segundo a cal procede conceder os importes que de seguido se indican ás seguintes entidades beneficiarias:

SUBVENCIÓNS A CENTROS EDUCATIVOS 2014
CADRO RESUME

CENTROS EDUCATIVOS	TOTAL PUNTUACIÓN	TOTAL SUBVENCIÓN (73,31 € cada punto)
CEIP A RAMALLOSA	22,95	1878,22
CEIP OS TILOS	16,53	1352,8
IES CACHEIRAS	19,83	1622,8
CRA TEO	14	1145,7
TOTAL	**73,31**	**5999,52**

SUBVENCIÓNS A ANPAS 2014
CADRO RESUME

ENTIDADES	TOTAL PUNTUACIÓN	TOTAL SUBVENCIÓN (102,15 € cada punto)
ANPA RÍO TELLA (RAMALLOSA)	12,25	1251,33
ANPA A RABADELA (CALO)	17,05	1741,6
ANPA COBAS (OS TILOS)	14,97	1529,69
ANPA IES CACHEIRAS	13,5	1379,02

ANPA CANTOÑEIRA (CRA)	10,75	1098,11
TOTAL	**68.52**	6999,66

Segundo.- Dar conta do presente acordo ás entidades interesadas, así como ao servizos económicos aos efectos oportunos.

4.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e quince minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende acta, do que eu, secretaria acctal., dou fe.

O alcalde

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria acctal.,

M.ª Pilar Sueiro Castro

ACTA 20/15

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

-5 DE OUTUBRO DE 2015 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 14:00 horas do día 5 de outubro de 2015, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

Dª. Mª. Salome Beiroa Fernández

Dª. Uxía Lemus de la Iglesia

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

Dª. Mª Pilar Pérez Fagil

D. Jorge Juan Carballido Salgado

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1. **APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 07/09/2015 E DO 21/09/2015**
2. **LICENZAS URBANÍSTICAS**
3. **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE TEO**
4. **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS DE ENSINO E TRANSPORTE PARA O CURSO ACADÉMICO 2015/2016**
5. **PROPOSTAS DA ALCALDÍA**
6. **ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1. APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 07/09/2015 E DO 21/09/2015.

Acta da sesión ordinaria do día 7 de setembro de 2015

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 7 de setembro de 2015.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión ordinaria de 21 de setembro de 2015

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 21 de setembro de 2015.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos incorporados aos mesmos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. A Dª. NATALIA SALGADO GONZÁLEZ, licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar na Rúa Ledín, nº 74, Ameneiro, parroquia de Calo (R.C.: 15083A514015650000KG), segundo proxecto redactado pola arquitecta Rosa María Facal Varela.

Expediente núm: **41/15**.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado pola arquitecta Rosa María Facal Varela: Proxecto básico e de execución para as obras de construción dunha vivenda unifamiliar, visado no Colexio Oficial de Arquitectos con datas 28.04.2015 e 22.06.2015.

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31 do PXOM e 197 da LOUGA). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza.

-O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por un novo prazo non superior a seis meses, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde;

ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.

- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos limiten o campo visual para contemplalas belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

b) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

c) Queda prohibida a publicidade estática que, polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

.-Figura no expediente xustificante de transferencia bancaria por importe de 49.693,94 euros, presentado o 12.09.2015 (rex. entrada nº 7.076) como garante para responder das obras de urbanización.

Parámetros da obra permitidos:

-Clasificación do solo: ORDENANZA U-3, RESIDENCIAL DE BAIXA DENSIDADE EN TIPOLOXÍA EXENTA

-Usos: VIVENDA UNIFAMILIAR

-Arquitecta directora das obras: Rosa María Facal Varela.

-Arquitecto técnico director: Oscar Manuel Villa Tasende.

-Coordinador de seguridade e saúde: Oscar Manuel Villa Tasende.

-Presuposto: 135.280,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 2.705,60 €.

-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 295,74 €.

-. Cartel indicador: 120,00 €.

Total: 3.121,34 euros.

2.2. A Dª. SONIA MARÍA CONDE CASAIS e D. VICTOR VILLAVERDE VÁZQUEZ, licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, peche frontal da parcela e piscina en Casal de Reis, parroquia de Raris (R.C.: 15083B510005570000SB) segundo proxecto redactado polos arquitectos Jorge Nimo Silva e Carlos Mezquita Fenández.

Expediente núm: **42/15**.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polos arquitectos Jorge Nimo Silva e Carlos Mezquita Fenández: Proxecto básico e de execución para as obras de construción dunha vivenda unifamiliar, peche frontal da parcela e piscina, visado no Colexio Oficial de Arquitectos con datas 18.05.2015 e 24.08.2015.

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31 do PXOM e 197 da LOUGA). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza.

-O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por un novo prazo non superior a seis meses, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde;

ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.

- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos limiten o campo visual para contemplalas belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

b) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

c) Queda prohibida a publicidade estática que, polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: ORDENANZA N-2, NÚCLEO RURAL EXPANSIÓN
-Usos: VIVENDA UNIFAMILIAR
-Arquitectos directores das obras: Jorge Nimo Silva e Carlos Mezquita Fenández.
-Arquitecto técnico director: Román Gerardo Torreiro Couso.
-Coordinador de seguridade e saúde: Román Gerardo Torreiro Couso.
-Presuposto: 161.050,22 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 3.221,00 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 167,70 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 3.508,70 euros.

2.3. A D. ANTONIO JAVIER CAMINO CASTIÑEIRAS e Dª. EVA MARÍA PEITEADO VARELA, licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar illada e peche frontal da parcela, en Mazas, parroquia de Calo (R.C.: 15083A51402523000K) segundo proxecto redactado polo arquitecto Francisco Javier Fenández Echeverría.
Expediente núm: **43/15**.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Francisco Javier Fenández Echeverría: Proxecto básico e de execución para as obras de

construción dunha vivenda unifamiliar illada e peche frontal da parcela, visado no Colexio Oficial de Arquitectos con data 06.08.2015.

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31 do PXOM e 197 da LOUGA). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza.

-O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por un novo prazo non superior a seis meses, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.

- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos limiten o campo visual para contemplalas belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

b) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

c) Queda prohibida a publicidade estática que, polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

.-Figura no expediente aval bancario, da entidade ABANCA, por importe de 6.720,01 euros, presentado o 10.09.2015 (rex. entrada nº 6.954) como garante para responder das obras de urbanización.

Parámetros da obra permitidos:

-Clasificación do solo: ORDENANZA U-3, RESIDENCIAL DE BAIXA DENSIDADE EN TIPOLOXÍA EXENTA

-Usos: VIVENDA UNIFAMILIAR

-Arquitecto director das obras: Francisco Javier Fenández Echeverría.

-Arquitecto técnico director: Enrique Perol Rama.

-Coordinador de seguridade e saúde: Enrique Perol Rama.

-Presuposto: 147.902,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 2.958,04 €.

-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 169,82 €.

-. Cartel indicador: 120,00 €.

Total: 3.247,86 euros.

3. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE TEO.

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía do 1 de outubro de 2015 que se recolle a continuación:

"***PROPOSTA DA ALCALDÍA***

Visto o escrito presentado por D. Dionisio Pérez Castro, DNI nº 33.858.049-W, en representación da entidade SERVITAL, S.L., adxudicataria do contrato de servizo de AXUDA

NO FOGAR DO CONCELLO DE TEO, mediante o que solicita a prorroga do contrato a partir do 1 de novembro de 2015.

Visto o contrato subscrito o 30/04/2014, entre o Concello de Teo e a empresa SERVITAL SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S. L., CIF B-27348614, para a prestación do citado servizo.

Considerando que a cláusula 4 do Prego de cláusulas administrativas que rexen o contrato establece:

"A duración do contrato será de un ano, contado dende a data de inicio da actividade, podendo ser prorrogado por trimestres, mediante acordo do órgano de contratación, que resultará obrigatorio para o contratista, de acordo co establecido no artigo 23 do TRLCSP, sen que a duración total do contrato, incluídas as prorrogas, poida exceder de dous anos."

Considerando que o referido contrato foi asinado o 30 de abril de 2014, iniciándose a actividade o 01/05/2014, o período do contrato inicial rematou o 30/04/2015, contrato que foi prorrogado por acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de abril de 2015, ata o 31/07/2015, e por acordo da Xunta de Goberno Local de 06/07/2015 ata o 31/10/2015.

Considerando que subsisten as necesidades que no seu día motivaron a contratación do servizo.

Visto o informe de secretaría de 30 de setembro de 2015, e en virtude do establecido na disposición adicional segunda en relación co artigo 23 do TRLCSP.

***PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo*

***Primeiro**.- Acordar a prórroga do 01/11/2015 ata o 31/12/2015, do contrato asinado coa empresa SERVITAL SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S. L., CIF B-27348614, para a prestación do servizo de AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE TEO, asinado o 30/04/2015, e que tiña unha duración inicial de un ano, mantendo as condicións contractuais vixentes.*

***Segundo.-** Notificar este acordo á empresa adxudicataria, citándoo para a formalización da prorroga en documento administrativo.*

***Terceiro.-** Dar traslado do acordo á intervención municipal aos efectos oportunos*.".

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)), acorda:

Primeiro.- Acordar a prórroga do 01/11/2015 ata o 31/12/2015, do contrato asinado coa empresa SERVITAL SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S. L., CIF B-27348614, para a prestación do servizo de AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE TEO, asinado o 30/04/2015, e que tiña unha duración inicial de un ano, mantendo as condicións contractuais vixentes.

Segundo.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria, citándoo para a formalización da prorroga en documento administrativo.

Terceiro.- Dar traslado do acordo á intervención municipal aos efectos oportunos.

4. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS DE ENSINO E TRANSPORTE PARA O CURSO ACADÉMICO 2015/2016.

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía do 2 de outubro de 2015 que se recolle a continuación:

"***PROPOSTA DA ALCALDÍA***

ASUNTO: Convocatoria de axudas para o ensino e o transporte do Concello de Teo 2015/2016

Téndose redactado as Bases reguladoras da Convocatoria de Axudas de Ensino e Transporte para o curso académico 2015/2016 e unha vez emitido o informe de fiscalización pola Intervención Municipal en data 02/10/2015, propoño á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- *Aprobar as bases da convocatoria de axudas para o ensino e o transporte 2015/2016 que de seguido se reflicten:*

(...)

Segundo.- *Ordenar a publicación das citadas bases no Boletín Oficial da Provincia, así como no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal.*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)), acorda:

Primeiro.- Aprobar as bases da convocatoria de axudas para o ensino e o transporte 2015/2016 que de seguido se reflicten:

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O ENSINO E O TRANSPORTE DO CONCELLO DE TEO 2015/2016

- **Primeira.** ***Obxecto da convocatoria.***

É obxecto da presente convocatoria de axudas favorecer a escolarización pública e formación universitaria en familias con menos recursos económicos do Concello de Teo.

- **Segunda. *Destinatarios/as e requisitos.***

Para ser beneficiario destas axudas é preciso cumprir os seguintes requisitos:

a) Cursar estudos nalgún dos seguintes centros de ensino para os que se solicita a axuda:

-PRIMARIA E INFANTIL: todos os centros públicos do Concello (CEIP A Ramallosa, Os Tilos, Calo e CRA)

-ESO: IES de Cacheiras e Pontepedriña

-FP OU PCPI: calquera centro público

-BACHARELATO: IES de Cacheiras , IES de Pontepedriña e o alumnado que curse noutro IES algunha modalidade de Bacharelato que non exista nos centros anteriores.

-UNIVERSITARIOS: calquera universidade galega.

-ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL-ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES:Calquera centro galego.

-O ALUMNADO cuxas necesidades educativas especiais impidan a súa escolarización nun centro ordinario do municipio, poderá solicitar a axuda para a asistencia a un Centro de Educación Especial, aínda que non estea localizado no Concello.

b) Que a renda per cápita familiar non supere os límites establecidos na base quinta da presente convocatoria.

c) Estar empadroado no Concello de Teo e ser fillo dependente economicamente. Non pode beneficiarse destas axudas o alumnado que non sexa dependente economicamente. Considerararanse fillos dependentes economicamente os menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita a axuda sempre que non teñan un contrato de traballo ou percibiran recursos (agás bolsas) durante o ano 2015.

d) Presentar certificado de matrícula do/a alumno/a para o curso 2015/2016 (agás alumnos/as de Primaria, Infantil e ESO).

e) Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario, recollidas nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

f) As axudas serán solicitadas polos representantes legais do alumnado: os pais, as nais ou os titores, e no caso de alumnos/as de entre 18 e 25 anos poderán facelo tamén os propios beneficiarios.

g) Poderán ser beneficiarios da axuda de transporte (ben coa bonificación que lles outorga a tarxeta de transporte metropolitano aos 18 concellos situados na área do TMG, ben coa axuda que se concede aos estudantes de centros situados fóra desa área de influencia) o alumnado de:

a. Formación Profesional
b. PCPI
c. Universitarios
d. Alumnado de Bacharelato que curse estudios no IES de Pontepedriña, ou noutro IES nalgunha modalidade que non se imparta no municipio.
e. Alumnado con necesidades educativas especiais escolarizado en centros de educación especial e talleres ocupacionais de fora do Concello.
f. Alumnado de ensinanzas artísticas superiores.

- **Terceira. *Solicitudes e documentación necesaria.***

Documentación obrigatoria:

a) As solicitudes para a concesión destas axudas formalizaranse no impreso normalizado que se inclúe como Anexo I e poderá así mesmo obterse nas oficinas xerais (Rexistro de Entrada) do Concello de Teo ou ben a través da páxina web: www.concellodeteo.com

b) Xunto coa solicitude, no modelo normalizado e debidamente cuberto, presentarase a seguinte documentación:

- ✓ **Fotocopia do DNI do solicitante.**
- ✓ **Fotocopia do libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar.**
- ✓ **Fotocopia da declaración da renda correspondente ao exercicio 2014 dos pais ou titores legais. No caso de non estar obrigado a presentar a declaración do IRPF, copia da notificación-liquidación ou certificado acreditativo do nivel de rendas emitido pola Axencia de Administración Tributaria que corresponda. Excepcionalmente, se a unidade familiar alega carecer de recursos, ou quere acreditar unha situación excepcional, imprevista ou de carácter de especial**

necesidade que afecte negativamente á situación familiar ou no caso de percibir pensións non contributivas deberá acreditala mediante informe social. Nos casos de separación ou divorcio estase ao previsto na Base 6ª para a determinación dos membros da unidade familiar. Os fillos entre 18 e 25 anos inclusive, que perciban rendas e non figuren na declaración da renda dos pais aínda que residan con eles, deberán acreditar os seus rendementos e computarán como ingresos da unidade familiar.

- ✓ **No caso de presentar solicitudes para varios irmáns, non é necesario duplicar documentación.**
- ✓ **Facturas orixinais ou copia cotexada que acrediten o gasto realizado en material escolar ou libros para o alumnado de primaria, infantil e E.S.O. Dado o carácter finalista das axudas desta convocatoria, en ningún caso, o importe da axuda concedida polo Concello poderá ser superior ao gasto realizado polo/a beneficiario/a. En consecuencia, de ser necesario, realizarase o oportuno axuste na cantidade da axuda concedida en cada caso. Se se detectasen facturas falsas ou fraude na declaración dos datos facilitados se perderá o dereito a obter as axudas en anos seguintes.**
- ✓ **Certificado da matrícula expedido polo centro educativo para o alumnado de Bacharelato, F.P., PCPI, universitarios, ensinanzas artísticas superiores e alumnado con necesidades educativas especiais.**
- ✓ **Declaración responsable de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e da Seguridade Social, de non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións públicas e de estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións, e autorización ao Concello de Teo para que realice as comprobacións oportunas durante todo o período que dure o proceso, segundo Anexo II.**

Documentación complementaria:

- ✓ **Certificado que acredite o grao de minusvalía e/ou incapacidade nun grao igual ou superior ao 33% dalgún membro da unidade familiar, se procede.**
- ✓ **Certificado que acredite a situación de desemprego por un período superior a 6 meses durante o ano 2015 dalgún membro da unidade familiar, se procede.**

- ✓ **Documentación acreditativa da situación de familia monoparental ou de ausencia de ambos os dous proxenitores.**

- **Cuarta. *Lugar e prazo de presentación das solicitudes.***

a) **A solicitude presentarase no rexistro xeral do Concello de Teo, de luns a venres en horario de 8:00 a 14:00 horas ou os sábados de 9:00 a 13:00 horas, ou a través das formas establecidas no artigo 38.4 da Lei 30/92, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.**

b) **O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.**

• Quinta. *Contía das bolsas*

O Concello de Teo aboará as bolsas aos beneficiarios que reúnan todos os requisitos previstos na base segunda e presenten a súa solicitude dentro do prazo establecido na convocatoria xunto coa documentación requerida na base terceira.

Os importes máximos das axudas de ensino, por alumno/a e curso serán os que se reflicten na táboa seguinte:

CURSO	IMPORTE DA AXUDA
EDUCACIÓN INFANTIL	100 €
1º A 6º DE PRIMARIA,1º, 2º, 3º E 4º DA E.S.O, PCPI, ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS	100 €
BACHARELATO, F.P.	150€
UNIVERSIDADE, ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES	200€

Para aqueles/as alumnos/as de calquera nivel educativo que acrediten minusvalía psíquica, incrementarase o importe da axuda de ensino nun 50%.

Os importes das axudas de transporte, por alumno e curso determinaranse en función da situación do centro educativo, tal e como se indica na seguinte táboa:

DISTANCIA EN KMS	IMPORTE BOLSA
Centros situados en Santiago de Compostela e nos 18 Concellos que forman a área de influencia do transporte metropolitano de Galicia	**50% da custe do viaxe para 40 viaxes. (información sobre condicións e solicitude de tarxeta na Concellería de Transporte do Concello de Teo)**
Centros situados fóra dá área de influencia do TMG	**200€**

- **Sexta. *Valoración das solicitudes***

Na valoración das solicitudes teranse en conta a renda per cápita familiar e o exercicio fiscal 2014.

A renda per cápita familiar englobará os ingresos de todos os membros da unidade familiar divididos polo número de membros computables.

Para o previsto nestas bases considérase que compoñen a unidade familiar:

- **Os pais non separados legalmente e, no seu caso, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor.**
- **Os fillos menores de idade, con excepción dos emancipados.**
- **Os fillos maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.**
- **Os fillos solteiros menores de vintecinco anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita a bolsa sempre que non tiveran un contrato de traballo ou percibiran recursos (agás bolsas) durante o ano 2014.**
- **No caso de familias monoparentais, para os efectos do cálculo da renda per cápita, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Considerarase familia monoparental aquel "núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou as fillas menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento" (*artigo 13 da Lei 3/2011*). Para os efectos da *consideración da monoparentalidade,* e sempre que o fillo ou filla teña sido recoñecido por ambos/ambas proxenitores/as, no caso de non existir acordo xudicial algún no referido ao outorgamento da garda e custodia así como a atribución de pensión de alimentos en favor da/do menor estimarase como xustificación suficiente**

a declaración xurada do proxenitor/proxenitora/responsable legal solicitante, sen prexuízo de que a administración poida efectuar maiores comprobacións valéndose dos medios legalmente establecidos.

- **No caso de ausencia de ambos os dous proxenitores, para os efectos do cálculo da renda per cápita, incrementarase nun 1,6 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.**
- **Cando non exista vínculo matrimonial a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os fillos dos pais que convivan con eles e que reúnan os requisitos do apartado anterior.**
- **No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co solicitante da bolsa de axuda. En cambio, si terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva co solicitante. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma, ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.**

A valoración das solicitudes presentadas efectuarase segundo o seguinte cadro de puntuacións:

Renda per cápita familiar	Puntuación
De 0 € a 4.000 €	6
De 4.001 € a 5.000 €	4
De 5.001 € a 6.000 €	2

As rendas per cápita superiores a 6.000€ non terán dereito a axuda de ensino, e as rendas per cápita superiores a 4.000€ non terán dereito a axuda de transporte.

Ademais da renda per cápita teranse en conta as seguintes circunstancias sempre que se acrediten co correspondente certificado:

a) **Si algún membro da unidade familiar ten unha minusvalía igual ou superior ao 33%, puntuarase esta circunstancia con 2 puntos adicionais.**
b) **Cando o pai/nai ou titor/a acrediten a situación de desemprego durante máis de seis meses no ano 2015 incrementarase a valoración con 2 puntos adicionais.**

- **Sétima.** ***Importe máximo e crédito orzamentario***

O importe total para axudas de ensino e transporte prevese en 35.000 €, e levarase a cabo mediante a tramitación anticipada de gasto que se imputará ao crédito do exercicio 2016, á aplicación orzamentaria 320/480.00, ao abeiro do establecido no artigo 56 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo). De acordo co mesmo, a concesión das axudas queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución da concesión.

- **Oitava.-** ***Do procedemento de concesión das axudas***

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas serán valoradas pola comisión avaliadora conforme aos criterios establecidos na base 6ª. Posteriormente publicarase no taboleiro de edictos do Concello unha lista provisional e abrirase un prazo de 10 días para subsanación de documentación. Transcorrido este prazo a Comisión emitirá unha proposta definitiva que será fiscalizada pola Intervención municipal e de seguido procederase á súa aprobación pola Xunta de Goberno Local así como á súa publicación no taboleiro de edictos do Concello.

- **Novena.-*Compatibilidade***

A percepción destas axudas será compatible coa percepción doutras coa mesma finalidade que se poidan percibir doutras administracións.

- **Décima.-*Comisión avaliadora***

A comisión avaliadora das solicitudes e documentación estará formada por:
-A concelleira de Educación
-A interventora municipal
-O técnico da Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local.
- A auxiliar de servizos económicos.

- ***Onceava.-xustificación***

A documentación xustificativa presentarase no mesmo momento da solicitude.
-Xustificantes esixidos para as axudas de ensino:

ALUMNOS DE:	TIPO DE XUSTIFICANTE
PRIMARIA, INFANTIL E ESO	Facturas orixinais ou copias cotexadas que acrediten o gasto realizado en material escolar e libros
BACHARELATO,FP, PCPI, UNIVERSITARIOS,ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES, ALUMNADO CON NEE	Certificado de matrícula, ou resgardo de ter pagada a matrícula, selado pola entidade bancaria.

-Xustificantes esixidos para as axudas de transporte:

ALUMNOS DE:	TIPO DE XUSTIFICANTE
BACHARELATO, FP, PCPI, UNIVERSITARIOS, ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES, ALUMNADO CON NEE	Certificado de matrícula, ou resgardo de ter pagada a matrícula selado pola entidade bancaria.

- ***Disposición derradeira***

Concederanse as presentes axudas ata o límite orzamentario previsto na aplicación orzamentaria destinada para tal fin no Orzamento Xeral do Concello de Teo para o ano 2015 (como tramitación anticipada de gasto). De verse superada esta contía na valoración das solicitudes, priorizarase a concesión de axudas ás unidades familiares que obteñan maior puntuación na valoración das solicitudes.

Teo, a 01 de Outubro de 2015.

O alcalde

Rafael Sisto Edreira

ANEXO I
MODELO DE SOLICITUDE DE AXUDAS PARA O ENSINO E O TRANSPORTE - CONVOCATORIA PÚBLICA COMPLEMENTARIA CURSO 2015/2016

DATOS DO/DA SOLICITANTE (PAI/NAI-TITOR/TITORA/ ALUMNOS ENTRE 18 A 25 ANOS)

NOME E APELIDOS	
NIF	
ENDEREZO	
TELÉFONO	
IBAN: CC:	

DATOS DO/A ALUMNO/A

NOME E APELIDOS	
CURSO	
CENTRO DE ESTUDOS	

AXUDA SOLICITADA:	☐ **AXUDA DE ENSINO** ☐ **AXUDA DE TRANSPORTE**

- **DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA QUE SE ACHEGA (marque cun x) (unha soa fotocopia para todas as solicitudes da mesma unidade familiar):**

☐ **Fotocopia do DNI do/da solicitante (pai/nai-titor/titora).**
☐ **Fotocopia do libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar.**
☐ **Declaración responsable segundo Anexo II**

- **Ingresos da unidade familiar (elixir a opción que corresponda): (unha soa fotocopia para todas as solicitudes da mesma unidade familiar):**

☐ **Fotocopia da declaración da renda (IRPF) 2014.**
☐ **Certificado da AEAT de non ter presentado a declaración no que se acrediten os ingresos obtidos no exercicio 2014.**
☐ **Outra documentación xustificativa dos ingresos da unidade familiar.**

- **DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA QUE SE ACHEGA (marque cun x):**

☐ **Certificado que acredite o grao de minusvalía dalgún membro da unidade familiar (se procede).**
☐ **Certificado que acredite a situación de desemprego por período superior a 6 meses dalgún membro da unidade familiar (se procede) durante o ano 2015.**
☐ **Documentación acreditativa da situación de familia monoparental ou de ausencia de ambos os dous proxenitores.**

- **XUSTIFICACIÓN <u>OBRIGATORIA</u> DAS AXUDAS DE ENSINO E TRANSPORTE:**

☐ **Facturas orixinais do gasto realizado en material ou libros (alumnado de Primaria, Infantil e ESO)**
☐ **Certificado da matrícula expedido polo centro educativo (Bacharelato, FP e universitarios/as, ensinanzas artísticas superiores, PCPI e alumnado con NEE).**

Teo, ...de .....de 2015

Asdo.: .....

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ANEXO II
DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D.ª_____, con NIF/pasaporte _____, pai, nai, titor/a do/a, dos/das alumno/a,alumnos/as, alumnos solicitantes de 18 a 25 anos_____ _____,

DECLARO:

1.-Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

2.- Non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condicion de beneficiario/a de subvencións públicas recollidas nos artigos 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

3.- Estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións.

AUTORIZO:

- Ao concello de Teo para que realice as comprobacións oportunas en relación cós apartados anteriores, durante todo o período que dure o proceso de concesión e pago das axudas para o curso 2015/2016

En _____, a día _____ de _____ de 2015.

Asdo.: _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

Segundo.- Ordenar a publicación das citadas bases no Boletín Oficial da Provincia, así como no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal.

5. PROPOSTAS DA ALCALDÍA

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

6. ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e quince minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde, A secretaria xeral,

Rafael C. Sisto Edreira Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ACTA 21/15

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
-19 DE OUTUBRO DE 2015 –

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 14:10 horas do día 19 de outubro de 2015, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente:
D. Rafael Carlos Sisto Edreira
Concelleiros/as:
Dª. Mª. Salome Beiroa Fernández
Dª. Uxía Lemus de la Iglesia
D. Xosé Ignacio Iglesias Villar
Dª. Mª Pilar Pérez Fagil
D. Jorge Juan Carballido Salgado

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1. **APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 05/10/15**
2. **LICENZAS URBANÍSTICAS**
3. **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO**
4. **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE ICIO A D. JOSÉ RÍO COUSELO**
5. **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE FIANZA A D. JUAN CARLOS BLANCO FRANCISCO**
6. **PROPOSTAS DA ALCALDÍA**
7. **ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 05/10/15.

Antes de entrar neste punto, a sra. secretaria advirte que se leva arrastrando un erro material na numeración interna que se dá ás actas da Xunta de Goberno Local, por mor de que houbo algunha sesión ordinaria non celebrada por falla de quorum, e tamén algunha non convocada por falla de asuntos na orde do día, das que se levantou a oportuna dilixencia, resultando polo tanto preciso facer a oportuna corrección.

Así, a numeración das actas da Xunta de Goberno Local do ano 2015 celebradas ata o día da data, quedaría como segue:

Acta 1/15: Xunta de Goberno Local ordinaria do 19/01/15
Acta 2/15: Xunta de Goberno Local ordinaria do 02/02/15
Acta 3/15: Xunta de Goberno Local ordinaria do 16/02/15
Acta 4/15: Xunta de Goberno Local ordinaria do 02/03/15
Acta 5/15: Xunta de Goberno Local ordinaria do 16/03/15
Acta 6/15: Xunta de Goberno Local ordinaria do 06/04/15
Acta 7/15: Xunta de Goberno Local extraordinaria do 10/04/15
Acta 8/15: Xunta de Goberno Local ordinaria do 20/04/15
Acta 9/15: Xunta de Goberno Local ordinaria do 04/05/15
Acta 10/15: Xunta de Goberno Local ordinaria do 18/05/15
Acta 11/15: Xunta de Goberno Local extraordinaria do 08/06/15
Acta 12/15: Xunta de Goberno Local extraordinaria do 10/06/15
Acta 13/15: Xunta de Goberno Local.- Sesión constitutiva 22/06/15
Acta 14/15: Xunta de Goberno Local ordinaria do 06/07/15
Acta 15/15: Xunta de Goberno Local ordinaria do 20/07/15
Acta 16/15: Xunta de Goberno Local ordinaria do 03/08/15
Acta 17/15: Xunta de Goberno Local extraordinaria do 24/08/15
Acta 18/15: Xunta de Goberno Local ordinaria do 07/09/15
Acta 19/15: Xunta de Goberno Local ordinaria do 21/09/15

Acta 20/15: Xunta de Goberno Local ordinaria do 05/10/15
Os/as sres. sras. concelleiros/as danse por enterados.

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 5 de outubro de 2015.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos incorporados aos mesmos.

Considerando que o marco legal vixente non esixe estar en posesión dunha determinada titulación académica ou profesional para informar os expedientes de solicitude de licenza e que a labor dos técnicos municipais na emisión de informes sobre licenzas urbanísticas de calquera tipo, non supón en ningún caso unha valoración sobre a calidade técnica dos proxectos ou das súas prescricións, senón so unha comprobación formal, unha interpretación dos planos e condicións, así como o seu contraste cos instrumentos urbanísticos aos que teña que axustarse.

De acordo co exposto a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. A Dª. MARÍA CRISTINA OTERO BARROS e a Dª. MARÍA DEL CARMEN OTERO BARROS, licenza para segregación (catro parcelas) das fincas núms. 636 e 637 do plano de concentración parcelaria da parroquia de Reis, segundo proxecto técnico redactado por Juan Carlos Vilariño Santos.

Expediente núm: **44/15**.

Superficie finca matriz:

-núm. 636: 6.160,00 m^2

-núm. 637: 5.040,00 m^2

11.200,00 m^2

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 19.05.2015 (rex. entrada nº 3.553), redactado por Juan Carlos Vilariño Santos, respectando as aliñacións e condicións da ordenanza de Solo de núcleo rural tradicional N-1 e Solo de expansión de Núcleo N-2 correspondente ao Plan Xeral do Concello de Teo e de acordo coa lexislación vixente. A segregación non afecta ao solo rústico.

-Respectaranse as vías públicas previstas no PXOM.

-As parcelas resultantes que indica o proxecto presentado son:

Finca 636: 3.310,00 m^2 (superficie neta: 2.946,00 m^2)

Finca 636-1: 2.850,00 m^2 (superficie neta: 2.714,00 m^2)

Finca 637: 2.190,00 m^2 (superficie neta: 2.087,00 m^2)

Finca 637-1: 2.850,00 m^2 (superficie neta: 2.672,00 m^2)

-Actualizará os datos catastrais das fincas resultantes.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 240,00 €.

2.2. A Dª. OLGA MARÍA BOUZAS LOUZAO, en representación da **COMUNIDADE DE IRMÁNS BOUZAS LOUZAO,** licenza para segregación (tres parcelas) da finca núm. 947 do plano de concentración parcelaria da parroquia de Calo, segundo proxecto técnico redactado por María José Bouzas Louzao.

Expediente núm: **45/15**.

Superficie finca matriz: 2.743,00 m^2

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 12.06.2015 (rex. entrada nº 4.575), redactado por María José Bouzas Louzao, respectando as aliñacións e condicións da ordenanza de Solo de expansión de núcleo rural N-2 correspondente ao Plan Xeral do Concello de Teo e de acordo coa lexislación vixente.

-As parcelas resultantes que indica o proxecto presentado son:

Parcela 1 (947-1): 906,56 m^2 (superficie neta: 806,22 m^2)

Parcela 2 (947-2): 905,79 m^2 (superficie neta: 806,20 m^2)

Parcela 3 (947-3): 930,65 m^2 (superficie neta: 806,77 m^2)

-Actualizará os datos catastrais das fincas resultantes.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 180,00 €.

2.3. A D. SANTIAGO OTERO FERNÁNDEZ, licenza para segregación (cinco parcelas: catro fincas resultantes e unha de cesión para vial público) da finca núm. 1.458 do plano de concentración parcelaria do monte da parroquia de Cacheiras-Recesende, segundo proxecto técnico redactado por Pedro María Melero Cao.

Expediente núm: **46/15**.

Superficie finca matriz: 5.000,00 m^2

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 12.06.2015 (rex. entrada nº 4.514), redactado por Pedro María Melero Cao, respectando as aliñacións e condicións da ordenanza de Solo de expansión de Núcleo rural N-2, Solo de núcleo rural tradicional N-1 e Solo rústico R-2 correspondente ao Plan Xeral do Concello de Teo e de acordo coa lexislación vixente. A segregación non afecta ao solo rústico.

-Respectaranse as vías públicas previstas no PXOM.

-Cederá formalmente a finca correspondente a vía pública antes do inicio de calquera obra sobre as fincas resultantes.

-As parcelas resultantes que indica o proxecto presentado son:

Finca 1.458-1: 940,00 m^2 (superficie neta: 940,00 m^2)

Finca 1.458-2: 750,00 m^2 (superficie neta: 750,00 m^2)

Finca 1.458-3: 750,00 m^2 (superficie neta: 750,00 m^2)

Finca 1.458-resto matriz: 1.828,00 m^2 (superficie neta: 1.828,00 m^2)

Finca 1.458-cesión vial: 732,00 m^2

-Actualizará os datos catastrais das fincas resultantes.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 240,00 €.

3. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO.

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 16 de outubro de 2015 que se recolle a continuación:

"*PROPOSTA ALCALDÍA*

Vista a solicitude presentada por D. Victor Durango Domínguez, en representación de Gas Galicia SDG SA, de 27 de agosto de 2015 (res. entrada nº 6.820), para que se lle otorgue autorización para a ocupación do dominio público para poder levar a cabo a obra de ampliación de rede para o subministro de gas natural canalizado na rúa do Viveiro, 1, coas seguintes características:

RED 22 m Polietileno 160 mm

ACOMETIDA/S 1uds 1m Polietileno 32 mm

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 12 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización de gas son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes de gas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o párrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo

caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da alcaldía de 15 de xuño de 2015 (nº 463/15), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a D. Victor Durango Domínguez licenza para a ocupación de dominio público para a ampliación de rede de gas na rúa do viveiro, 1, de acordo co solicitado con data de 7 de setembro de 2015 (rex. entrada nº 6.820).*

Segundo.- *Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles desperfectos que a execución das obras poidan causar na vía pública.*

Terceiro.- *Liquidar a taxa por ocupación do dominio público de conformidade co establecido na correspondente ordenanza fiscal.*

Cuarto.- *Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes, e dar traslado ao departamento de intervención para o seu coñecemento e efectos oportunos.*"

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a D. Victor Durango Domínguez licenza para a ocupación de dominio público para a ampliación de rede de gas na rúa do viveiro, 1, de acordo co solicitado con data de 7 de setembro de 2015 (rex. entrada nº 6.820).

Segundo.- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles desperfectos que a execución das obras poidan causar na vía pública.

Terceiro.- Liquidar a taxa por ocupación do dominio público de conformidade co establecido na correspondente ordenanza fiscal.

Cuarto.- Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes, e dar traslado ao departamento de intervención para o seu coñecemento e efectos oportunos.

4. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE ICIO A D. JOSÉ RÍO COUSELO.

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 8 de outubro de 2015 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a instancia presentada por D José Río Couselo en data 04/09/2015 con nº RE 6742 pola cal solicitan devolución do importe ingresado en concepto do ICIO, correspondente ao expediente de licenza nº261/2008 que ascende a 2.400€.

Visto o informe emitido polo arquitecto técnico municipal de data 05/10/2015 segundo o cal, a obras de referencia efectivamente, non están executadas.

Visto o escrito de renuncia expresa á licenza citada, presentado polo interesado xunto coa súa petición.

Visto o informe de Intervención emitido ao respecto en data 08/10/2015 ..segundo o cal, procedería estimar a solicitude prantexada polo interesado e proceder á devolución do importe aboado polo ICIO.

Considerando o disposto no artigo 221.1 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, así como nos arigos 15 e ss. do Real Decreto 520/2005, de 13 de maio,

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

***Primeiro**.- Estimar a solicitude presentada por D. José Río Couselo en data 04/09/2015 con nº RE6742, e recoñecerlle o dereito á devolución do ICIO correspondente ao expediente de licenza nº261/2008 por importe de 2.400€, por importe toda vez que o interesado presentou escrito de renuncia expresa a realizar as obras.*

***Segundo**.- Dar conta do presente acordo ao interesado, contra o cal poderá interpor o recurso de reposición a que fai referencia o artigo 21 do RD 520/2005, de 13 de maio.*

***Terceiro**.- Dar conta do presente acordo aos servizos económicos e urbanísticos aos efectos oportunos.".*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)), acorda:

Primeiro.- Estimar a solicitude presentada por D. José Río Couselo en data 04/09/2015 con nº RE6742, e recoñecerlle o dereito á devolución do ICIO correspondente ao expediente de licenza nº261/2008 por importe de 2.400€, por importe toda vez que o interesado presentou escrito de renuncia expresa a realizar as obras.

Segundo.- Dar conta do presente acordo ao interesado, contra o cal poderá interpor o recurso de reposición a que fai referencia o artigo 21 do RD 520/2005, de 13 de maio.

Terceiro.- Dar conta do presente acordo aos servizos económicos e urbanísticos aos efectos oportunos.

5. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE FIANZA A D. JUAN CARLOS BLANCO FRANCISCO.

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 9 de outubro de 2015 que se recolle a continuación:

*"**PROPOSTA DE ALCALDÍA***

Vista a instancia presentada en data 29/04/2015 por Juan Carlos Blanco Francisco, de devolución de garantía das obras de canalización soterrada en Rarís nº 45.

Visto o informe do técnico municipal, de data 07/10/2015, segundo o cal as obras se atopan en correcto estado.

Visto o informe da intervención municipal, emitido en data 09/10//2015, favorable á devolución,

***PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos::*

***Primeiro**.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por Juan Carlos Blanco Francisco correspondente ás obras de canalización soterrada en Rarís nº 45, por importe 150,00 €, devolvéndoselle a citada fianza ó interesado.*

***Segundo**.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais".*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)), acorda:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por Juan Carlos Blanco Francisco correspondente ás obras de canalización soterrada en Rarís nº 45, por importe 150,00 €, devolvéndoselle a citada fianza ó interesado.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

6. PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

7. ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e vinte e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde, A secretaria xeral,

Rafael C. Sisto Edreira Virginia Fraga Díaz

ACTA 22/15

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 3 DE NOVEMBRO DE 2015 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 14:00 horas do día 3 de novembro de 2015, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

Dª. Mª. Salome Beiroa Fernández

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

Dª. Mª Pilar Pérez Fagil

D. Jorge Juan Carballido Salgado

Non asiste, previa excusa:

Dª. Uxía Lemus de la Iglesia

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1. **APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 19/10/15**
2. **LICENZAS URBANÍSTICAS**
3. **PROPOSTAS DA ALCALDÍA**
4. **ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 19/10/15.

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 19 de outubro de 2015.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplic.able. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. A Dª. FLORENTINA MARÍA DEL CARMEN IGLESIAS VÁZQUEZ, licenza para segregación (dúas parcelas) da parte rústica da finca nº 450 e agregala á finca nº 449, afectando as superficies totais das fincas nº 450 e 449 do plano de concentración parcelaria da parroquia de Oza, sitas en Agoso, segundo proxecto técnico redactado por Arturo M. Para García.
Expediente núm: **47/15**.

Superficie fincas iniciais:

-núm. 450:	11.570,00 m^2
-núm. 449:	710,00 m^2
	12.280,00 m^2

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 02.06.2015 (rex. entrada nº 4.014), redactado por Arturo M. Para García, respectando as aliñacións e condicións da ordenanza de Solo de núcleo rural tradicional N-1 e Solo rústico de protección agropecuaria R-2 correspondente ao Plan Xeral do Concello de Teo e de acordo coa lexislación vixente.
-As parcelas resultantes que indica o proxecto presentado son:

Finca 450:	1.894,00 m^2 (superficie neta: 1.685,15 m^2 en N-1)
Finca 449:	10.386,00 m^2 (superficie neta: 120,10 m^2 en N-1, 10.265,90 en R-2)

-Actualizará os datos catastrais das fincas resultantes.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 120,00 €.

2.2. A Dª. ADELAIDA CERVERA MOSQUERA, licenza para agrupación e segregación (dúas parcelas) das fincas núm. 398-1, 399 e 400 do plano de concentración parcelaria da parroquia de Raris, sitas en Casal de Reis, segundo proxecto técnico redactado por Juan Carlos Vilariño Santos.
Expediente núm: **48/15**.

Superficie fincas iniciais:

-núm. 398-1:	3.651,00 m^2
-núm. 399:	170,00 m^2
-núm. 400:	420,00 m^2
	4.241,00 m^2

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 22.06.2015 (rex. entrada nº 4.974), redactado por Juan Carlos Vilariño Santos, respectando as vías, aliñacións e condicións da ordenanza de Solo de expansión de núcleo rural tradicional N-1 correspondente ao Plan Xeral do Concello de Teo e de acordo coa lexislación vixente.
-As parcelas resultantes que indica o proxecto presentado son:

Finca 398-1, 399, 400:	1.836,00 m^2 (superficie neta: 1.800,00 m^2)
Finca 398-1 matriz:	2.405,00 m^2 (superficie neta: 2.356,00 m^2)

-Actualizará os datos catastrais das fincas resultantes.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 120,00 €.

2.3. A D. CARLOS LUIS TARRIO VIDUIDO, licenza para segregación (dúas parcelas) da finca nº 1074 do plano de concentración parcelaria da parroquia de Calo, segundo proxecto técnico redactado por Ramón Louzao Pérez.
Expediente núm: **49/15**.

Superficie finca matriz: 3.070,00 m^2

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 27.10.2015 (rex. entrada nº 8.511), redactado por Ramón Louzao Pérez, respectando as aliñacións e condicións da ordenanza de Solo de expansión de núcleo rural tradicional N-2 correspondente ao Plan Xeral do Concello de Teo e de acordo coa lexislación vixente.
-Respectaranse as vías públicas previstas no PXOM
-As parcelas resultantes que indica o proxecto presentado son:

Finca 1074:	1.567,00 m^2 (superficie neta: 1.477,00 m^2)
Finca 1074-B:	1.503,00 m^2 (superficie neta: 1.284,38 m^2 en N-2 E 103,53 en N-1)

-Actualizará os datos catastrais das fincas resultantes.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 120,00 €.

A) LICENZAS URBANÍSTICAS-PRÓRROGA.

2.4.- Dada conta do escrito asinado por **SANTIAGO ANTONIO PEMÁN PÉREZ**, en representación de **EL CUERVO DEL ULLA S.L.**, de data 08.10.2015, con rexistro de entrada no Concello núm. 8.075, no que solicita prórroga da licenza urbanística con expediente núm. 17/15, que lle concedera a Xunta de Goberno Local en sesión de data 10 de abril de 2015, para construción dunha edificación destinada a obrador de limpeza e envasado de vexetais, en Cepeda, 46-2, parroquia de Oza.

Visto o informe favorable emitido polo arquitecto técnico municipal en data 16 de outubro de 2015 e demais documentos obrantes no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)), acorda:

Primeiro.- Conceder a SANTIAGO ANTONIO PEMÁN PÉREZ, en representación de EL CUERVO DEL ULLA S.L, (**expte. P-6/2015**), a prórroga solicitada por un novo prazo non superior a seis meses, en base ao artigo 31 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Teo e o artigo 197 da Lei 9/2002, sobre ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, xunto coas posteriores modificacións coa Lei 15/2004, 2/2010, 8/2012 e 9/2013.

Segundo.- Que se notifique este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

B) LICENZAS URBANÍSTICAS-CORRECCIÓN DE ERRO.

2.5.- Escrito de **HÉCTOR MARTÍN FERNÁNDEZ ÁLVAREZ**, de data 08.10.2015, con rexistro de entrada no Concello núm. 8.259, no que solicita a corrección do erro apreciado en canto á orde dos apelidos do interesado na licenza de primeira ocupación, expediente O-442-08/2015, concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 7 de setembro de 2015, a Héctor Martín Álvarez Fernández, segundo figuraba na correspondente solicitude presentada o 17.07.2015 (rex. entrada nº 5563).

Considerando o disposto no artigo 105.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)), acorda:

Primeiro.- Rectificar o erro detectado no acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de setembro de 2015, de xeito que ***onde pon***: *"HÉCTOR MARTÍN ÁLVAREZ FERNÁNDEZ",*
Debe poñer: *"HÉCTOR MARTÍN FERNÁNDEZ ÁLVAREZ"*

Segundo.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo

3.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e quince minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde, A secretaria xeral,

Rafael C. Sisto Edreira Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ACTA 23/15

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 16 DE NOVEMBRO DE 2015 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 14:05 horas do día 16 de novembro de 2015, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente:
D. Rafael Carlos Sisto Edreira
Concelleiros/as:
Dª. Mª. Salome Beiroa Fernández
D. Xosé Ignacio Iglesias Villar
D. Jorge Juan Carballido Salgado
Dª. Uxía Lemus de la Iglesia

Non asiste, previa excusa:
Dª. Mª Pilar Pérez Fagil

Arquitecto: D. Ignacio Soto González
Secretaria acctal.: D.ª Mª Pilar Sueiro Castro, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1. **APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 03/11/2015**
2. **LICENZAS URBANÍSTICAS**
3. **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DO I.C.I.O. A D. ANDRÉS RUANOVA FRAGA**
4. **PROPOSTAS DA ALCALDÍA**
5. **ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 03/11/2015.

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 3 de novembro de 2015.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos incorporados aos mesmos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. A Dª. PATRICIA CASTELAO FERREIRO e D. ALBERTO PUGA DE JESÚS, licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar en Mouromorto, nº 70, parroquia de Calo (R.C.: 15083B508009990000SX), segundo proxecto redactado pola arquitecta Elena López Fernández.

Expediente núm: **50/15**.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado pola arquitecta Elena López Fernández: Proxecto básico e de execución de construción dunha vivenda unifamiliar illada, visado no Colexio Oficial de Arquitectos con datas 18.08.2015.

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31 do PXOM e 197 da LOUGA). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza.

-O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por un novo prazo non superior a seis meses, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.

- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos limiten o campo visual para contemplalas belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

b) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

c) Queda prohibida a publicidade estática que, polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: ORDENANZA N-2, NÚCLEO RURAL EXPANSIÓN
-Usos: VIVENDA UNIFAMILIAR
-Arquitecta directora das obras: Elena López Fernández.
-Arquitecto técnico director: Diego Bra Carro.
-Coordinador de seguridade e saúde: Diego Bra Carro.
-Presuposto: 97.492,35 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 1.949,85 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 60,00 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 2.129,85 euros.

2.2. A D. MARCOS IGLESIAS MARTÍNEZ, licenza para obras de demolición en vivenda unifamiliar existente e rehabilitación da mesma de planta baixa e primeira, en Chave, parroquia de Lucí (R.C.: 15083B502000500000SM) segundo proxecto redactado polo arquitecto Antonio Sabucedo Costa.
Expediente núm: **51/15**.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Antonio Sabucedo Costa: Proxecto básico e de execución refundido de traballos de demolición en vivenda unifamiliar existente e rehabilitación da mesma vivenda unifamiliar de planta baixa e primeira, visado no Colexio Oficial de Arquitectos con data 15.10.2015.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31 do PXOM e 197 da LOUGA). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza.

-O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por un novo prazo non superior a seis meses, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.

- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.

- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos limiten o campo visual para contemplalas belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

b) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

c) Queda prohibida a publicidade estática que, polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

Parámetros da obra permitidos:

-Clasificación do solo: ORDENANZA N-1, NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

-Usos: VIVENDA UNIFAMILIAR

-Arquitectos directores das obras: Antonio Sabucedo Costa.

-Arquitecto técnico director: Arturo Miguel Para García.

-Coordinador de seguridade e saúde: Arturo Miguel Para García.

-Presuposto: 70.000,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 1.400,00 €.

-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 618,01 €.

-. Cartel indicador: 120,00 €.

Total: 2.138,01 euros.

A) LICENZAS URBANÍSTICAS-TRÁMITE DE EXCEPCIONALIDADE

2.3.- Vista a documentación presentada por **D. MARCOS IGLESIAS MARTÍNEZ**, de data 10.08.2015 (rex. de entrada núm. 6.026) relativa á solicitude expresa do trámite de excepcionalidade regulado no anexo II do Decreto 29/2010, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia, en consonancia coa solicitude para demolición en vivenda unifamiliar existente e rehabilitación da mesma de planta baixa e primeira, en Chaves, parroquia de Lucí (R.C.: 15083B502000500000SM) acompañando aos efectos memoria redactada polo autor do proxecto Antonio Sabucedo Costa.

Visto o informe emitido polo arquitecto municipal en data 10 de novembro de 2015 que se transcribe parcialmente a continuación:

“”Con data 20.10.2015 (rex. entrada nº 8.803), D. Marcos Iglesias Martínez presenta solicitude de licenza para proxecto básico e de execución de obras de demolición en vivenda unifamiliar existente e rehabilitación da mesma vivenda de planta baixa e primeira redactado polo arquitecto Antonio Sabucedo Costa, en relación co expediente iniciado o 04.04.2013 (rex. entrada nº 2.602).

Con data 10.08.2015 (rex. entrada nº 6.026) presentase solicitude de trámite de excepcionalidade regulado no anexo II do Decreto 29/2010 acompañando ós efectos memoria redactada polo arquitecto autor do proxecto, Antonio Sabucedo Costa, visada o 05.08.2015, onde se realiza a xustificación da imposibilidade de cumprimento de certos aspectos (condicións) regulados polo presente anexo II, que neste caso nos remite ao apartado D, relativo ós criterios ou condicións determinantes da excepción (capítulo II.3 do meritado Anexo II (trámite de excepción):

Cando as condicións dos elementos que se van a conservar, por aplicación da normativa sectorial ou do planeamento municipal, fagan imposible o cumprimento das determinacións desta norma.

Que no presente caso poderanse exceptuar, tal e como aquí se establece, das seguintes determinacións os seguintes apartados:

Apartado I.B.3. ESPAZOS COMÚNS, afectando os seguintes puntos, a saber:

.-1.A.1.2 Condicións de iluminación.
.-1.A.2.4.1 Alturas libres mínimas.

Na memoria redactada polo arquitecto xustifícase de xeito razoado o incumprimento de certos aspectos incluídos nas condicións impostas polo Decreto e presentes nos apartados anteriormente mencionados e, que en resumen afectan as condicións de seguridade e accesibilidade, quedando perfectamente xustificada a intervención e o seu nivel de proporcionalidade sobre as condicións de seguridade.

1.2 **CONCLUSIONS**:

Con todo o anterior e coa memoria redactada polo arquitecto Antonio Sabucedo Costa, **infórmase de xeito favorable** a solicitude de excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade aquí afectadas e, todo elo de acordo co legalmente establecido ó respecto polo Decreto 29/2010 de Habitabilidade e, unha vez resolto o trámite de excepcionalidade por parte do Concello.

En virtude ó establecido polo artigo 17 Apartado 2 do Decreto 29/2010 de Habitabilidade e, unha vez resolto por parte do Concello a autorización de excepcionalidade, darase traslado do presente acordo no prazo máximo de seis meses á Dirección Xeral do IGVS.""

En virtude do exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)), acorda:

Primeiro.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, de 4 de marzo, de acordo co previsto no artigo 16 e no anexo II do citado Decreto, solicitada por **D. MARCOS IGLESIAS MARTÍNEZ**, para demolición en vivenda unifamiliar existente e rehabilitación da mesma de planta baixa e primeira, en Chaves, parroquia de Lucí (R.C.: 15083B502000500000SM), en base ao informe emitido polo arquitecto municipal en data 10 de novembro de 2015, anteriormente transcrito.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, xunto coa documentación á que se refire o artigo 17.2 do Decreto 29/2010, de 4 de marzo, no prazo máximo de seis meses.

Terceiro.- Notificar este acordo aos interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

B) LICENZAS URBANÍSTICAS-PRÓRROGA.

2.4.- Dada conta do escrito asinado por **Dª. NATALIA CARRIL REGUEIRO**, de data 22.10.2015, con rexistro de entrada no Concello núm. 8.437 do 23.10.2015, no que solicita prórroga de inicio da licenza urbanística con expediente núm. 21/15, que lle concedera a Xunta de Goberno Local en sesión de data 4 de maio de 2015, para construción dunha vivenda unifamiliar illada, en Lucí, nº 26-1, parroquia de Lucí.

Visto o informe favorable emitido polo arquitecto técnico municipal en data 6 de novembro de 2015 e demais documentos obrantes no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)), acorda:

Primeiro.- Conceder a NATALIA CARRIL REGUEIRO (**expte. P-7/2015**), a prórroga solicitada por un novo prazo non superior a seis meses, en base ao artigo 31 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Teo e o artigo 197 da Lei 9/2002, sobre ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, xunto coas posteriores modificacións coa Lei 15/2004, 2/2010, 8/2012 e 9/2013.

Segundo.- Que se notifique este acordo á interesada para o seu coñecemento e efectos.

C) LICENZAS URBANÍSTICAS-CORRECCIÓN LIQUIDACIÓN LICENZA.

2.5.- Vista a licenza urbanística concedida pola Xunta de Goberno Local, na sesión de 7 de setembro de 2015, a D. Ignacio Rodríguez Pelaez, en representación de GENERACIÓN PADEL S.L., para construción dunha edificación para usos deportivos, a emprazar na rúa Ameneiro, núms. 10-12-14, Os Tilos, segundo proxecto redactado polo arquitecto Francisco Javier Amenedo Ansede. **(**expediente nº 38/15).

Vista a liquidación tributaria do ICIO practicada en base ao presuposto de 62.400 €, recollido no proxecto de execución presentado o 5 de agosto de 2015 (rex. entrada nº 5.951), visado o 30 de xullo de 2015.

Visto o escrito de 18 de setembro de 2015, presentado por Francisco Javier Amenedo Ansede, arquitecto redactor do proxecto (rex. entrada nº 7525 do 21/09/2015), no que informa que o presuposto de execución material ascende á cantidade de 353.200 euros, tal e como se desprende do proxecto citado, e non á cantidade de 62.400 euros, tida en conta para practicar a liquidación do ICIO.

Considerando o disposto no artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)), acorda:

Primeiro.- Rectificar o erro detectado no acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de setembro de 2015, e consecuentemente onde se fai referencia a un presuposto de 62.400,00 € debe recollerse un

presuposto de 353.200 €, e onde se fai referencia a aprobación da liquidación do ICIO por 1.248,00 €, debe recollerse 7.064,0 €, segundo se recolle a continuación.

Texto orixinal:

"-Presuposto: 62.400,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 1.248,00 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 3.196,33 €.

-. Cartel indicador: 120,00 €."

Texto corrixido:

"-Presuposto: 353.200,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 7.064,00 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 3.196,33 €.

-. Cartel indicador: 120,00 €."

Segundo.- Practicar unha nova liquidación axustada ao exposto, que substitúe á realizada no seu día, que foi notificada ao interesado o 15 de setembro de 2015 (rex. de saída nº 3008), sendo recibida por este o 17 de setembro de 2015.

Terceiro.- Dar traslado do presente ao departamento de intervención, para o seu coñecemento e efectos oportunos, e ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DO I.C.I.O. A D. ANDRÉS RUANOVA FRAGA

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía do 9 de novembro de 2015 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a instancia presentada por D Andrés Ruanova Fraga en data 13/01/2015 con nº RE 230 pola cal solicita a devolución do importe ingresado en concepto do taxas urbanisticas correspondente ao expediente de licenza nº94/11 para a construccion de duas naves para almacen de madeira na parroquia de Luou.
Visto o informe emitido polo arquitecto técnico municipal de data 18/09/2015 segundo o cal, a obras de referencia efectivamente, non están executadas.

Considerando que no escrito de petición se renuncia á realización de dita obra.

Visto o informe de Intervención emitido ao respecto en data 09/11/2015 ..segundo o cal, procedería estimar en parte a solicitude prantexada polo interesado e proceder á devolución do importe aboado polo ICIO da nave B por importe de 1.722€.

Considerando o disposto no artigo 221.1 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, así como nos artigos 15 e ss. do Real Decreto 520/2005, de 13 de maio,

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:
***Primeiro**.- Estimar en parte a solicitude presentada por D.Andrés Ruanova Fraga en data 13/01/2015 con nº RE230, e recoñecerlle o dereito á devolución do ICIO correspondente ao expediente de licenza nº94/11 por importe de 1.722€ correspondente á construcción da nave B, considerando que o interesado renuncia á realización de dita obra.*
***Segundo**.- Notificar o presente acordo ao interesado, contra o cal poderá interpor o recurso de reposición a que fai referencia o artigo 21 do RD 520/2005, de 13 de maio.*
***Terceiro**.- Dar conta do presente acordo aos servizos económicos e urbanísticos aos efectos oportunos."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)), acorda:

Primeiro.- Estimar en parte a solicitude presentada por D. Andrés Ruanova Fraga en data 13/01/2015 con nº RE230, e recoñecerlle o dereito á devolución do ICIO correspondente ao expediente de licenza nº94/11 por importe de 1.722€ correspondente á construcción da nave B, considerando que o interesado renuncia á realización de dita obra.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao interesado, contra o cal poderá interpor o recurso de reposición a que fai referencia o artigo 21 do RD 520/2005, de 13 de maio.

Terceiro.- Dar conta do presente acordo aos servizos económicos e urbanísticos aos efectos oportunos.

4.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e vinte minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde, A secretaria accxtal.,

Rafael C. Sisto Edreira Mª Pilar Sueiro Castro

ACTA 24/15

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

-7 DE DECEMBRO DE 2015 –

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 14:05 horas do día 7 de decembro de 2015, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente:
D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:
Dª. Mª. Salome Beiroa Fernández
Dª. Uxía Lemus de la Iglesia
D. Xosé Ignacio Iglesias Villar
Dª. Mª Pilar Pérez Fagil
D. Jorge Juan Carballido Salgado

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1. **APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 16/11/2015**
2. **LICENZAS URBANÍSTICAS**
3. **AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓNS DE DOMINIO PÚBLICO**
4. **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE FIANZA A D. ENRIQUE RAVIÑA RUBIRA**
5. **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE ICIO A Dª DOLORES MARTÍNEZ ATÁN**
6. **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE ICIO A D. FÉLIZ MATEO LATA**
7. **LICENZA DE VENDA AMBULANTE A D. RAMÓN ABASCAL URIARTE**
8. **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE IMPOSICIÓN DE PENALIDADES Á EMPRESA ZONAS VERDES ANIBAL SOTO, S.L.**
9. **PROPOSTAS DA ALCALDÍA**
10. **ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 16/11/2015.

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 16 de novembro de 2015.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. A D. JOSÉ CASTRO CELA, licenza para segregación (dúas parcelas) da finca nº 401 do plano de concentración parcelaria de Cacheiras, sitas en A Ribeira, segundo proxecto técnico redactado por Jorge J. Deán Fernández.

Expediente núm: **52/15**.

Superficie finca matriz: 10.070,00 m^2

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 18.05.2015 (rex. entrada nº 3.361), redactado por Jorge J. Deán Fernández, separando a zona rústica do resto da finca.

-As parcelas resultantes que indica o proxecto presentado son:

-Finca matriz (401): 7.485,00 m^2
-Finca B (rústica): 2.585,00 m^2

-Actualizará os datos catastrais das fincas resultantes.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 120,00 €.

3. AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓNS DE DOMINIO PÚBLICO.

3.1. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A. (rex. entrada nº 7.170 do 14/09/2015).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 2 de decembro de 2015 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por D. José Antonio Fernández Amado, en representación de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A., de 14 de setembro de 2015 (res. entrada nº 7.170), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para poder levar a cabo a apertura dunha zanxa para subministro eléctrico a unha vivenda en "Bandonelle", Polígono 508, Parcela 3055 (S/R: UD218315040111).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 9.767, de 26/11/2015).

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da alcaldía de 15 de xuño de 2015 (nº 463/15), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a D. José Antonio Fernández Amado, en representación de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A., licenza para a ocupación do dominio público para poder levar a cabo a apertura dunha zanxa para subministro eléctrico a unha vivenda en "Bandonelle", Polígono 508, Parcela 3055 (S/R: UD218315040111), de acordo co solicitado con data de 14 de setembro de 2015 (rex. entrada nº 7.170).*

Segundo.- *Liquidar a taxa por ocupación do dominio público de conformidade co establecido na correspondente ordenanza fiscal.*

Terceiro.- *Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes, e dar traslado ao departamento de intervención para o seu coñecemento e efectos oportunos."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a D. José Antonio Fernández Amado, en representación de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A., licenza para a ocupación de dominio público para levar a cabo a apertura dunha zanxa para subministro eléctrico a unha vivenda en "Bandonelle", Polígono 508, Parcela 3055 (S/R: UD218315040111), de acordo co solicitado con data de 14 de setembro de 2015 (rex. entrada nº 7.170).

Segundo.- Liquidar a taxa por ocupación do dominio público de conformidade co establecido na correspondente ordenanza fiscal.

Terceiro.- Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes, e dar traslado ao departamento de intervención para o seu coñecemento e efectos oportunos.

3.2. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A. (rex. entrada nº 7.276 do 15/09/2015).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 2 de decembro de 2015 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por D. José Antonio Fernández Amado, en representación de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A., de 15 de setembro de 2015 (res. entrada nº 7.276), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para poder levar a cabo a apertura dunha zanxa de 12 mts., para subministro eléctrico a unha vivenda en "Gandaron" (S/R: UD218315060139).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 9.762, de 26/11/2015).

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da alcaldía de 15 de xuño de 2015 (nº 463/15), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a D. José Antonio Fernández Amado, en representación de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A., licenza para a ocupación do dominio público para poder levar a cabo a apertura dunha zanxa de 12 mts., para subministro eléctrico a unha vivenda en "Gandaron" (S/R: UD218315060139), de acordo co solicitado con data de 15 de setembro de 2015 (rex. entrada nº 7.276).*

Segundo.- *Liquidar a taxa por ocupación do dominio público de conformidade co establecido na correspondente ordenanza fiscal.*

Terceiro.- *Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes, e dar traslado ao departamento de intervención para o seu coñecemento e efectos oportunos."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a D. José Antonio Fernández Amado, en representación de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A., licenza para a ocupación de dominio público para apertura dunha zanxa de 12 mts., para subministro eléctrico a unha vivenda en "Gandaron" (S/R: UD218315060139), de acordo co solicitado con data de 15 de setembro de 2015 (rex. entrada nº 7.276).

Segundo.- Liquidar a taxa por ocupación do dominio público de conformidade co establecido na correspondente ordenanza fiscal.

Terceiro.- Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes, e dar traslado ao departamento de intervención para o seu coñecemento e efectos oportunos.

3.3. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A. (rex. entrada nº 8.345 do 21/10/2015).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 2 de decembro de 2015 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por D. José Antonio Fernández Amado, en representación de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A., de 21 de outubro de 2015 (res. entrada nº 8.345), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para poder levar a cabo as obras de reforzo dunha liña de baixa tensión aérea, a substitución dun apoio de baixa tensión e apertura dunha zanxa de 23 mts., para subministro eléctrico a unha vivenda en "Eiravella, 11" (S/R: UD218315070051).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 9.763, de 26/11/2015).

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da alcaldía de 15 de xuño de 2015 (nº 463/15), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a D. José Antonio Fernández Amado, en representación de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A., licenza para a ocupación do dominio público para poder levar a cabo as obras de reforzo dunha liña de baixa tensión aérea, a substitución dun apoio de baixa tensión e apertura dunha zanxa de 23 mts., para subministro eléctrico a unha vivenda en "Eiravella, 11" (S/R: UD218315070051), de acordo co solicitado con data de 21 de outubro de 2015 (rex. entrada nº 8.345).*

Segundo.- *Liquidar a taxa por ocupación do dominio público de conformidade co establecido na correspondente ordenanza fiscal.*

Terceiro.- *Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes, e dar traslado ao departamento de intervención para o seu coñecemento e efectos oportunos."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a D. José Antonio Fernández Amado, en representación de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A., licenza para a ocupación de dominio público para levar a cabo as obras de reforzo dunha liña de baixa tensión aérea, a substitución dun apoio de baixa tensión e apertura dunha zanxa de 23 mts., para subministro eléctrico a unha vivenda en "Eiravella, 11"

(S/R: UD218315070051), de acordo co solicitado con data de 21 de outubro de 2015 (rex. entrada nº 8.345).

<u>Segundo</u>.- Liquidar a taxa por ocupación do dominio público de conformidade co establecido na correspondente ordenanza fiscal.

<u>Terceiro</u>.- Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes, e dar traslado ao departamento de intervención para o seu coñecemento e efectos oportunos.

3.4. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A GAS GALICIA (rex. entrada nº 8.551 do 27/10/2015).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 2 de decembro de 2015 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por D. Francisco Javier de Celis Sánchez, en representación de GAS GALICIA, de 27 de outubro de 2015 (res. entrada nº 8.551), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para poder levar a cabo as obras de construción dunha acometida directa sobre canalización existente, na rúa Castiñeiro, 20, Os Tilos, para subministro de gas natural canalizado a unha vivenda.

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización de gas son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes de gas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 9.176, de 12/11/2015).

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da alcaldía de 15 de xuño de 2015 (nº 463/15), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Outorgar a D. Francisco Javier de Celis Sánchez, en representación de GAS GALICIA, licenza para a ocupación do dominio público para poder levar a cabo as obras de construción dunha acometida directa sobre canalización existente, na rúa Castiñeiro, 20, Os Tilos, para subministro de gas natural canalizado a unha vivenda, de acordo co solicitado con data de 27 de outubro de 2015 (rex. entrada nº 8.551).

Segundo.- Liquidar a taxa por ocupación do dominio público de conformidade co establecido na correspondente ordenanza fiscal.

Terceiro.- Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes, e dar traslado ao departamento de intervención para o seu coñecemento e efectos oportunos.*''*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a D. Francisco Javier de Celis Sánchez, en representación de GAS GALICIA, licenza para a ocupación de dominio público para levar a cabo as obras de construción dunha acometida directa sobre canalización existente, na rúa Castiñeiro, 20, Os Tilos, para subministro de gas natural canalizado a unha vivenda, de acordo co solicitado con data de 27 de outubro de 2015 (rex. entrada nº 8.551).

Segundo.- Liquidar a taxa por ocupación do dominio público de conformidade co establecido na correspondente ordenanza fiscal.

Terceiro.- Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes, e dar traslado ao departamento de intervención para o seu coñecemento e efectos oportunos.

4. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE FIANZA A D. ENRIQUE RAVIÑA RUBIRA.

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 16 de novembro de 2015 que se recolle a continuación:

"***PROPOSTA DE ALCALDÍA***

Vista a instancia presentada en data 05/11/2015 por D. Enrique Raviña Rubira, de devolución de garantía das obras de canalización soterrada de augas para as fincas 109-111 da Travesía de Cacheiras.

Visto o informe do técnico municipal, de data 16/11/2015, segundo o cal as obras se atopan en correcto estado.

Visto o informe da intervención municipal, emitido en data 16/11/2015, favorable á devolución,

***PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos::*

***Primeiro**.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por D. Enrique Raviña Rubira correspondente ás obras de canalización soterrada de augas para as fincas 109-111 da Travesía de Cacheiras, por importe de **200,00 €,** devolvéndoselle a citada fianza ó interesado.*

***Segundo**.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.".*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)), acorda:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por D. Enrique Raviña Rubira correspondente ás obras de canalización soterrada de augas para as fincas 109-111 da Travesía de Cacheiras, por importe de 200,00 €, devolvéndoselle a citada fianza ó interesado.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

5. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE ICIO A Dª DOLORES MARTÍNEZ ATÁN.

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 23 de novembro de 2015 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a instancia presentada por Dª Dolores Martínez Atán en data 16/11/2015 con nº RE 9317 pola cal solicita a devolución parcial do ingresado en concepto de taxas do expediente de comunicación previa para a construcción dunha piscina ,para a cal aboara o importe de 212,47, cando debería ingresar 165,89€.
Visto o informe de Intervención emitido ao respecto en data 23/11/2015 .segundo o cal, procedería estimar a petición xa que se comproba que a interesada aboou 212,47 euros e se consultou cos servizos técnicos municipais, quenes confirmaron que a cuantia a pagar era de 165,89€, procedendo a devolución de 46,58€.
Considerando o disposto no artigo 221.1 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, así como nos arigos 15 e ss. do Real Decreto 520/2005, de 13 de maio,

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

***Primeiro.-** Estimar a solicitude presentada por Dª Dolores Martínez Atán en data 16/11/2015 con nº RE9317, e recoñecerlle o dereito á devolución do exceso do ICIO aboado correspondente ao expediente de comunicación previa para a construcción dunha piscina por importe de 46,58€.*
***Segundo**- Dar conta do presente acordo á interesada, contra o cal poderá interpor o recurso de reposición a que fai referencia o artigo 21 do RD 520/2005, de 13 de maio.*
***Terceiro.-**Dar conta do presente acordo aos servizos económicos e urbanísticos aos efectos oportunos.".*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)), acorda:

Primeiro.-Estimar a solicitude presentada por Dª Dolores Martínez Atán en data 16/11/2015 con nº RE9317, e recoñecerlle o dereito á devolución do exceso do ICIO aboado correspondente ao expediente de comunicación previa para a construcción dunha piscina por importe de 46,58€.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á interesada, contra o cal poderá interpor o recurso de reposición a que fai referencia o artigo 21 do RD 520/2005, de 13 de maio.

Terceiro.- Dar conta do presente acordo aos servizos económicos e urbanísticos aos efectos oportunos.

6. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE ICIO A D. FÉLIZ MATEO LATA.

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 23 de novembro de 2015 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a instancia presentada por D Félix Mateo Lata en data 10/11/2015 con nº RE 9106 pola cal solicitan devolución do importe ingresado en concepto de taxas do expediente de licenza cpo 178/2015 xa que na comunicación previa aboara 170€ cando debería ter aboado 90€
Visto o informe de Intervención emitido ao respecto en data 23/11/2015. segundo o cal, procedería estimar a petición xa que se comproba que o interesado aboou 170 euros e se consultou cos servizos técnicos municipais, quenes confirmaron que a cuantia a pagar era de 90€, procedendo a devolución de 80€.
Considerando o disposto no artigo 221.1 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, así como nos arigos 15 e ss. do Real Decreto 520/2005, de 13 de maio,

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

***Primeiro.**-Estimar a solicitude presentada por D. Felix Mateo Lata en data 10/11/2015 con nº RE9106, e recoñecerlle o dereito á devolución do exceso do ICIO aboado correspondente ao expediente de licenza nº178/2015 por importe 80€.*
***Segundo.**- Dar conta do presente acordo ao interesado, contra o cal poderá interpor o recurso de reposición a que fai referencia o artigo 21 do RD 520/2005, de 13 de maio.*
***Terceiro.-**Dar conta do presente acordo aos servizos económicos e urbanísticos aos efectos oportunos*.".

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)), acorda:

Primeiro.- Estimar a solicitude presentada por D. Felix Mateo Lata en data 10/11/2015 con nº RE9106, e recoñecerlle o dereito á devolución do exceso do ICIO aboado correspondente ao expediente de licenza nº178/2015 por importe 80€.

<u>Segundo.</u>- Dar conta do presente acordo ao interesado, contra o cal poderá interpor o recurso de reposición a que fai referencia o artigo 21 do RD 520/2005, de 13 de maio.

<u>Terceiro</u>.- Dar conta do presente acordo aos servizos económicos e urbanísticos aos efectos oportunos.

7. LICENZA DE VENDA AMBULANTE A D. RAMÓN ABASCAL URIARTE.

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da solicitude presentada por D. Ramón Abascal Uriarte o 13 de outubro de 2015 (rexistro de entrada núm. 8138), no que expón que ten unha empresa que se dedica á venda directa de cítricos e solicita que se lle permita a colocación dunha caseta para ese fin na finca 96 do Polígono 60 de Montouto.

Considerando que á vista de que a documentación que presenta o interesado, xunto coa solicitude, se corresponde coa necesaria para unha licenza de venda ambulante, porén, como se desprende do seu escrito, o que se pretende é a *"colocación dunha caseta*".

Vista a documentación presentada polo interesado, e co obxecto de tramitar, no seu caso, o procedemento que corresponda, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, e por delegación da alcaldía, acorda requirirlle para que, de acordo co previsto no artigo 71 da Lei 30/92, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, en relación co artigo 70 do citado texto legal, clarifique a petición na que se concreta a súa solicitude.

A subsanación solicitada deberá presentala nun prazo máximo de dez días, a contar dende o seguinte ao da recepción da notificación do presente.

Transcorrido o citado prazo sen que dea cumprimento ao presente, entenderase desistido da súa petición, que será arquivada sen máis trámites cos efectos previstos no art. 42 da Lei de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, de conformidade co artigo 71 da citada Lei.

8. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE IMPOSICIÓN DE PENALIDADES Á EMPRESA ZONAS VERDES ANIBAL SOTO, S.L..

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 3 de decembro de 2015 que se recolle a continuación:

" <u>PROPOSTA DA ALCALDÍA</u>

Visto o informe emitido o 20/11/2015, polo encargado de servizos básicos e responsable do contrato de CONSERVACIÓN, MANTEMENTO E MELLORA DAS ZONAS VERDES E AXARDINADAS DO CONCELLO DE TEO, en relación co cumprimento defectuoso da prestación do servizo obxecto do contrato adxudicado á empresa ZONAS VERDES ANIBAL SOTO, S.L., CIF B-15683584, con domicilio social en Neda, rúa Mourela Baja, nº 134, CP 15510, no que pon de manifesto que, a pesar dos requirimentos feitos ao contratista no pasado mes de maio, previo expediente de imposición de penalidades, a empresa segue incumprindo as obrigas derivadas do contrato e propón que se tomen as medidas oportunas, en base ao

estipulado na cláusula 9 do prego de condicións técnicas.
Considerando que por acordo de Xunta de Goberno Local de data 18/05/2015, xa se impuxeron penalidades a empresa adxudicataria do servizo, polo que é reincidente nos incumprimentos das obrigas derivadas do contrato.
Considerando que, de conformidade co establecido na disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, en relación co Decreto da alcaldía de 15/06/2015 (res. 463/15), a competencia para a adopción deste acordo correspóndelle á Xunta de Goberno Local, por delegación da alcaldía.
Á vista do exposto, e de acordo co establecido no artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Iniciar o procedemento para acordar, se procede, a imposición de penalidades, por cumprimento defectuoso das obrigas derivadas do contrato, de xeito reiterado, á empresa ZONAS VERDES ANIBAL SOTO, S.L., CIF B-15683584, adxudicataria do servizo de CONSERVACIÓN, MANTEMENTO E MELLORA DAS ZONAS VERDES E AXARDINADAS DO CONCELLO DE TEO.*
Segundo*.- Dar audiencia ao contratista ZONAS VERDES ANIBAL SOTO, S.L., CIF B-15683584 e á entidade avalista ABANCA, por un prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte ao da notificación deste acordo, aos efectos de que poidan presentar as alegacións e documentos que estime oportunos.*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)), acorda:

Primeiro.- Iniciar o procedemento para acordar, se procede, a imposición de penalidades, por cumprimento defectuoso das obrigas derivadas do contrato, de xeito reiterado, á empresa ZONAS VERDES ANIBAL SOTO, S.L., CIF B-15683584, adxudicataria do servizo de CONSERVACIÓN, MANTEMENTO E MELLORA DAS ZONAS VERDES E AXARDINADAS DO CONCELLO DE TEO.

Segundo.- Dar audiencia ao contratista ZONAS VERDES ANIBAL SOTO, S.L., CIF B-15683584 e á entidade avalista ABANCA, por un prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte ao da notificación deste acordo, aos efectos de que poidan presentar as alegacións e documentos que estime oportunos.

9. PROPOSTAS DA ALCALDÍA.
Entrados neste punto non se presenta ningunha.

10. ROGOS E PREGUNTAS.
Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e vinte e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde, A secretaria xeral,

Rafael C. Sisto Edreira Virginia Fraga Díaz

ACTA 25/15

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

-21 DE DECEMBRO DE 2015 –

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 13:05 horas do día 21 de decembro de 2015, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente:
D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:
Dª. Mª. Salome Beiroa Fernández
Dª. Uxía Lemus de la Iglesia
D. Xosé Ignacio Iglesias Villar
Dª. Mª Pilar Pérez Fagil
D. Jorge Juan Carballido Salgado

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.
Arquitecto: D. Ignacio Soto González

ORDE DO DÍA:

1. **APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 07/12/15**
2. **LICENZAS URBANÍSTICAS**
3. **AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓNS DE DOMINIO PÚBLICO**
4. **PROPOSTAS DA ALCALDÍA**
5. **ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 07/12/2015.
O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 7 de decembro de 2015.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. A Dª. TAMARA GÓMEZ RIAL e D. MANUEL ÁNGEL ABUÍN BOULLÓN, licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar en Casal de Reis, nº 41, parroquia de Raris (R.C.: 15083B510006320000SF), segundo proxecto redactado polo arquitecto J. Emilio Piña Ordiz.
Expediente núm: **53/15**.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto J. Emilio Piña Ordiz: Proxecto básico e de execución de vivenda unifamiliar, visado no Colexio Oficial de Arquitectos con datas 28.08.2015 e 23.09.2015.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31 do PXOM e 197 da LOUGA). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza.
-O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por un novo prazo non superior a seis meses, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e

número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos limiten o campo visual para contemplalas belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

b) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

c) Queda prohibida a publicidade estática que, polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: ORDENANZA N-1, NÚCLEO RURAL TRADICIONAL
-Usos: VIVENDA UNIFAMILIAR
-Arquitecto director das obras: J. Emilio Piña Ordiz
-Arquitecto técnico director: Francisco Antonio Fragoso Pena
-Coordinador de seguridade e saúde: Francisco Antonio Fragoso Pena
-Presuposto: 154.500,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 3.090,00 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 358,32 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 3.568,32 euros.

2.2. A D. JUAN CARLOS TOJO FERNÁNDEZ, en representación de **TOJO FERNÁNDEZ Y LORENZO GARCÍA S.L.,** licenza para obras de acondicionamento de construción existente para edificación de apoio a explotación agrícola, en Casanova, parroquia de Reis, segundo proxecto presentado –Proyecto básico y de ejecución de acondicionamiento de construcción existente para edificación de apoyo a explotación agrícola-, redactado polo arquitecto Jesús M. Carrillo Pena (expediente de Reposición da legalidade urbanística nº Rep 7/2014 incoado mediante Resolución da Alcaldía de data 6 de maio de 2014 (res 292/14)).
Expediente núm: **54/15**.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A execución das obras axustarase estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Jesús M. Carrillo Pena, presentado o 21 de novembro de 2014 (rex. entrada nº 10.623), visado no Colexio correspondente con data 14 de novembro de 2014 e demais documentación presentada en datas 20 de febreiro, 8 de maio e 14 de xullo de 2015, con datas de visado, respectivamente, 18 de febreiro, 5 de maio e 13 de xullo de 2015.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
-Tendo en conta a complexidade, a magnitude, as características e o tipo de obras que se deben executar, co obxecto de repoñer a legalidade urbanística, establécese un prazo máximo para a execución das obras de TRES MES, a contar dende o día seguinte ao da recepción do acordo de concesión de licenza polo interesado, debendo comunicar ao concello a data de iniciación das obras.
- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos limiten o campo visual para contemplalas belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

b) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

c) Queda prohibida a publicidade estática que, polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

-Clasificación do solo: ORDENANZA R-3, SOLO RÚSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN FORESTAL
-Arquitecto director das obras: Jesús M. Carrillo Pena
-Arquitecto técnico director: Juan Antonio Pombo Couselo
-Coordinador de seguridade e saúde: Juan Antonio Pombo Couselo
-Presuposto: 42.000,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 840,00 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 63,00 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 1.023,00 euros.

3. AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓNS DE DOMINIO PÚBLICO.
3.1. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A. (rex. entrada nº 8.622 do 29/10/2015).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 15 de decembro de 2015 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por D. José Antonio Fernández Amado, en representación de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A., de 29 de outubro de 2015 (res. entrada nº 8.622), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para poder levar a cabo as obras de apertura dunha gabia de 7 mts., para subministro eléctrico a unha vivenda na rúa da Eiravella, 23 (S/R: UD218315020104).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 10.024, de 04/12/2015).

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da alcaldía de 15 de xuño de 2015 (nº 463/15), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

***Primeiro.-** Outorgar a D. José Antonio Fernández Amado, en representación de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A., licenza para a ocupación do dominio público para poder levar a cabo as obras de apertura dunha gabia de 7 mts., para subministro eléctrico a unha vivenda na rúa da Eiravella, 23 (S/R: UD218315020104), de acordo co solicitado con data de 29 de outubro de 2015 (rex. entrada nº 8.622).*

Segundo.- *Liquidar a taxa por ocupación do dominio público de conformidade co establecido na correspondente ordenanza fiscal.*

Terceiro.- *Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes, e dar traslado ao departamento de intervención para o seu coñecemento e efectos oportunos."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a D. José Antonio Fernández Amado, en representación de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A., licenza para a ocupación de dominio público para levar a cabo as obras de apertura dunha gabia de 7 mts., para subministro eléctrico a unha vivenda na rúa da Eiravella, 23 (S/R: UD218315020104), de acordo co solicitado con data de 29 de outubro de 2015 (rex. entrada nº 8.622).

Segundo.- Liquidar a taxa por ocupación do dominio público de conformidade co establecido na correspondente ordenanza fiscal.

Terceiro.- Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes, e dar traslado ao departamento de intervención para o seu coñecemento e efectos oportunos.

3.2. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A R, CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA S.A. (rex. entrada nº 9.475 do 17/11/2015).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 15 de decembro de 2015 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por D. Julio Sánchez Agrelo, en representación de R, Cable y Telecomunicaciones Galicia S.A., de 17 de novembro de 2015 (rex. entrada nº 9.475), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para levar a cabo obras de apertura dunha gabia de 5 mts., cunha anchura media de 0,3 mts. e unha profundidade media de 0,45 mts., a fin de dar servizo de telecomunicacións por cable, en Travesía de Cacheiras, nº 21.

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de telecomunicacións son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes de telecomunicacións supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 10.207, de 14/12/2015).

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da alcaldía de 15 de xuño de 2015 (nº 463/15), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a D. Julio Sánchez Agrelo, en representación de R, Cable y Telecomunicaciones Galicia S.A., licenza para a ocupación do dominio público para levar a cabo obras de apertura dunha gabia de 5 mts., cunha anchura media de 0,3 mts. e unha profundidade media de 0,45 mts., a fin de dar servizo de telecomunicacións por cable, en Travesía de Cacheiras, nº 21, de acordo co solicitado con data de 17 de novembro de 2015 (rex. entrada nº 9.475).*

Segundo.- *Liquidar a taxa por ocupación do dominio público de conformidade co establecido na correspondente ordenanza fiscal.*

Terceiro.- *Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes, e dar traslado ao departamento de intervención para o seu coñecemento e efectos oportunos."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decreto de 15/06/2015 (nº 463/15)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Julio Sánchez Agrelo, en representación de R, Cable y Telecomunicaciones Galicia S.A., licenza para a ocupación de dominio público para levar a cabo obras de apertura dunha gabia de 5 mts., cunha anchura media de 0,3 mts. e unha profundidade media de 0,45 mts., a fin de dar servizo de telecomunicacións por cable, en Travesía de Cacheiras, nº 21, de acordo co solicitado con data de 17 de novembro de 2015 (rex. entrada nº 9.475).

Segundo.- Liquidar a taxa por ocupación do dominio público de conformidade co establecido na correspondente ordenanza fiscal.

Terceiro.- Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes, e dar traslado ao departamento de intervención para o seu coñecemento e efectos oportunos.

4. PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

5. ROGOS E PREGUNTAS.
Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e quince minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde, A secretaria xeral,

Rafael C. Sisto Edreira Virginia Fraga Díaz